



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE

A. OBXECTIVOS, MEDIDAS E RECURSOS.....	3
A.1. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	3
A.2. PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	12
A.3. SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	23
A.4. TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	41
A.5. CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	64
A.6. QUINTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	87
A.7. SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	104
C. MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.....	122
D. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE	123
D.1. AULAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDIÇÃO E LINGUAXE.....	123
E. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	126
F. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	128
F.1. CONSELLO ESCOLAR.....	128
F.2. CLAUSTRO DE PROFESORES: ADSCRICIÓN.....	129
G. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	131
H. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....	132
I. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS.....	134
J. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.....	135
K. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	136
K.1. EQUIPOS DE CICLO:.....	136
K.2. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.....	137
K.3. DINAMIZACIÓN DAS TIC.....	139
K.4. PLAN DIXITAL.....	146
K.5. VOZ NATURA.....	147
K.6. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA C.C.P.....	151
K.7. CALENDARIO DE REUNIÓN.....	152
L. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DE FORMACIÓN.....	154
L.1. RECUPÉRA-T.....	154
L.2. CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE.....	155
L.3. CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA.....	157
L.4. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	159
M. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	159
N. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	161
Ñ. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN, MODIFICACIÓN E OBSERVACIÓN DE QUE SEGUE VIXENTE.....	162
O. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	163
P. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.....	164
Q. REGULAMENTO E ORGANIZACIÓN DO COMEDOR.....	164
R. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN DO CENTRO.....	168
S. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	170
T. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	172
U. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA.....	172
V. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	187
W. CONCRECIÓN ANUAL DOS PLANS DE IGUALDADE, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DE CONVIVENCIA.....	188
W.1. PLAN DE IGUALDADE.....	188
W.2. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	190
W.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	200
X. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	202
Y. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓN EXTERNAS.....	202

PROGRAMACIÓN XERAL 2023-2024 CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE

Preséntase a PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL (PXA) para o C.E.I.P. Manuel Rodríguez Sinde, coa finalidade de garantir o desenvolvemento coordinado da acción educativa e responder á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a comunidade educativa.

A. OBXECTIVOS, MEDIDAS E RECURSOS

A.1. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

OBXECTIVOS

- 1.- Coñecer o seu propio corpo e dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respetar as diferenzas.
- 2.- Observar e explorar o contorno familiar, natural e social percibindo e asimilando as principais características
- 3.- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- 4.- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- 5.- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- 6.- Desenvolver habilidades comunicativas nas diferentes linguaxes e formas de expresión.
- 7.- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura, no movemento no xesto e no ritmo.
- 8.- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes
- 9.- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

A liña metodolóxica a seguir vai dirixida a 34 alumn@s repartidos do seguinte xeito : 15 en 4º , 7 en 5º e 12 nen@s en 6º curso do 2º ciclo de Educación Infantil. Destaca o **papel activo do alumno** no proceso de ensinanza aprendizaxe, contando co mestr@ como mediador entre o neno e o medio. Así pois como mestres:

- Intentarase proporcionar ao alumno o maior número de oportunidades para que descubra as súas posibilidades e poida pór en práctica os seus coñecementos.
- Na aula, crearase un un clima de seguridade e confianza, favorecendo tanto o traballo individual coma o grupal. O material estará ao seu alcance, favorecendo así o desenvolvemento da súa autonomía.

- Partirase do coñecemento dos nen@s, seguindo unha metodoloxía por descubrimento, lúdica e globalizadora...pretendendo así lograr unha aprendizaxe verdadeiramente significativa e constructiva por parte do nen@.
- Teranse en conta diversos factores como: a idade, o momento da súa maduración psicoevolutiva, o contorno, a interacción familia-escola
- Proporanse distintos tipos de actividades procurando que nalgunha delas se poidan implicar as familias.
- Procurar coordinarse cos especialistas para adecuar o maior número de actividades aos contidos dos proxectos que se estén a traballar na aula.

Seguiremos unha metodoloxía baseada no traballo por **proxectos**, pois ademáis de que é a que consideramos máis adecuada a nivel psicolóxico e pedagóxico, este modelo de educación trae consigo unha serie de implicacións positivas, como son : vai encamiñando aos nenos cara as competencias básicas; potencia o papel do mestre como mediador na aprendizaxe,e fomenta o modelo de "aprender a aprender", Paralelamente ao desenvolvemento dos proxectos de traballo ou das unidades didácticas especificados nas programacións de aula, traballaremos outras actividades a nivel de aula que se propoñan a nivel de Centro dende os distintos equipos de dinamización, e as citadas no calendario escolar, como poden ser: **Infancia** (20 novembro), **Día internacional violencia de xénero** (25 novembro), **o Samaín e Magosto** (finais de outubro e mediados de novembro),**Constitución** (28 nov-5 decembro), **Día internacional personas discapacidade** (3 Decembro) , **Declaración Universal Dereitos Humanos** (10 decembro), **día da Paz** (30 de xaneiro), **o Entroido** (2º semana do mes de febreiro),**Rosalía** (23 de febreiro), **A muller** (8 marzo), **O consumidor** (15 marzo), **Semana da prensa** (4-8 marzo), **Día Mundial da saúde** (7 abril), **Semana do libro** (22-26 abril), **Día Internacional contra el Acoso escolar** (2 de maio) **Europa** (9 maio), **Semana "das letras galegas"** (do 13 ao 17 de maio), **Día Mundial Medio Ambiente** (5 xuño), **fin de curso** (21 xuño), como remate do curso escolar .

Seguiremos a traballar con 4 obradoiros orientados a todos os nen@s de infantil con idades mesturadas que viñamos traballando nos anos anteriores.**Os obradoiros** a impartir serán: **Cantando, Cociña, Dramatización, Arte e creatividade**. Neles, desenvolveranse actividades que favorezan a creatividade do neno.

As visitas e saídas escolares que vaian xurdindo se irán facendo tanto a nivel de aula como de ciclo, en función dos proxectos que se estén levando tanto a nivel de aula como no colexio.Tamén participaremos naquelas actividades que organicen os diversos departamentos no colexio, a administración local, provincial, e autonómica que polo seu interese e idoneidade o profesorado considere axeitadas para desenvolver co seu alumnado (actos culturais, películas, audicións, exposicións, representacións teatrais, concertos, etc...). Ademáis as aulas de E.I. participaremos das actividades que se organicen por medio do proxecto de centro " A historia da escritura", e no Proxecto de Voz Natura.

RECURSOS

Serán o máis diversos posible, ofrecendo múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación, procurando crear un ambiente significativo ademais de despertar o interese por explorar e experimentar. Así pois, o ciclo estará dotado en todo momento de recursos humanos que facilita o centro, onde podemos contar, ademais do profesorado de educación infantil, cunha coidadora (compartida con outros nenos con necesidades educativas especiais que están en Primaria) así coma os especialistas de música, inglés, relixión, educación física, A.L, PT e departamento de orientación. Ademais fomentaremos a colaboración das familias na participación en actividades de aula relacionadas co proxecto que se esté levando a cabo nese momento, como: contando un conto, explicando o seu traballo, facendo un obradoiro de cociña ou calquera outra actividade que nos suxiran relacionada co tema a traballar na clase.

Seguiremos saíndo ao patio de infantil todos os menos do ciclo, para así poder relacionarnos interciclo. Ao igual que continuaremos saíndo á Biblioteca do centro, ben para consultar sobre os proxectos que se estén levando a cabo ou para levar a casa para leer durante a fin de semana ou facer o momento de ler na aula. Unha hora a semana, iremos a aula TIC para inicialos no manexo do computador.

Tamén poderemos utilizar Abalar ou a páxina web do centro ou Aula virtual ou correo electrónico como canle de comunicación coas familias para enviar e recibir tarefas tanto por parte do profesorado, como do alumnado e familias.

MÚSICA E DANZA

OBXECTIVOS MÚSICA

- Percibir, identificar e discriminar sons.
- Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.
- Amosar respecto ante as producións propias e alleas.
- Comezar a expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais.
- Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e prestar especial atención aos ritmos individuais de aprendizaxe.
- b) Prestar especial atención á aparición de dificultades na aprendizaxe.
- c) Favorecer a aprendizaxe autónoma e desenvolver actividades que procuren a resolución individual ou colectiva de problemas.
- d) Potenciar a actividade, a participación, a inclusión e unha metodoloxía, en xeral, comunicativa.
- e) Procurar motivar de xeito correcto e efectivo.
- f) Promover actividades que inclúan a lectura e a comprensión lectora.

g) Focalizar o traballo na procura da adquisición das competencias clave.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a colaboración no proxecto lector, a participación no proxecto da biblioteca de ser posible...e todas as propostas apropiadas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso e se consideren axeitadas.

Tentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais. As TIC serán un recurso importante usando a Internet como una fonte inesgotable de información e a aula virtual do centro como centro de recursos.

Listaxe de recursos previstos:

- Instrumental escolar.
- Fichas creadas polo mestre.
- Ordenador, equipo de son e canón proxector. Arquivos informáticos.
- Recursos na rede.
- Aula virtual do centro.
- Contos e libros relacionados coa materia.
- Aula de artística.
- Aula do grupo.
- Panel dixital.

RELIXIÓN

OBXECTIVOS

- Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.
- Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e cos contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escoita e comprensión de narración bíblicas, para promover valores de vida e comunidade e contribuír así á fraternidade humana.
- Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubriendo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da cas común, desde recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.

- Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.
- Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.
- Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Utilizarase un enfoque globalizado, baseado na actividade, na experiencia e no xogo.

Realización de asembleas para comentar acontecementos e atraer o seu interese.

Traballamos coa mascota, os contos das súas viaxes e historias, que serán o fío condutor para traballar cada unidade, as cancións son un elemento moi motivador. Deste xeito traballamos o proxecto lector escoitando as lecturas e despois realizando as actividades de comprensión, expresión oral ou escrita das mesmas dun xeito sinxelo.

Os nenos confeccionaran un libro de fichas, empregaremos diferentes técnicas plásticas, de grafomotricidade e de lectoescritura. Ademais teremos un pequeno obradoiro de obras de arte con temática da materia. Tamén se traballaran adaptacións bíblicas cunha linguaxe sinxela e comprensible para os pequenos; A representación de escenas ou contos para vivencialos.

Os xogos axudan a traballar en grupo e facilitar a cooperación e outros obxectivos plantexados.

Tamén levaremos accións do plan das TICS, actividades complementarias no encerado dixital de aula.

RECURSOS PREVISTOS

Os recursos materiais empregados son:

- Contos
- A mascota
- Caderno persoal de traballo.
- Encerado dixital.
- Recursos dixitais.
- Recursos adaptados para acnee.
- Material manipulativo.
- Robot Doc

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas.

Os recursos espaciais que empregaremos son:

- A aula ordinaria.
- A biblioteca.

PSICOMOTRICIDADE

OBXECTIVOS:

- Participar nas conversas co mestre e cos compañeiros
- Respectar a diversidade de capacidades e de motivacións ante o exercicio físico
- Crear un ambiente de clase que anime a participar nas distintas actividades e xogos
- Desenvolver as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudar a resolvelos con actitude constructiva e a tomar decisións con autonomía
- Disfrutar do movemento e do xogo
- Iniciarse no coñecemento do propio corpo
- Manter unha actitude aberta , respectuosa e participativa co mestre e cos compañeiros
- Mellorar a comprensión e a expresión lingüística
- Desenvolver a motivación, a observación, o traballo cooperativo, a resolución de problemas
- Imaxinar
- Emprender acción e movementos por iniciativa propia
- Potenciar habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas solucións, ...
- Iniciarse na practica da relaxación para rematar as sesións

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN:

Na Educación Física o máis axeitado é a combinación de sesións nas que predomine o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (mando directo) con outras nas que predomine a indagación do alumnado (resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel dos grupos para acadar aprendizaxes significativas e incrementar a motivación do grupo.

RECURSOS PREVISTOS:

- Instalacións: sala de psicomotricidade.

•Materiais: este curso, dadas as circunstancias, tentarei usar o mínimo material de psicomotricidade posible, que haberá que desinfectar seguindo o protocolo Covid.

LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS

Comprender o sentido global de mensaxes orais, centrándose en informacións sinxelas e concretas con vocabulario simple previamente presentado nun contexto, acompañadas de apoio mímico, xestual e visual, referidas ó contorno inmediato do alumno: a clase e os xogos.

Utilizar o inglés de forma oral co mestre e cos compañeiros para utilizar expresións de relación social, saudar, agradecer, pedir algo, para identificarse e describir obxectos e personaxes utilizando o léxico máis elemental.

Utilizar os recursos expresivos non lingüísticos, xestos, posturas, sons, debuxos, para comprender e facerse comprender na lingua estranxeira.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Para obter o máximo rendemento dos obxectivos propostos hai que ter en conta os seguintes aspectos:

- Input lingüístico adecuado.

A linguaxe dunha lingua estranxeira nos nenos e nenas da etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O/ A neno /a deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constituía unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea.

- Coordinación cas titoras

A coordinación coas titoras do alumnado resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoque de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo e conseguir que os temas tratados na clase de inglés coincidan cos das outras áreas.

- Rutinas da clase

Unha das bases da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos) Todas as leccións presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versión dos mesmos tipos de xogos , cancións e actividades.

- Actividades curtas

A capacidade de atención e de concentración dos nenos e nenas na Educación Infantil é bastante limitada, o que se ten moi en conta á hora de elaborar a secuencia de actividades propostas nos materias de clase. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente. Por este motivo, recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

- Período de silencio

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan “período de silencio”. Nesta fase rexeitan falar en inglés, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionarémolles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Por exemplo, se lles expoñemos unha pregunta, brindarémolles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Imitando o xeito en que se adquire a primeira lingua, proporcionarémolles respostas positivas para comunicarse.

RECURSOS

- Contos.
- Flashcards.
- Cancións e vídeos.
- Canón proxector e pantalla de proxección .
- A pizarra dixital.
- Material manipulativo (cando as circunstancias o permitan).

E como recursos espaciais empregaremos:

- A aula ordinaria.
- O patio da escola.

ATENCIÓN EDUCATIVA

OBXECTIVOS:

- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados co benestar na aula.
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e períodos de tempo habituais.

- Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.
- Relacionars cos demais utilizando pautas básicas de comportamento social.
- Establecer relación causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- Elevar a autoestima dos nenos
- Adicar un tempo de xogo e conversa con cada neno.
- Valorar as cualidades dos nenos.
- Incentivar o desenvolvemento das responsabilidades.
- Fomentar que expresen afectos e sentimentos.
- Propiciar o recoñecemento de valores positivos nos nenos e que sexan capaces de verbalizalos.
- Favorecer a madurez individual.
- Asimilar o esquema corporal e as súas posibilidades de movemento.
- Expresarse mediante xestos faciais e corporais.
- Interpretar e comprender mensaxes emitidos mediante xestos.
- Empregar o debuxo como medio de comunicación.
- Aprender a interpretar e valorar os debuxos realizados polos compañeiros.
- Disfrutar participando activamente nas actividades da aula.
- Desenvolver a comunicación e a expresión e potenciar a imaxinación.
- Traballar a expresión simbólica a partir da mímica e do xogo simbólico.
- Aprender a utilizar diversos recursos sonoros e musicais.
- Ensinarlles a manterse en silencio, durante períodos breves.
- Desenvolver a capacidade de atención e agudeza auditiva.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Para acadar os obxectivos plantexados basearémonos na actividade, na experiencia e no xogo. Proporemos ademais actividades individuais e de pequeno grupo.

A motivación será un punto clave, xa que se non logramos espertar o seu interese, dificilmente provocaremos conflitos cognitivos, e, en consecuencia, o aprendizaxe e o progreso.

A metodoloxía será personalizada, porque cada neno ten as súas propias características, intereses, motivacións, ritmo de aprendizaxe e de desenrolo. De aí que debamos adaptar a nosa actuación e os nosos obxectivos a cada neno. Tendo en conta que o ámbito afectivo é un dos máis importantes, establecerase cos alumnos unha relación persoal cálida e acolledora, para que os nenos se sintan queridos e valorados, para desenrolar neles a autoestima, a valoración positiva e a confianza nun mesmo. De aí que os reforzos positivos, tanto a nivel verbal, coma material e xestual, serán unha constante na miña aula. Ademais é fundamental establecer na aula un ambiente cálido e acolledor, no que o neno se sinta seguro, de maneira que se desenvolva de xeito autónomo e relaxado na aula.

RECURSOS

Os recursos ambientais que vou utilizar comprenden dende a utilización da aula ata o uso dos disntintos espazos do centro e os ambientes que fora del poidan cooperar co tratamento dos contidos da miña programación.

Contaremos tamén con material funxible e con recursos persoais tales como o mestre, os pais e o propio alumnado.

A.2. PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

MATERIAS DA TITORÍA

1. OBXECTIVOS

LINGUA CASTELÁ / LINGUA GALEGA

- Comunicar con precisión as propias ideas, adaptando o discurso (dentro do seu nivel) ás distintas situacións de comunicación.
- escoitar con atención e respecto as ideas dos demais.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como medio de expresión de ideas, sentimentos..., de forma coherente e fomentando a creatividade.
- Utilizar os elementos non verbais como parte do discurso para facer unha mensaxe máis completa.
- Comprender textos de distinta tipoloxía e procedentes de distintas fontes e adaptados á súa idade, utilizando e valorando a lectura como fonte de información e de lecer.
- Coñecer e valorar contos, ditos, refráns e calquera material literario procedente do acervo popular e tradicional.
- Producir textos escritos, seguindo un proceso lóxico de elaboración.
- Aumentar e enriquecer progresivamente o vocabulario, tratando de utilizar o novo léxico.
- Utilizar con corrección, dentro do seu nivel, as normas gramaticais e ortográficas.
- Utilizar e valorar a biblioteca como fonte de información e de lecer.
- Valorar e recrear diferentes tipos de textos.
- Recoñecer a diferentes linguas nas que é capaz de expresarse e outras que se lle achegan por diferentes medios, respectando a diversidade lingüística.
- Facer un uso respectuoso e non discriminatorio das linguas.

MATEMÁTICAS

- 1- Ler, escribir e ordenar números enteiros ata o 99 utilizando razoamentos apropiados.
- 2- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, utilizándoos para resolver problemas elementais.

- 3- Establecer e recoñecer relacións con situacións da vida cotiá nas que se poden aplicar os coñecementos numéricos e xeométricos para resolver un problema.
- 4- Utilizar diversos tipos de medidas (convencionais e non convencionais) para realizar medicións, estimacións, comparacións...
- 5- Coñecer e iniciarse no uso das medidas básicas do tempo e a moeda.
- 6- Coñecer e identificar representacións espaciais básicas así como as figuras planas básicas.
- 7- Recoller, rexistrar e ler datos en gráficas, táboas de datos...
- 8- Valorar os coñecementos matemáticos como recurso para resolver situacións da súa vida diaria.

CIENCIAS SOCIAIS

- Planificar, realizar e comunicar os resultados de pequenos proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións, iniciándose o traballo en equipo sempre que sexa posible.
- Manexar fontes de información xeográfica diversas: textos, cadros e gráficos, esquemas, mapas...
- Recoñecer os diferentes elementos naturais, desde os que conforman a paisaxe próxima ata os elementos do ceo, observando ademais o tempo atmosférico e os seus cambios.
- Recoñecer o aire e a auga como elementos indispensables para a vida, coñecendo as súas características e propiedades, valorando a importancia destes elementos para a vida e facendo un uso responsable deles.
- Comprender as características da familia e da escola como grupos sociais, respectando os elementos comúns, os dereitos e os deberes de cada un e ás persoas que os conforman, valorando as súas diferencias.
- Valorar as diferentes festas e manifestacións culturais
- Fomentar a educación viaria, sobre todo camiñando pola rúa. Identificar os diferentes medios de transporte.
- Diferenciar diferentes medidas do tempo, ordenando temporalmente desde feitos importantes relevantes ata a súa historia familiar.
- Manexar o calendario como instrumento de medida do tempo.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Planificar, realizar e comunicar os resultados de pequenos proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións, iniciándose o traballo en equipo sempre que sexa posible.
- Coñecer o propio corpo e a si mesmo para valorarse como diferente, respectando a diversidade e acadando un equilibrio emocional.
- Interaccionar cos iguais e co medio dun modo respectuoso.
- Fomentar comportamentos responsables e estilos de vida saudables.

- Coñecer, respectar e apreciar as plantas e os animais, facendo unha iniciación á súa clasificación.
- Distinguir as distintas propiedades dos materiais e formas de enerxía.
- Tomar conciencia das consecuencias ambientais polo uso das diferentes enerxías.
- Recoñecer distintas máquinas e aparellos de uso cotiá, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actuais.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Valorar e respectar a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, tanto na familia como na escola.
- Crear unha imaxe positiva de si mesmo, tanto a nivel físico como psicolóxico.
- Identificar e expresar o máis claramente posible emocións, experiencias, ideas e pensamentos.
- Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade ante as tarefas.
- Respectar e valorar aos demais, tendo en conta as reflexións e aportacións que realicen.
- Tratar de identificar e empatizar coas emocións dos demais.
- Participar en actividades grupais, tendo en conta as necesidades e amosando boa disposición para recibir e dar axuda.
- Recoñecer, explicar e buscar solucións aos conflitos habituais do colexio.
- Coñecer e respectar as normas de convivencia da aula e do colexio.
- Respectar o medio ambiente, utilizando correctamente as instalacións e o material.
- Valorar e respectar as normas de educación viaria.

2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

(Matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias naturais, ciencias sociais e proxecto competencial)

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- ❖ Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- ❖ Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- ❖ Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
- ❖ Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- ❖ Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.
- ❖ Con tarefas integradoras, que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, investigacións...
- ❖ Creando contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma

- Desenvolvendo un modelo que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica).
 - Poñer en marcha un modelo que permita representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
 - Non perder nunca de vista o carácter interdisciplinar das áreas, mantendo sempre un enfoque global.
 - A aprendizaxe autónoma desenvolverase en actividades individuais e de grupo.
- Potenciar a actividade.
 - Facilitando a reflexión á hora da acción.
 - Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente.
 - Motivar axeitadamente.
 1. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
 2. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
 3. Atendendo a diversidade de cada neno/a e respondendo ás súas necesidades individuais.
 4. Facilitando actividades de reforzo e ampliación cando sexa necesario.
 - Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado dos roles máis adecuados.
 - ✓ Facilitando a comunicación –diálogo–, como base da comprensión .
 - ✓ Propiciando a interrelación cos demais grupos.
 - ✓ Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
 - ✓ Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
 - ✓ Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.
 - Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.
 - ✓ Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
 - ✓ Respectando aos demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.

- Favorecer o uso das novas tecnoloxías
- Presentándoas como fonte de información e de lecer.
- Utilizándoas como medio de presentación das propostas e dos resultados obtidos.
- Creando un alumnado cada vez máis competente en TIC mediante actividades nas que se integre o seu uso.
- Atención á diversidade. Será unha atención individualizada e centrada na prevención de dificultades de aprendizaxe, así na posta en marcha dos mecanismos de reforzo adecuados a cada alumno/a.

3. RECURSOS

(Matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias naturais, ciencias sociais e proxecto competencial)

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector... e todas as propostas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso. A aula de 1º de Primaria dispón dun encerado dixital interactivo, o que supón un excelente recurso e potencia o emprego das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, introducindo o tema partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos e alumnas sobre o tema a traballar. Buscarase información xa sexa de internet, folletos publicitarios, libros, etc. sobre o tema que se estea tratando. Terase sempre en conta o carácter interdisciplinar das áreas, favorecendo a transversalidade dos contidos de cada unha delas.

O traballo da aula será en grupo e individual –dependendo da actividade a realizar-, valorando as propostas de todos os compañeirxs, potenciando a importancia do compañeirismo e o respecto.

Recursos:

- Profesorado de apoio para o alumnado con necesidades educativas.
- Departamento de Orientación.
- Mestres especialistas e o resto de mestres do centro.
- Libros de texto.
- Material aportado polo alumnado referente ao tema: fotos, libros, publicidade, folletos...
- información traída da casa a través de entrevistas, conversas, ...
- Folios, cartolinas, material de plástica, cadernos, pinturas en diferentes formatos, recursos da aula...
- Dependencias do centro (Aula de artística, aula TIC, comedor,...)
- Biblioteca escolar e de aula.
- Internet: actividades, páxinas web sobre os diferentes temas que se traballen.
- Saídas complementarias e celebracións escolares.

LINGUA INGLESA E PLÁSTICA

1. OBXECTIVOS

LINGUA INGLESA

- Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.
- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.
- Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.
- Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.
- Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.
- Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.
- Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.
- Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.
- Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.

- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
- Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
- Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.
- Expresar e identificar estados de ánimo básicos
- Comprender e expresar o permiso, o acordo.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- Utilizar estruturas sintácticas básicas (por exemplo: enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).
- Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
- Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

PLÁSTICA E VISUAL (SECCIÓN BILINGÜE)

- Identificar nun obxecto os seus elementos visuais básicos: forma, tamaño e volume.
- Distinguir e utilizar as cores primarias e secundarias.
- Nomear, identificar e utilizar as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.
- Nomear, identificar os distintos tipos de liñas e utilízalos para elaborar a súa propia creación artística.
- Identificar diferentes formas de presentar o espazo.
- Recoñecer e nomear as principais partes da figura humana.
- Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.
- Manexar e empregar as diferentes texturas naturais e artificiais.
- Utilizar técnicas específicas da linguaxe plástica: colaxe, pintura, modelado, debuxo, etc.
- Explorar materiais diversos para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos.
- Coñecer e respectar as principais manifestacións artísticas do seu entorno.
- Participar en traballos en grupo.
- Coidar o material que se utiliza na clase de plástica.

- Aplicar os coñecementos previos de inglés (cores, material escolar, accións de aula, etc.).
- Mellorar a fluidez na fala e na comprensión.
- Repasar e aprender vocabulario sobre distintos temas (formas, tamaño, volume, etc.).
- Iniciarse na expresión de ideas e sentimentos sobre o que os rodea.
- escoitar, ler e comprender instrucións sinxelas.
- Expresar palabras relacionadas con formas artísticas (cores, formas, tamaño, distancia, etc.)

2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

LINGUA INGLESA

- Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado, pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema)
- Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.
- Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso este proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.
- Atender e apoiar ao alumnado que o precise: no proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.
- Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade si se basea na actividade: eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No proxecto o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, pero a súa actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos/as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No proxecto enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras das súas linguas maternas nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e a equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal, cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

3. RECURSOS

LINGUA INGLESA

Os recursos cos que contamos para levar a cabo os obxectivos propostos son os seguintes:

Materiais:

- Libro de texto.
- Actividades de atención á diversidade.
- Medios audiovisuais de apoio.
- Pizarra dixital.
- Flashcards e xogos de mesa.

Espaciais:

- A aula de audiovisuais e informática
- A aula ordinaria do alumnado e calquera outra instalación que se considere útil para acadar os obxectivos.

Persoais:

- Auxiliar de conversa a partir de outubro e mestra de inglés.

RELIXIÓN

OBXECTIVOS

- Descubrir e identificar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.
- Coñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.
- Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica.
- Comprender e admirar o patrimonio cultural e xerar creacións expresións artística.

- Explorar as emocións e desenvolver a súa propia interioridade para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.
- Coñecer a Xesús de Nazaret como centro da mensaxe cristiá.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas secuenciadas por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Adaptación da metodoloxía para o alumnado con acnee
- Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e ligazóns de Internet.

RECURSOS PREVISTOS

Os recursos materiais empregados son: Caderno persoal de traballo, libros de lecturas e de investigación; audios e vídeos de relatos bíblicos, cancións e melodías, encerado dixital, recursos didácticos da aula virtual e o blogue relisinde@blogspot.com.

Material elaborado específico para o acnee.

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas.

Os recursos espaciais que empregaremos son: aula de música e a biblioteca .

EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS:

- Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo.
- Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada.
- Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida.
- Respetar as normas e as regras dos xogos.
- Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable.
- Participar en exercicios de activación e volta á calma.
- Participar activamente en xogos e actividades de expresión corporal.

- Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade a diferentes ritmos e contextos.
- Identificar e xestionar as emocións que se producen durante o xogo.
- Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural.
- Utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN:

Nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

RECURSOS PREVISTOS:

as sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar.

MÚSICA E DANZA

OBXECTIVOS

- Achegarse a propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa dun xeito respectuoso.
- Recoñecer elementos básicos específicos da linguaxe musical.
- Realizar de xeito guiado pequenas producións musicais e dancísticas de xeito guiado amosando respecto polas producións de compañeiras e compañeiros.
- Describir calidades básicas dos sons na escoita de producións artísticas axeitadas ao nivel.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.
- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.
- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.
- Empregaranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordo aos contidos a desenvolver.
- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.

- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empregaranse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.
- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamento sen prexuízo do traballo individual.
- Empregaranse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.
- Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado... t

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

A.3. SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS

CIENCIAS DA NATUREZA.

-Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.

-Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.

-Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión.

-Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural.

- Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.
- Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico...
- Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.
- Recoñecer as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares a que pertence.
- Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.
- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.
- Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.
- Recoñecer o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.
- Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.
- Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.

CIENCIAS SOCIAIS.

- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.
- Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predición.
- Participar en experimentos pautados ou guiados, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.
- Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna.
- Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.
- Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural, así como as conexións directas entre elas.
- Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.

- Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.
- Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.
- Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.
- Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia.

LENGUA CASTELLANA.

- Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna.
- Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.
- Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada.
- Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.
- Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos
- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.
- Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.
- Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.
- Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.
- Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante
- Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.
- Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade

- Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz
- Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade
- Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento
- Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.
- Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal
- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.
- Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida, compartindo oralmente a experiencia da lectura e p seu gozo.
- Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas)
- Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada
- Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.

LINGUA GALEGA

- Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna.
- Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.
- Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada.
- Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

- Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos
- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.
- Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.
- Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.
- Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.
- Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante
- Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.
- Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade
- Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz
- Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade
- Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento
- Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.
- Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal
- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.
- Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida, compartindo oralmente a experiencia da lectura e p seu gozo.
- Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas)

- Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada
- Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.

MATEMÁTICAS.

- Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.
- Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá
- Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.
- Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.
- Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.
- Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución
- Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.
- Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.
- Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.
- Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.
- Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.
- Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.

-Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.
- Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.
- Identificar e seleccionar a información que se precisa.
- Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.
- Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.
- Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.
- Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.
- Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.
- Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.
- Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.
- Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.
- Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.
- Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.
- Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo;
- Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada;
- Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida;
- Respectar as normas e as regras dos xogos;

- Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable;
- Participar en exercicios de activación e volta á calma;
- Participar activamente en xogos e actividades de expresión corporal;
- Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade a diferentes ritmos e contextos;
- Identificar e xestionar as emocións que se producen durante o xogo;
- Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural;
- Utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

- Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.
- Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.
- Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.
- Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.
- Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva
- Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.
- Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.
- Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.
- Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.

- Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.
- Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais
- Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.
- Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.
- Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.
- Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.
- Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.
- Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.
- Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.
- Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.
- Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.
- Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.
- Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.

MÚSICA E DANZA

- Achegarse a propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa dun xeito respectuoso.
- Recoñecer elementos básicos específicos da linguaxe musical e comezar a aplicalos.
- Realizar con interese pequenas producións musicais e dancísticas de xeito guiado amosando respecto polas producións de compañeiras e compañeiros.
- Describir calidades básicas dos sons na escoita de producións artísticas axeitadas ao nivel.

INGLÉS

- Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.
- Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiáns co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto
- Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.
- Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado
- Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.
- Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais
- Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.
- Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.

- Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.
- Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.
- Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais

RELIXIÓN CATÓLICA

- Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sós.
 - Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
- Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
- Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
- Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.
- Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.
- Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
- Comprender o que significa o tempo Advento.
- Afondar no sentido do Nadal.
- Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.
- Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.
- Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
- Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

MEDIDAS

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.**(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).
- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
 - Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.

- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

-Con tarefas integradoras, que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, investigacións... (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

-Creando contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma

- Desenvolvendo un modelo que tente conseguir que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

-Poñendo en marcha un modelo que lles permita representar a estrutura do que se trate, de xeito sinxelo e claro, polo que se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención). Non perder nunca de vista o carácter interdisciplinar das áreas, mantendo sempre un enfoque globalizador. A aprendizaxe autónoma desenvolverase en actividades individuais e grupais. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

e) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións, co diálogo e a actitude de escoita como punto de partida e de chegada. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

-Atendendo a diversidade de cada neno/a e respondendo ás súas necesidades individuais. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

-Facilitando actividades de reforzo e ampliación cando sexa necesario. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

f) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado dos roles máis adecuados.

- Facilitando a comunicación —diálogo—, como base da comprensión.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Propiciando a interrelación cos demais grupos.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

-Creando grupos de diferentes tipos e variables, segundo sexa o obxectivo a acadar. (CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

g) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

-Respectando aos demais e as súas diferentes culturas, formas de expresión e de pensar: tolerancia e aceptación da diversidade.(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC, ED. ARTÍSTICA).

h) Favorecer o uso das novas tecnoloxías(CCNN, CCSS, LG, LC, MAT, PC).

-Presentándoas como fonte de información e de lecer.

-Utilizándoas como medio de presentación das propostas e dos resultados obtidos.

-Creando un alumnado cada vez máis competente en TIC mediante actividades nas que se integre o seu uso.

EDUCACIÓN FÍSICA

Nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

INGLÉS

Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírlle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema).

Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é importante a flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

Atender e apoiar ao alumnado que o precise: apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade si se basea na actividade que eles demandan para exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos /as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras das súas lingua materna nun proceso natural de

adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

MÚSICA E DANZA

Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.

- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.
- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.
- Empraranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordo aos contidos a desenvolver.
- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.
- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianeidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empréganse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.
- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persocal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamento sen prexuízo do traballo individual.
- Empréganse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.

– Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

RELIXIÓN CATÓLICA

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

-Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.

-Progresiva e coidada incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.

-Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas secuenciadas por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.

-Adecuación da metodoloxía ao acnee.

-Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e unha coidada selección de ligazóns de Internet.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector, a participación nos diferentes proxectos que se propoñan...e todas as propostas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso. A aula de 2º de Primaria dispón dun encerado dixital interactivo, o que supón un excelente recurso e potencia o emprego das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, introducindo o tema partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos/as sobre o tema a traballar. Buscarase información xa sexa de internet, folletos publicitarios, libros, recursos externos, etc sobre o tema que se estea tratando. Terase sempre en conta o carácter interdisciplinar das áreas, favorecendo a transversalidade dos contidos de cada unha delas.

Tratarase de dar publicidade no centro dos bos hábitos de reciclaxe, coidado do medio ambiente e boa alimentación.

O traballo da aula será en grupo e individual –dependendo da actividade a realizar-, valorando as propostas de todos os compañeiros/as, potenciando a importancia do compañeirismo e o respecto.

Recursos:

- Mestra de apoio con dispoñibilidade horaria.
- Orientadora do centro, mestra de PT e mestra de AL.
- Mestres especialistas, resto de mestres do centro e auxiliar de conversa en lingua inglesa.
- Familias.
- Libros de texto.
- Material de traballo elaborado pola titora.
- Material aportado polo alumnado referente ao tema: fotos, libros, publicidade, folletos...
- Material de refugallo e reciclado.
- Información traída da casa a través de entrevistas, conversas, ...
- Folios, cartulinas, material de plástica, libretas, pinturas en diferentes formatos, recursos da aula...
- EDI e ordenador de aula.
- Aula TIC.
- Biblioteca escolar e de aula.
- Internet: actividades, páxinas web sobre os diferentes temas que se traballen.
- Saídas complementarias e celebracións escolares.
- Actividades ou proxectos propostos polos diferentes departamentos do centro (EDLG, equipo de biblioteca, equipo de convivencia, equipo TIC) que están programadas ou que van xurdindo ao longo do curso.

EDUCACIÓN FÍSICA

As sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a colaboración no proxecto lector, a participación no proxecto da biblioteca de ser posible...e todas as propostas apropiadas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso e se consideren axeitadas.

Tentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e plástica tanto de tempos pasados como dos actuais. As TIC serán un recurso importante usando a Internet como una fonte inesgotable de información e a aula virtual do centro como centro de recursos.

Empregaremos o seguinte material:

- Instrumental escolar.
- Ordenador, conexión a internet, canón proxector e recursos en liña.
- Diverso material funxible (fichas, cartolinas, celofán de cores....).
- Material de reciclaxe.
- Láminas.
- Equipo de música e soporte multimedia (CD, DVD e pen drive).
- Aula de educación artística e a aula ordinaria.

MÚSICA E DANZA

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado... t

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

INGLÉS

Os recursos cos que contamos para acadar os obxectivos propostos son os seguintes:

- **MATERIAIS:**

- Libro de texto (Pupil's book "Kids Can" de Macmillan).
- Fichas.
- Contos.
- Material funxible.

-Medios audiovisuais de apoio.

-Pizarra dixital.

- ESPACIAIS:

-A aula de audiovisuais e informática

-A propia aula do alumnado.

-O patio do centro.

- PERSOAIS:

-Mestra e auxiliar de conversa.

RELIXIÓN CATÓLICA

Os recursos materiais empregados son: Caderno persoal de traballo, Libros de lecturas e de investigación audios e vídeos de relatos bíblicos, cancións e melodías, xogos, encerado dixital, recursos didácticos da aula virtual e o blogue relisinde@blogspot.com

Material específico para o acnee.

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas. Os recursos espaciais que empregaremos son: aula de música e a biblioteca.

A.4. TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

OBXECTIVOS

CIENCIAS DA NATUREZA

CULTURA CIENTÍFICA

-Seguir un método científico para entender os obxectos, feitos e fenómenos do medio natural.

-Recoller datos, formular hipóteses a partir de eses datos e comprobar empiricamente a hipótese, rexistrando os datos e comunicando as conclusións a través de diferentes formatos.

A VIDA NO NOSO PLANETA

-Identificar diferentes ecosistemas, as relacións boas e malas do ser humano con ditos ecosistemas e os seus recursos e as consecuencias que teñen estas relacións.

-Clasificar os animais vertebrados e invertebrados coñecendo as súas características.

-Clasificar as plantas a través das súas características.

-Identificar e clasificar animais e plantas adaptados a cada ecosistema.

MATERIAS, FORZAS E ENERXÍA

- Identificar os estados nos que se presenta a materia así como os cambios de estado da auga.
- Coñecer as diferentes formas e fontes de enerxía.

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN

- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.

CIENCIAS SOCIAIS

CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo, buscando información en diferentes fontes para a investigación das súas respostas.
- Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.

O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

- Identificar diferentes características conexións do medio natural cos medios social e cultural.
- Identificar a Terra como parte do universo e coñecer os diferentes elementos de este.
- Coñecer e utilizar as diferentes representacións da Terra no globo terráqueo, mapas e outros recursos así como coñecer e utilizar outros recursos como os planos, interpretando as lendas e os símbolos cartográficos.
- Coñecer os diferentes fenómenos atmosféricos, observando os máis cercanos e tomando rexistro deles para a súa representación gráfica e visual.
- Identificar as consecuencias que ten un estilo de vida sustentable sobre o medio.

VIVIR EN SOCIEDADE

- Tomar conciencia das diferentes costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna, respectando a diversidade.

-Coñecer a organización e funcionamento da sociedade galega, as súas institucións e a estrutura administrativa de Galicia.

-Tomar conciencia das diferentes desigualdades sociais derivadas dos usos do espazo, do acceso aos recursos e dos estereotipos de xénero.

-Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.

-Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.

LECCIÓNS DO PASADO

-Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.

-Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.

-Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES

-Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia e a súa convivencia coa lingua castelá, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.

-Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.

-Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

COMUNICACIÓN ORAL

-Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.

- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.

- Elaborar e participar con textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada ou interaccións espontáneas, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos, con escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.

- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal.

COMUNICACIÓN ESCRITA

-Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

-Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura, utilizando estratexias para a comprensión lectora.

-Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, cunha correcta aplicación das normas ortográficas e con diferentes intencións (carteis, anuncios, cómics...) e unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferencias.

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.

-Desenvolver estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

-Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

-Utilizar a biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.

-Buscar o lecer e construír unha identidade lectora a través da lectura autónoma ou grupal de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.

EDUCACIÓN LITERARIA

-Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.

-Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.

-Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.

-Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

-Reproducir e producir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E OS SEUS USOS NO MARCO DE PROPOSTAS A PRODUCCIÓN E COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS, ESCRITOS OU MULTIMODAIS

-Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

-Comprender o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.

-Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.

-Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A LINGUA E OS SEUS FALANTES

-Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia e a súa convivencia coa lingua castelá, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.

-Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.

-Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

COMUNICACIÓN ORAL

-Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.

- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.

- Elaborar e participar con textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada ou interaccións espontáneas, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos, con escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.

- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal.

COMUNICACIÓN ESCRITA

-Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

-Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura, utilizando estratexias para a comprensión lectora.

-Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, cunha correcta aplicación das normas ortográficas e con diferentes intencións (carteis, anuncios, cómics...) e unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferencias.

-Producir textos escritos atendendo as normas ortográficas, a puntuación, o tempo verbal..., cuidando a presentación.

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.

-Desenvolver estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

-Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

-Utilizar a biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.

-Buscar o lecer e construír unha identidade lectora a través da lectura autónoma ou grupal de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.

EDUCACIÓN LITERARIA

-Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.

-Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.

-Valorar os textos literarios e a literatura en xeral, como fonte de lecer e información.

-Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

-Reproducir e producir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E OS SEUS USOS NO MARCO DE PROPOSTAS DE PRODUCCIÓN E COMPREENSIÓN DE TEXTOS ORAIS, ESCRITOS OU MULTIMODAIS.

-Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

-Comprender o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.

-Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.

-Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.

MATEMÁTICAS

SENTIDO NUMÉRICO

A)Cálculo

–Desenvolver estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números con cantidades ata o 9.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.

–Crear estratexias de cálculo mental realizando series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado.

B)Cantidade

–Identificar, ler, escribir, redondear e estimar números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais.

–Compoñer, descompoñer e recompoñer manipulativa, gráfica e simbolicamente números naturais ata 9.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros).

C)Sentido das operacións

–Crear estratexias de cálculo mental para resolver operacións e problemas da vida cotiá que impliquen suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración..

–Desenvolver estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.

–Iniciar na comprensión da división como repartición, agrupamentos ou fraccionamento en situacións de resolución de problemas en contextos reais, mediante estratexias manipulativas, previas á utilización do algoritmo.

–Construír táboas de multiplicar (manipulativa e graficamente) con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.

–Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

D)Relacións

–Interiorizar o sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.

–Resolver problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9 999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.

-Desenvolver estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiáns.

E)Educación financeira

-Formular e resolver problemas da vida cotiá que requiran administración, estimación... do diñeiro (moedas e billetes),co fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.

SENTIDO DA MEDIDA

A)Magnitude

-Identificar e exemplificar características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempos) mediante a observación da realidade próxima, recoñecendo unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.

-Identificar, ordenar, clasificar e usar as unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.

-Ler a hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.

B)Medición

-Desenvolver estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.

-Resolver problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxos analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.

C)Estimación e relacións

-Experimentar, comparar, ordenar, compoñer, descompoñer e expresar as equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.

-Comparar e ordenar medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicar equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.

–Estimar medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.

–Utilizar as medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención...

SENTIDO ESPACIAL

A) Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións

–Interpretar e elaborar descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (lados, vértices, ángulos), corpos xeométricos (cubos, prismas e pirámides) e as súas propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.

–Explorar individualmente e en equipo propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.

B) Localización e sistemas de representación.

–Interpretar, describir e representar a posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda).

–Describir verbalmente e interpretar información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado.

C) Movementos e transformacións

–Identificar figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.

–Xerar figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.

D) Visualización, razoamento e modelización xeométrica

–Resolver e formular problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.

–Recoñecer relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.

SENTIDO ALXÉBRICO E PENSAMENTO COMPUTACIONAL

A)Patróns

–Identificar, describir, representar e predicir razoadamente termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.

B)Relacións e funcións

–Comparar expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, \neq , $>$, $<$, \geq , \leq).

D)Pensamento computacional

–Interpretar e representar con instrucións algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.

SENTIDO ESTOCÁSTICO

A)Organización e análise de datos

–Extraer e interpretar información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); usar esa información na resolución de problemas.

–Formular en equipo, a partir de modelos, problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.

B)Incerteza

–Utilizar expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que interveñen o azar.

SENTIDO SOCIOEMOCIONAL

- Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario, desenvolvendo a autoconfianza e amosando actitudes positivas ante novos retos matemáticos.

- Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.

- Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada, levando a cabo conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.

- Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.

-Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE

-Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.

-Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais como materiais, instrumentos, soportes, profesións vinculadas..., empregando o vocabulario específico básico destas.

-Identificar e valorar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio da contorna, e do ámbito rexional e nacional, manifestando respecto por elas.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN

-Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.

-Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.

-Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.

EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE

-Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.

-Describir características elementais de manifestacións audiovisuais básicas como o cinema, as profesións vinculadas..., empregando o vocabulario específico básico destas.

-Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos, valorando o silencio como condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN

-Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.

-Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.

-Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.

PROXECTO COMPETENCIAL

DEFINICIÓN DE PROXECTOS

-Identificar o tema a tratar para procurar e seleccionar información relacionada co proxecto.

-Planificar: recursos e materiais, temporalización e accións para desenvolver o proxecto, tendo en conta as posibles incidencias que se poidan presentar.

EXECUCIÓN DE PROXECTOS

-Tratar de axustarse á planificación realizada, resolvendo as incidencias que se presenten.

-Repartir roles, valorando a competencia de cada membro do equipo e tendo en conta sempre o traballo cooperativo.

-Valorar os resultados.

PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

-Presentar o proxecto usando unha correcta expresión verbal e corporal e potenciando as emocións positivas.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais con estruturas simples e léxico de uso cotián

-Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis relevante do texto.

- Discriminar patróns sonoros, ritmos de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

- Falar de si mesmo e das persoas do seu contorno inmediato, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas.

- Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información sobre temas familiares

- Producir patróns sonoros, acentuais e rítmicos e de acentuación básicos e de uso diario.

- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas traballados previamente de forma oral.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresan pausas, exclamacións, interrogacións e exclamacións.
- Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, composto de frases simples.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir frases curtas que utiliza ao falar.
- Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades.
- Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
- Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais e colectivas.
- Obter e dar información básica persoal, o seu contorno e na situación de comunicación propia da aula.
- Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico.
- Expresar e identificar desexos.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas e sintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas .
- Comprender e utilizar o léxico propio do curso.
- Usar estruturas gramaticais sinxelas e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio limitado.

MÚSICA E DANZA

- Recoñecer propostas artísticas musicais, escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.

- Recoñecer algúns dos elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras.
- Participar na produción de obras básicas de xeito individual ou colectivo utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son e outras ao seu alcance e poñendo en práctica elementos da linguaxe musical.
- Iniciarse na investigación acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Coñecer os efectos beneficiosos da actividade física nos ámbitos físico, mental e social.
- Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable e hixiene corporal.
- Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as peculiaridades individuais.
- Respetar as normas e as regras dos xogos.
- Mostrar unha disposición positiva cara a actividade física e o esforzo.
- Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación durante a práctica motriz.
- Tomar medidas de precaución e prevención de lesións durante a práctica físico-deportiva.
- Adoptar decisións axeitadas en actividades físicas individuais, de cooperación e de oposición.
- Reproducir distintas combinacións de movementos individuais e grupais con intención comunicativa.
- Participar en xogos e actividades motrices arraigados na cultura galega.
- Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural.
- Utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas.

RELIXIÓN CATÓLICA

- Descubrir e identificar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais,
- Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida do ser humano e o polo no coidado da natureza.

- Desenvolver destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornos culturais próximos.
- Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal,
- Identificar situación que prexudican ou melloran a convivencia.
- Apreciar os valores propios do cristianismo, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución de conflitos ea construción do ben común.
- Coñecer e apreciar as diferentes expresión culturais relixiosas.
- Descubrir as celebracións litúrxicas e os sacramentos da igrexa.
- Recoñecer e valorar o encontro cos demais tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.
- Comprender e apreciar a importancia da alianza de Dios co pobo de Israel.
- Valorar a Igrexa como comunidade que continua a misión de Xesús.

**MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DAS MATERIAS CITADAS
ÁREAS DE CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ,
MATEMÁTICAS, PROXECTO COMPETENCIAL E EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.
- Con tarefas integradoras, que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, investigacións...
- Creando contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma

- Desenvolvendo un modelo que tente conseguir que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica).

-Poñendo en marcha un modelo que lles permita representar a estrutura do que se trate, de xeito sinxelo e claro, polo que se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención). Non perder nunca de vista o carácter interdisciplinar das áreas, mantendo sempre un enfoque globalizador. A aprendizaxe autónoma desenvolverase en actividades individuais e grupais.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.

- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente.

e) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións, co diálogo e a actitude de escoita como punto de partida e de chegada.

-Atendendo a diversidade de cada neno/a e respondendo ás súas necesidades individuais.

-Facilitando actividades de reforzo e ampliación cando sexa necesario.

f) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado dos roles máis adecuados.

- Facilitando a comunicación —diálogo—, como base da comprensión.

- Propiciando a interrelación cos demais grupos.

- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.

- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.

- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.

-Creando grupos de diferentes tipos e variables, segundo sexa o obxectivo a acadar.

g) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
- Respectando aos demais e as súas diferentes culturas, formas de expresión e de pensar: tolerancia e aceptación da diversidade.

h) Favorecer o uso das novas tecnoloxías.

- Presentándoas como fonte de información e de lecer.
- Utilizándoas como medio de presentación das propostas e dos resultados obtidos.
- Creando un alumnado cada vez máis competente en TIC mediante actividades nas que se integre o seu uso.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema)
- Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.
- Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso este proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.
- Atender e apoiar ao alumnado que o precise: no proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

- Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade si se basea na actividade: eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No proxecto o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo : iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos /as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No proxecto enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras das súas lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. a equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

MÚSICA E DANZA

- Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.

- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.

- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.

- Empregaranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordoa os contidos a desenvolver.

- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.

- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empregaranse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.
- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamentos en prexuízo do traballo individual.
- Empregaranse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.
- Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

EDUCACIÓN FÍSICA

Nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

RELIXIÓN CATÓLICA

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva e coidada incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas secuencia das por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.

Adecuación da metodoloxía para o acnee.

- Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e ligazóns de Internet.

RECURSOS

ÁREAS DE CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, MATEMÁTICAS, PROXECTO COMPETENCIAL E EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector, a participación nos diferentes proxectos que se propoñan...; en definitiva, todas as propostas que os materiais, o profesorado e os axentes externos presenten ao longo do curso. Empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, introducindo o tema partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos/as sobre o tema a traballar. Buscarase información xa sexa de internet, folletos publicitarios, libros, recursos externos, etc sobre o tema que se estea tratando. Terase sempre en conta o carácter interdisciplinar das áreas, favorecendo a transversalidade dos contidos de cada unha delas e primando que se acade o maior nivel de competencia.

Tratarase de dar publicidade no centro dos bos hábitos de reciclaxe, coidado do medio ambiente e boa alimentación.

O traballo da aula será en grupo e individual –dependendo da actividade a realizar–, valorando as propostas de todos os compañeiros/as, potenciando a importancia do compañeirismo e o respecto.

Recursos:

- Mestra de apoio dentro dos Contratos Programa.
- Orientadora do centro, mestras de PT e mestra de AL.
- Recursos adaptados para o alumnado con NEAE.
- Mestres especialistas, resto de mestras e mestres do centro e auxiliar de conversa en lingua inglesa.
- Familias.
- Libros de texto e outros materiais informativos.
- Material de traballo elaborado pola titora.
- Material aportado polo alumnado referente ao tema a tratar: fotos, libros, publicidade, folletos...

- Material de refugallo e reciclado.
- Información traída da casa a través de entrevistas, conversas,... .
- Material funxible.
- Pantalla interactiva, ordenador de aula e cámara USB.
- Aula de artística e aula TIC.
- Horta escolar.
- Biblioteca escolar e de aula.
- Internet: actividades, páxinas web sobre os diferentes temas que se traballen, blog, aula virtual. Aula virtual Santillana.
- Saídas complementarias e celebracións escolares. Recursos naturais e de diferentes sectores da contorna.
- Actividades ou proxectos propostos polos diferentes departamentos do centro (EDLG, equipo de biblioteca, Voz Natura) que están programadas ou que van xurdindo ao longo do curso.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

Os recursos cos que contamos para levar a cabo os obxectivos propostos son os seguintes:

Ø MATERIAIS:

- Libros de texto (Pupil'sbook e activitybook, Kids Can!, Macmillan).
- Caderno.
- Actividades de atención á diversidade.
- Medios audiovisuais de apoio e a pizarra dixital.
- Fichas.
- Contos.
- Material funxible.
- Xogos de mesa.

Ø ESPACIAIS:

-Aula ordinaria.

-Aula de audiovisuais e informática.

-O patio exterior.

MÚSICA E DANZA

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado...

Na área artística intentaremos achegaroo alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

EDUCACIÓN FÍSICA

As sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar. Tamén se poderá desenvolver algunha andaina/carreira pola senda litoral ou por pistas forestais do monte Trega.

RELIXIÓN CATÓLICA

Os recursos materiais empregados son: Caderno persoal de traballo Libros de lecturas e de investigación; CD de audio dos relatos bíblicos, cancións e melodías; DVD; Ordenador, encerado dixital e recursos didácticos e da aula virtual ABALAR.

Material específico e adaptado para o acnee.

Entre os persoais contamos coa colaboración dos titores, mestres especialistas e profesorado apoio. Os recursos espaciais que empregaremos son: aula de música e a biblioteca.

A.5. CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS (ÁREAS DE CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, PROXECTO COMPETENCIAL, EDUCACIÓN PLÁSTICA)

CIENCIAS DA NATUREZA

CULTURA CIENTÍFICA

- Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.
- Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.
- Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura; realizar observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.
- Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.

A VIDA NO NOSO PLANETA

- Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.
- Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.

MATERIA, FORZAS E ENERXÍA

- Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.
- Recoñecer, a través de pequenas investigacións, diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.
- Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.
- Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso

sustentable dos recursos naturais e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN

- Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo e de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.
- Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.
- Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.
- Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.
- Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia.

CIENCIAS SOCIAIS

CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.
- Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.
- Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.
- Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.
- Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática, e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.

O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

- Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.
- Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.
- Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección

da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.

VIVIR EN SOCIEDADE

- Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.
- Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.
- Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.
- Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable, tanto para as persoas como para o planeta.

LECCIÓN DO PASADO

- Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.
- Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.
- Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.

LINGUA CASTELÁ

A LINGUA E OS SEUS FALANTES

- Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.
- Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.
- Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.
- Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

COMUNICACIÓN ORAL

- Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.

- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.
- Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.
- Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.
- Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.
- Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.
- Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.

COMUNICACIÓN ESCRITA

- Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.
- Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura.
- Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.
- Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.
- Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.
- Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.

- Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.

- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

- Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

- Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

- Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.

- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

- Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.

- Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.

EDUCACIÓN LITERARIA

- Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.

- Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.

- Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.

- Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

- Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.

- escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.

- Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

- Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E OS SEUS USOS NO MARCO DE PROPOSTAS DE PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS, ESCRITOS E MULTIMODAIS

- Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.
- Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.
- Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de orto- grafía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.

LINGUA GALEGA

A LINGUA E OS SEUS FALANTES

- Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.
- Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.
- Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.
- Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

COMUNICACIÓN ORAL

- Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.
- Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.

- Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.
- Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.
- Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.
- Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.
- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.
- Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.

COMUNICACIÓN ESCRITA

- Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.
- Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.
- Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.
- Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.
- Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.
- Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.

- Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.

- Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

- Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

- Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

- Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.

- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

- Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.

- Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.

EDUCACIÓN LITERARIA

- Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.

- Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.

- Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.

- Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

- Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.

- escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.

- Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

- Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E OS SEUS USOS NO MARCO DE PROPOSTAS DE PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS, ESCRITOS E MULTIMODAIS

- Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.
- Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.
- Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.

MATEMÁTICAS

SENTIDO NUMÉRICO

- Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.
- Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.
- Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.
- Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

SENTIDO DA MEDIDA

- Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
- Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.
- Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.
- Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

SENTIDO ESPACIAL

- Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.
- Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.
- Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

SENTIDO ALXÉBRICO E PENSAMENTO COMPUTACIONAL

- Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.
- Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.

- Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.
- Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.
- Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.
- Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

SENTIDO ESTOCÁSTICO

- Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.
- Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.
- Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

SENTIDO SOCIOEMOCIONAL

- Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.
- Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
- Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.

- Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.
- Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

PROXECTO COMPETENCIAL

DEFINICIÓN DE PROXECTOS

- Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.
- Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.
- Identificar e seleccionar a información que se precisa.
- Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.
- Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.

EXECUCIÓN DE PROXECTOS

- Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.
- Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.
- Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.
- Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.
- Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.

PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

- Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.
- Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.
- Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.
- Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.
- Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE

- Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.

- Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.
- Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.
- Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.
- Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN

- Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.
- Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.
- Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.
- Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.
- Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.

EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE

- Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.
- Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.
- Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.

- Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.

- Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.

EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN

- Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.

- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.

- Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.

- Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.

-Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.

- Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DAS MATERIAS CITADAS (CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, PROXECTO COMPETENCIAL, EDUCACIÓN PLÁSTICA)

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.

- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.

- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.

- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.

-Con tarefas integradoras, que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, investigacións...

-Creando contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma

- Desenvolvendo un modelo que tente conseguir que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica).

-Poñendo en marcha un modelo que lles permita representar a estrutura do que se trate, de xeito sinxelo e claro, polo que se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención). Non perder nunca de vista o carácter interdisciplinar das áreas, mantendo sempre un enfoque globalizador. A aprendizaxe autónoma desenvolverase en actividades individuais e grupais.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.

- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente.

e) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións, co diálogo e a actitude de escoita como punto de partida e de chegada.

-Atendendo a diversidade de cada neno/a e respondendo ás súas necesidades individuais.

-Facilitando actividades de reforzo e ampliación cando sexa necesario.

f) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado dos roles máis adecuados.

- Facilitando a comunicación —diálogo—, como base da comprensión.

- Propiciando a interrelación cos demais grupos.

- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.

- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.

- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.

-Creando grupos de diferentes tipos e variables, segundo sexa o obxectivo a acadar.

g) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.

-Respectando aos demais e as súas diferentes culturas, formas de expresión e de pensar: tolerancia e aceptación da diversidade.

h) Favorecer o uso das novas tecnoloxías.

-Presentándoas como fonte de información e de lecer.

-Utilizándoas como medio de presentación das propostas e dos resultados obtidos.

-Creando un alumnado cada vez máis competente en TIC mediante actividades nas que se integre o seu uso.

RECURSOS PARA AS MATERIAS CITADAS (CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, PROXECTO COMPETENCIAL, EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector, a participación nos diferentes proxectos que se propoñan...; en definitiva, todas as propostas que os materiais, o profesorado e os axentes externos presenten ao longo do curso. Empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, introducindo o tema partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos/as sobre o tema a traballar. Buscarase información xa sexa de internet, folletos publicitarios, libros, recursos externos, etc sobre o tema que se estea tratando. Terase sempre en conta o carácter interdisciplinar das áreas, favorecendo a transversalidade dos contidos de cada unha delas e primando que se acade o maior nivel de competencia.

Tratarase de dar publicidade no centro dos bos hábitos de reciclaxe, coidado do medio ambiente e boa alimentación.

O traballo da aula será en grupo e individual –dependendo da actividade a realizar-, valorando as propostas de todos os compañeiros/as, potenciando a importancia do compañeirismo e o respecto.

Concretando, os recursos a utilizar son:

- Mestra de apoio dentro dos Contratos Programa e mestra do ciclo que fai apoio na aula.
- Orientadora do centro, mestra de PT e mestra de AL.
- Recursos adaptados para o alumnado con NEAE, ACs...
- Mestres especialistas, resto de mestras e mestres do centro e auxiliar de conversa en lingua inglesa.
- Familias.
- Libros de texto e outros materiais informativos.
- Material de traballo elaborado pola titora.
- Material aportado polo alumnado referente ao tema a tratar: fotos, libros, publicidade, folletos...
- Material de refugallo e reciclado.
- Información traída da casa a través de entrevistas, conversas,... .
- Material funxible.
- Panel dixital, ordenador de aula, cámara USB e ordenadores portátiles de uso individual.
- Aula de artística e aula TIC.
- Horta escolar.
- Biblioteca escolar e de aula.
- Internet: actividades, páxinas web sobre os diferentes temas que se traballen, blog, aula virtual. Aula virtual Santillana.
- Saídas complementarias e celebracións escolares. Recursos naturais e de diferentes sectores da contorna.
- Actividades ou proxectos propostos polos diferentes departamentos do centro (EDLG, equipo de biblioteca, Voz Natura) que están programadas ou que van xurdindo ao longo do curso.

ÁREA DE MÚSICA E DANZA

OBXECTIVOS

- Recoñecer propostas artísticas musicais, escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.
- Recoñecer algúns dos elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras.
- Participar na produción de obras básicas de xeito individual ou colectivo utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son e outras ao seu alcance e poñendo en práctica elementos da linguaxe musical.
- Realizar pequenas investigacións acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.

- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.
- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.
- Empraranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordo aos contidos a desenvolver.
- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.
- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianeidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empréganse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.

- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persocal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamento sen prexuízo do traballo individual.
- Empreganse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.
- Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado... t

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS

- Coñecer os efectos beneficiosos da actividade física nos ámbitos físico, mental e social.
- Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable e hixiene corporal.
- Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as peculiaridades individuais.
- Respectar as normas e as regras dos xogos.
- Mostrar unha disposición positiva cara a actividade física e o esforzo.
- Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación durante a práctica motriz.

- Tomar medidas de precaución e prevención de lesións durante a práctica físico-deportiva.
- Adoptar decisións axeitadas en actividades físicas individuais, de cooperación e de oposición.
- Reproducir distintas combinacións de movementos individuais e grupais con intención comunicativa.
- Participar en xogos e actividades motrices arraigados na cultura galega.
- Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural.
- Utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS: nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

RECURSOS: as sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar. Tamén se poderá desenvolver algunha andaina/carreira pola senda litoral ou por pistas forestais do monte Trega.

ÁREA DE LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS

- Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.
- Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.
- Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.

- Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.
- Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.
- Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.
- Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.
- Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.
- Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.
- Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.
- Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.
- Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).
- Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.
- Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos

culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.

- Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

-Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema).

-Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

-Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

-Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é importante a flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

-Atender e apoiar ao alumnado que o precise: apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

-Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade si se basea na actividade: eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos /as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado,

promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

-Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras das súas lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. a equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

RECURSOS

Os recursos cos que contamos para acadar os obxectivos propostos son os seguintes:

MATERIAIS:

- Libros de texto (Pupil's book e activity book "Kids can" de Macmillan).

- Caderno.

- Actividades de atención á diversidade.
- Medios audiovisuais de apoio e a pizarra dixital.
- Fichas.

- Contos.

- Material funxible.
- Xogos de mesa.
- Material auténtico.

ESPACIAIS:

-Aula ordinaria.

-Aula de audiovisuais e informática.

-O patio exterior.

PERSOAIS:

-Mestra e auxiliar de conversa.

ÁREA DE RELIXIÓN

OBXECTIVOS

1. Afondar no pecado humano a través de relatos das relixións antigas.
2. Recoñecer a importancia do perdón para a felicidade.
3. Traballar os relatos bíblicos para identificar a orixe do pecado.
4. Comprender a singularidade do perdón de Deus.
5. Identificar momentos na historia de David onde se abusa da misión de Deus.
6. Coñecer as razóns polas que David sente a necesidade de redención.
7. Ler e recoñecer historias bíblicas onde Deus promete o Mesías.
8. Traballar e comprender as parábolas do perdón.
9. Valorar a sensibilidade de Xesús polos máis necesitados.
10. Recoñecer o cumprimento da vontade do Pai na paixón e morte de Xesús.
11. Comprender como Deus concede o perdón a través do sacramento da Reconciliación.
12. Recoñecer os signos da Eucaristía.
13. Recoñecer na Coresma un tempo penitencial.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
 - Progresiva incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.
 - Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas secuenciadas por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- ✓ Adecuación da metodoloxía ao acnee.

- Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e nunha selección de ligazóns de Internet.

RECURSOS PREVISTOS

Os recursos materiais empregados son: O libro de texto do alumno; Caderno de actividades; Caderno persoal de traballo; Libros de lecturas e de investigación, audios e vídeos de relatos bíblicos, das cancións e melodías, xogos, recursos da aula virtual, o encerado dixital.

Material específico para o acnee.

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas. Os recursos espaciais que empregaremos son: aula Tic e a biblioteca .

A.6. QUINTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS POR ÁREAS

LINGUA CASTELÁ/ LINGUA GALEGA

Bloque 1. A lingua e os seus falantes

- Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.
- Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.
- Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

Bloque 2. Comunicación oral

- Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.
- Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.
- Producir textos orais e escritos de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.

- Expresarse oralmente con coherencia cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.

Bloque 3. Comunicación escrita

- Ler e comprender distintos tipos de textos.
- Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.
- Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.
- Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.
- Producir e elaborar textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes.
- Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.
- Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.
- Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

- Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.
- Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.
- Ler e compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.

Bloque 5. Educación literaria

- Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.
- Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.
- Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.

- escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada
- Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados.
- Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.
- Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.

Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais

- Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, acompañada de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma.
- Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.
- Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.

CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1. Cultura científica

- Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.
- Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables.
- Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos.
- Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.

Bloque 2. A vida no noso planeta

- Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións.
- Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.

- Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.

Bloque 3. Materia, forzas e enerxía

- Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural .
- Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.
- Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.

Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización

- Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.
- Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e beneficios na sociedade.
- Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos

CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía

- Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.
- Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.
- Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables.
- Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos,

Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sustentable

- Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.
- Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.
- Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.
- Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.

Bloque 3. Vivir en sociedade

- Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.
- Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.
- Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.
- Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea.

Bloque 4. Leccións do pasado

- Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.
- Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade.

MATEMÁTICAS

Bloque 1. Sentido numérico

- Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.
- Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.
- Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.
- Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.
- Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.
- Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.
- Utilizar na linguaxe matemática adecuada.

Bloque 2. Sentido da medida

- Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.
- Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.

- Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.
- Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.

Bloque 3. Sentido espacial

- Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.
- Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.

Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional

- Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.
- Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.
- Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.
- Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.
- Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.

Bloque 5. Sentido estocástico

- Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.
- Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.
- Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.
- Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.

Bloque 6. Sentido socioemocional

- Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.
- Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.
- Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.
 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada

OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados
- Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais artísticas plásticas e visuais,
- Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.
- Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- ❖ Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.
- ❖ Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance .
- ❖ Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- ❖ Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.
- ❖ Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- ❖ Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.
- ❖ Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordado.

OBXECTIVOS MÚSICA E DANZA

- Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade e o respecto pola diversidade.
- Recoñecer algúns elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para iniciarse na produción de obras propias.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Construír un estilo persoal baseado na dignidade persoal e respectabilidade.
- Adquirir capacidade de tomar decisións de forma independente, a xestión frustracións e dificultades a superar os sentimentos negativos para os problemas.
- Crear unha imaxe positiva de si mesmo, tomar decisións ponderadas e responsables en base a un auto-concepto bo.
- Estruturar un pensamento eficaz e independente, utilizando as emocións de forma positiva.
- Propoñer retos e realizala los por tomar decisións persoais, ponderadas e responsables, desenvolvendo un sentido de compromiso para si mesmo e outros.
- Usar a capacidade de escoitar e pensar perspectiva con empatía.
- Establecer relacións positivas empregando as habilidades sociais.
- Actuar coa comprensión de tolerancia e aceptación das diferenzas.
- Participar activamente na vida cívica pacífica e democrática transformar o conflito en oportunidade, coñecer e utilizar os pasos da mediación e utilizando unha linguaxe positiva en comunicar pensamentos, intencións e posicións persoais.

- Entender o significado de responsabilidade social e xustiza social a través da reflectida, síntese e estrutura.
- Comprender a declaración de dereitos iguais e non discriminación por razóns de orixe, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándose a á análise da contorna social.
- Valorar o ámbito da seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes.

EDUCACIÓN FÍSICA

- coñecer os efectos beneficiosos da actividade física nos ámbitos físico, mental e social;
- aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable e hixiene corporal;
- integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica motriz;
- respectar as normas e as regras dos xogos;
- mostrar unha disposición positiva cara a actividade física e o esforzo;
- adoptar decisións axeitadas en actividades físicas individuais, de cooperación e de oposición;
- reproducir distintas combinacións de movementos individuais e grupais con intención comunicativa;
- participar en xogos e actividades motrices arraigados na cultura galega;
- participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural;
- utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas;
- identificar e abordar condutas que afectan negativamente á saúde e á convivencia;
- adquirir un progresivo control e dominio corporal;
- adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da actividade física;
- convivir mostrando durante a práctica motriz habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.

LINGUA ESTRANXEIRA

-Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.

-Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.

-Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

-Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).

- Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.
- Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes.
- Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- Usar ferramentas informáticas para completar actividades pre-elaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
- Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...
- Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...
- Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.
- Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.
- Expresa e comprende indicacións e ordes.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.
- Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividadeas...)
- Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

RELIXIÓN

- Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiás e nas relixións monoteístas para mellorar a convivencia.
- Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor, identificar e valorar accións e actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta.
- Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo.
- Identificar e valorar as accións solidarias cos grupos sociais máis vulnerables. Coñecer e respectar a pluralidade das tradicións e expresións que favorecen o coñecemento mutuo intercultural
- Identificar a Xesus Cristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
- Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.
- Descubrir e valorar o patrimonio relixioso que contribúe a construción da identidade das persoas.
- Crear ideas e opinións sobre cuestións diversas a partir das ideas achegadas por outras persoas.
- Adquirir habilidades de organización para a realización de tarefas escolares que promovan a responsabilidade.

MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Áreas Lingua galega, lingua castelá, CC. Sociais, CC. Naturais, Matemáticas, Proxecto competencial e Educación Artística-plástica

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma.
- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos/as, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que permita representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
- Potenciar a actividade.
- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente.
- Motivar axeitadamente.
- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado roles máis adecuados.
- Facilitando a comunicación –diálogo–, como base da comprensión .
- Propiciando a interrelación cos demais grupos.
- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.
- Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.
- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
- Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.

MÚSICA E DANZA

Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.

- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.
- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.
- Empregaranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordo aos contidos a desenvolver.
- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.
- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianeidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empregaranse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.
- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamento sen prexuízo do traballo individual.
- Empregaranse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.
- Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

EDUCACIÓN FÍSICA

Nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

LINGUA ESTRANXEIRA

- Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírlle sentido ao que aprende

(partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema).

- Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.
- Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é importante a flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.
- Atender e apoiar ao alumnado que o precise: apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.
- Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade si se basea na actividade: eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo : iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos /as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras das súas lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. a equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrír os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

RELIXIÓN

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva e coidada incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas: proxectos, traballo cooperativo, interactivo, reforzo, ampliación... secuenciadas por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.

Adecuación da metodoloxía para o acnee.

- Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e ligazóns de Internet.

RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

No que concirne aos recursos, a nosa finalidade é axudaraos alumnos a acadar os obxectivos antes nomeados a través dunha ampla variedade de recursos motivadores.

Como mestres un dos papeis que temos que desenrolar é o de ser un recurso en si mesmo, o principio de non intervención debe ser levado a cabo aínda que debemos estar preparados para axudar aos nosos alumnos cando o necesiten facilitando a súa aprendizaxe; esta axuda debería ser só prestada cando previamente sexa realizado un esforzo por parte do alumno.

É necesario usar unha ampla variedade de materiais que nos permita adaptalos aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos nosos alumnos. Os materiais deben ser estimulantes, innovadores, e respectar as diferentes necesidades educativas dos nenos. A diversidade dos alumnos fai necesario o uso e adaptación de diversos recursos.

Hoxe en día, un importante e motivador recurso, e que é moi útil na aula, é o ordenador e todo o relativo as novas tecnoloxías. Os avances tecnolóxicos aplicados ao ensino ofrecen un mundo de posibilidades que nos axudan a facer que as actividades na clase sexan máis variadas e interesantes para os nosos alumnos. É interesante o uso da PDI na aula como recurso motivador.

Os recursos deben tamén ofrecer unha flexible utilización non so por parte dos alumnos senón tamén dos mestres.

A atención á diversidade precisa tamén de recursos humanos e aquí é importante poder contar con profesorado dispoñible que poida realizar unha labor de apoio dentro e fóra das aulas.

Áreas de Lingua galega, lingua castelá, CC. Sociais, CC. Naturais, Matemáticas e Proxecto competencial.

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible:

- Material do alumno/a: libros do alumno/a de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais da Editorial Santillana .

- Recursos educativos en rede adecuados ós alumnos/as de quinto curso.
- Recursos educativos da aula Abalar.
- Netbooks dos alumnos/as proporcionados polo programa Abalar.
- Ordenador de aula do mestre.
- EDI e proxector.
- Libros de lectura.
- Material de escritura: libretas...

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector...e todas as propostas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso se se consideran axeitadas.

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e plástica tanto de tempos pasados como dos actuais. Empregarase o material Abalar para o acceso a internet e a busca de información. O alumnado disporá dun curso na aula virtual ao que acceder para a consulta de diverso material dixital que facilite o proceso de aprendizaxe.

MÚSICA E DANZA

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado... t

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

EDUCACIÓN FÍSICA

As sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar. Tamén se desenvolverán varias andainas/carreiras pola senda litoral ou por pistas forestais do monte Trega. Por último, durante os meses de marzo, abril e maio desenvolverase unha actividade de natación durante unha das sesións de EF cada semana na piscina municipal da Guarda.

LINGUA ESTRANXEIRA

Os recursos cos que contamos para acadar os obxectivos propostos son os seguintes:

- **MATERIAIS:**

- Libros de texto e caderno (kids can. Editorial Macmillan).
- Ordenadores persoais (Abalar)
- Caderno.
- Actividades de atención á diversidade.
- Medios audiovisuais de apoio e a pizarra dixital.
- Fichas.
- Contos e libros de lectura.
- Material funxible.

- **ESPACIAIS:**

- Aula ordinaria.
- Aula de audiovisuais e informática.
- O patio exterior.

- **PERSOAIS:**

- Mestra e auxiliar de conversa.

RELIXIÓN

Os recursos materiais empregados son: O libro do alumno, a aula virtual do centro, os recursos dixitais, Caderno de actividades; Caderno persoal de traballo, Libros de lecturas e de investigación; audios e vídeos des relatos bíblicos, das cancións e melodías, xogos o encerado dixital e ordenadores así como material específico e adaptado para o acnee.

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas. Os recursos espaciais que empregaremos son: aula TIC e a biblioteca.

A.7. SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

OBXECTIVOS

LINGUA CASTELÁ

1- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor

2-Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura nesta lingua.

3-Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

4-Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de España, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade española.

5. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.
6. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
8. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.
9. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.
10. Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.
11. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.
12. Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición
13. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.
14. Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
15. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.
16. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.
17. Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

LINGUA GALEGA

- 1-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor
- 2-Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura nesta lingua.
- 3-Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.
5. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
6. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.
7. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.
8. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.
9. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.
10. Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.
11. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.
12. Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.
13. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
14. Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.
15. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.
16. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.
17. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.

CIENCIAS DA NATUREZA

1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.

2. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.
3. Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.
4. Analizar a información e os resultados obtidos e comunicar as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.
5. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.
6. Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas, os instrumentos e procesos adecuados.
7. Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.
- 8.Recoñecer, a través de pequenas investigacións, as propiedades do aire, analizando os principios básicos do voo.
9. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. **CIENCIAS SOCIAIS**

1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.
- 2.Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.
- 3.Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.
4. Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.
5. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.
6. Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos coidados, coa corresponsabilidade e coa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.
7. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna

8. Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero.

9. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade

10. Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia.

11.. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do municipio, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.

12. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.

13. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.

14. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.

MATEMÁTICAS

1. . Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.

2. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.

3.Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.

5. . Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.

6. Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente. 7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.

8. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.

9. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.

10. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.

11. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos

12. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.

13. . Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.

14. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.

15. . Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.

PROXETO COMPETENCIONAL

. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.

. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto

. Identificar e seleccionar a información que se precisa.

. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.

Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.

Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista

Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos

Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.

Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.

Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.

Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos

Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.

Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.

Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.

Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de lei, ética, civismo, democracia, xustiza e paz.

Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais

Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.

Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes

Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.

Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.

Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.

Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.

Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.

MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos/as, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que permita representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención)

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente

e) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.

f) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e o modelado roles máis adecuados.

- Facilitando a comunicación –diálogo–, como base da comprensión .
- Propiciando a interrelación cos demais grupos.
- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.

g) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
- Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.

RECURSOS PARA LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, MATEMÁTICAS, PROXETO COMPETENCIONAL E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible.

- Recursos educativos en rede adecuados ós alumnos/as de sexto curso
- Recursos Tic's da aula de informática e Netbooks dos alumnos/as, aula virtual Abalar
- Recursos educativos da aula abalar
- Ordenador de aula

- EDI e proxector
- Biblioteca do colexio
- Libros de texto editorial Santillana
- Libros de lectura
- Dicionarios de Lingua Galega e Lingua Castelá
- Material de escritura: libretas...
- Material de debuxo.
- Material de artes plásticas
- Fichas
- Material manipulativo (regletas, tamgran, calculadora, muráis...)
- Material específico para ACNEE
- Recursos espaciais: aula de 6º, biblioteca, aula de informática, horta escolar, e os diferentes lugares que xurdan para as saídas do centro escolar

ÁREA DE LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS

- Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.
- Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.
- Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.
- Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando

estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.

- Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.
- Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.
- Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.
- Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.
- Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.
- Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.
- Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.
- Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.
- Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.

- Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.
- Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Partir dos coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema).

Favorecer o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

Motivar ao alumnado a través de situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo, que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

Ser flexibles: os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é importante a flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

Atender e apoiar ao alumnado que o precise: apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Centrar a aprendizaxe na actividade: a aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade: eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa

actividade construtivista depende da intervención do mestre/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra a/o alumna/o debendo : iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o/as nenos /as, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumnado, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras das súas lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha lingua accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

RECURSOS

1. MATERIAIS:

-Libros de texto (Pupil's book e activity book "Kids can" de Macmillan).

-Ordenadores persoais (Abalar)

-Caderno.

1.Actividades de atención á diversidade.

2. Medios audiovisuais de apoio e a pizarra dixital.

3. Fichas.

-Contos e libros de lectura.

4. Material funxible.

5. Espazo eTwinning para comunicarnos con alumnado estranxeiro.

❖ ESPACIAIS:

-Aula ordinaria.

-Aula de audiovisuais e informática.

-O patio exterior.

❖ **PERSOAIS:**

-Mestra e auxiliar de conversa

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

OBXECTIVOS

- Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

- Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.

- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- O afondamento progresivo no tratamento dos contidos da área ao longo de toda a etapa.

- O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

- A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese polas artes plásticas, visuais e audiovisuais. Os proxectos son especialmente útiles á hora de motivar o alumnado para adquirir

diferentes coñecementos, desenvolver habilidades e potenciar a súa autonomía. Resulta interesante desenvolver as capacidades plásticas e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do aproveitamento da oferta cultural permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.

– O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades plásticas e visuais. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes soportes e formatos tendo en conta a capacidade de percepción, comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste. Potenciación e valoración do uso de material de refugallo na elaboración de determinadas propostas plásticas, así como o coñecemento e o uso consciente e responsable do material funxible que se vai empregar.

– A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.

– A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande, posibilitando situacións que propicien a comunicación espontánea do alumnado.

– A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da súa autorregulación para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.

– O tratamento das principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais desde unha perspectiva de xénero.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. Os manuais, o emprego das TIC, as saídas do centro escolar, a inmersión no proxecto lector e todas as propostas que o profesorado e axentes externos presenten ao longo do curso, aqueles recursos presentes na contorna natural, social e institucional da comarca, as posibilidades existentes dentro da comunidade educativa e todas aquelas que se presenten ao longo do curso.

Na área educación plástica e visual intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta artística tanto de tempos pasados como dos actuais procurando sempre partir do máis inmediato ao máis afastado da vida cotiá do alumnado.

Empregaremos o seguinte material:

- Material escolar (lapis, goma, afiador, pinturas, regras, compás,...)
- Ordenador, conexión a internet, canón proxector e recursos en liña.
- Diverso material funxible (fichas, cartolinas, celofán de cores....)

- Material de reciclaxe.
- Láminas.
- Aula de educación artística (se fose preciso) a aula ordinaria, diversas localizacións do centro e do seu recinto.

EDUCACIÓN FÍSICA

A) Obxectivos:

- .Coñecer os efectos beneficiosos da actividade física nos ámbitos físico, mental e social;
- Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable e hixiene corporal;
- Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica motriz;
- Respetar as normas e as regras dos xogos;
- Mostrar unha disposición positiva cara a actividade física e o esforzo;
- Adoptar decisións axeitadas en actividades físicas individuais, de cooperación e de oposición;
- Reproducir distintas combinacións de movementos individuais e grupais con intención comunicativa;
- Participar en xogos e actividades motrices arraigados na cultura galega;
- Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural;
- Utilizar de forma adecuada o material e as instalacións deportivas;
- Identificar e abordar condutas que afectan negativamente á saúde e á convivencia;
- Adquirir un progresivo control e dominio corporal;
- Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da actividade física;
- Convivir mostrando durante a práctica motriz habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.

B) Medidas a desenvolver para a súa consecución: nas sesións de EF vou combinar o estilo de ensino chamado instrución directa por parte do mestre (tamén chamado mando directo) con outro chamado indagación do alumnado (tamén chamado aprendizaxe mediante resolución de problemas), pero sempre partindo do nivel de cada grupo e de cada neno ou nena.

C) Recursos previstos: as sesións de EF van desenvolverse tanto no ximnasio do centro, onde se atopa almacenado o material deportivo, como no pavillón escolar. Tamén se desenvolverán varias andainas/carreiras pola senda litoral ou por pistas forestais do monte Trega. Por último, durante os meses de marzo, abril e maio desenvolverase unha actividade de natación durante unha das sesións de EF cada semana na piscina municipal da Guarda.

MÚSICA E DANZA

OBXECTIVOS

- Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.
- Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Procurarase traballar na procura do desenvolvemento do currículo de xeito que encamiñemos ao alumnado cara a consecución dos obxectivos establecidos e, polo tanto, a adquisición das competencias clave.

- Traballarase cara o afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza.
- A metodoloxía a empregar estará baseada na práctica e tentará involucrar ao alumnado de xeito activo fomentando a motivación de cara a participación de todo o alumnado. Para isto é aconsellable que as actividades teñan un carácter lúdico e ameno cando sexa posible.
- Empraranse distintas metodoloxías específicas da materia (Orff- Wuytack, Dalcroze, Kodály,...) de acordo aos contidos a desenvolver.
- Tentarase facer unha aproximación aos contidos de xeito experimental ou vivenciado para facilitar a súa comprensión e interiorización.
- Tratarase de partir da realidade máis inmediata ao alumnado para avanzar cara a situacións máis afastadas da cotidianeidade das nenas e nenos e a aspectos máis xerais da música e a danza. Cando sexa posible, empregaranse os centros de interese a traballar polo grupo para aproveitar a curiosidade e motivación que estes espertan e facilitar a construción de coñecementos.
- Empréganse recursos variados e de distintos formatos no achegamento aos contidos de xeito que se facilite a comprensión e interiorización de conceptos.
- Procurarase implicar ao alumnado na toma de decisións como medida facilitadora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
- Variaranse os tipos de agrupamento sen prexuízo do traballo individual.
- Empréganse diversas actividades que promovan a expresión de sentimentos a través da música e a danza.
- Nas distintas actividades e contidos a traballar estará sempre presente a concienciación da importancia da igualdade de xénero e o rexeitamento a calquera tipo de violencia.

RECURSOS

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizaremos todos aqueles recursos que propicien a maior efectividade posible. O emprego das TIC, a contorna social, cultural e natural; o PDI da biblioteca e os recursos desta; as propostas chegadas desde a comunidade educativa, centros de ensino e asociacións da comarca; a colaboración co resto do profesorado... t

Na área artística intentaremos achegar ao alumnado unha ampla oferta musical e dancística tanto de tempos pasados como dos actuais, partindo da nosa cultura para achegarnos a outras tendo especial importancia as do alumnado procedente doutros lugares.

A aula virtual do centro será un centro de recursos tanto para alumnado como para o desenvolvemento das clases e en ocasións servirá como vía de comunicación entre o propio alumnado e deste co mestre.

RELIXIÓN

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
2. Aceptar que para ser feliz necesitamos un Salvador.
3. Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
4. Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
5. Apreciar a riqueza dos textos históricos.
6. Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
7. Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
8. Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
9. Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
10. Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
11. Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva e coidada incorporación dos contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás, contextualizadas que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación das aprendizaxes, e que conecten coas competencias básicas identificadas.

- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas: proxectos, traballo cooperativo, interactivo, reforzo, ampliación... secuenciadas por nivel de dificultade e que facilitan o traballo por competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Adecuación da metodoloxía para o acnee.
- Diversos recursos dixitais usados tanto no encerado dixital coma no ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e ligazóns de Internet.

RECURSOS PREVISTOS

Os recursos materiais empregados son: O libro do alumno, a aula virtual do centro, os recursos dixitais, Caderno de actividades; Caderno persoal de traballo, Libros de lecturas e de investigación; audios e vídeos des relatos bíblicos, das cancións e melodías, xogos o encerado dixital e ordenadores así como material específico e adaptado para o acnee.

Entre os materias persoais contamos coa colaboración dos titores e mestres especialistas. Os recursos espaciais que empregaremos son: aula ordinaria, aula de audiovisuais e a biblioteca.

C. MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO

Este curso realizouse nos cursos pares, un reparto de materias impartidas en lingua castelá e galega para cumprir co establecido no Decreto 70/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia completando así o feito nos cursos impares o ano académico anterior.

Tamén se tivo en conta a enquisa feita ao alumnado que iniciou a educación infantil este ano como era preceptivo segundo se recolle no apartado 2 do artigo 5º do capítulo III do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, para determinar a lingua materna predominante. Os pais e nais manifestaron que a linguas maternas predominantes son o galego e o castelán. Por unha banda, un total de dez pais e nais comunícanse cos seus fillos/as empregando tanto o galego coma o castelán, tres familias restantes usan o árabe, o castelán e o galego respectivamente e a familia restante emprega castelán, galego e inglés.

Conseguentemente na aula empregárase a lingua castelá e a galega.

Continúase coa AULA DE CONVIVENCIA quedando recollido espazos, profesorado normas... segundo vén lexislado no artigo 47 ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Este punto está recollido no Plan de Convivencia e no NOF do centro.

D. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

D.1. AULAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

Neste curso académico o centro , dadas as características do alumnado, segue contando con dúas especialistas de PT a tempo completo e unha AL a tempo completo para atender ao alumnado con necesidades educativas. Tanto as especialistas en Pedagogía Terapéutica como a de Audición e Linguaxe levarán adiante a intervención que se concrete nas AC e nos programas de intervención que se elaboraran para cada alumno/a previo informe Psicopedagóxico (O. 8 de setembro 2022). A previsión dos apoios seguindo as necesidades detectadas e os acordos da PXAD é a seguinte:

Alumnado con ACS, alumnado con N.E.E, alumnado con dificultades de aprendizaxe asociadas a trastorno específico da linguaxe, dificultades de lectoescritura, cálculo e resolución de problemas. Priorizarase a atención ao alumnado de niveles máis baixos para evitar futuras dificultades así como aqueles que teñan un maior desfase curricular co seu grupo de referencia.

OBXECTIVOS

Os obxectivos serán flexibles e susceptibles de modificacións ou supresións, incluso puidérase engadir algún novo en función das competencias alcanzadas polo alumnado. A continuación expóñense os

obxectivos:

En relación ao contexto:

- Implicar e fomentar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as e concienciar da importancia dunha detección e intervención temperá.
- Concienciar e potenciar actitudes e valores democráticos que faciliten a inclusión creando un clima idóneo en beneficio da comunidade educativa.

Referidos ao centro:

- Favorecer a creación de vínculos de coordinación e colaboración entre os profesionais implicados e cos servizos externos ao centro.
- Sensibilizar e comprometer á comunidade educativa no desenvolvemento do Plan de apoio.
- Participar e colaborar no CPInlúe que se vai desenvolver este curso no centro.

En canto ao alumnado:

- Organizar os recursos materiais e humanos para a adecuada atención educativa.
- Adaptar a resposta educativa as necesidades do alumnado, mención especial ás dificultades que presenta o ACNEAE.
- Favorecer a inclusión do alumnado en xeral e, en especial, o ACNEAE.
- Alentar a cada alumno/a para que alcance o seu pleno potencial tendo en conta as súas capacidades para adaptarse a sociedade.

- Potenciar unha metodoloxía que respecte os distintos ritmos individuais, favoreza a colaboración e garante a adquisición dunha formación básica para todos/as atendendo á diversidade.
- Desenrolar os procesos cognitivos; especialmente ós referidos a comprensión e expresión oral e escrita, así como o razoamento lóxico e matemático.
- Abordar o desenvolvemento dos requisitos da comunicación e linguaxe oral e escrita.
- Traballar os distintos compoñentes da linguaxe oral: fonética, fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática.
- Intervir sobre as causas que xeran as alteracións comunicativo-lingüísticas, sempre que sexa posible, para diminuír o número de alteracións.
- Identificar necesidades específicas na linguaxe e levar a cabo o seu tratamento dende o momento da súa detección.
- Rehabilitar trastornos/alteracións xa instaurados nos alumnos/ as

Os obxectivos anteriores se levarán a cabo a través dos contidos:

CONTIDOS

- **Reforzo e apoio das ACS:** consecución dos obxectivos propostos na ACS.
- **Procesos psicolóxicos básicos:** Atención , percepción e memoria.
- **Procesos psicolóxicos superiores:** razoamento mediante a observación de semellanzas e diferenzas e clasificación, xeneralización de aprendizaxes.
- **Funcións executivas:** planificación, memoria de traballo, auto-regulación, meta cognición.
- **Reforzo de noións de cálculo e resolución de problemas.**
- **Orientación Espacial, esquema corporal e motricidade.**
- **Autonomía persoal, inhibición da conducta e actividades da vida diaria.**
- **Lecto escritura:** conseguir un dominio lecto-escritor suficiente que lle capacite para un normal desenvolvemento no resto das aprendizaxes escolares.
- **Estimular habilidades lingüísticas** na expresión e comprensión oral e escrita.
- **Abordar a forma, contido e uso da linguaxe.**
- **Prerrequisitos básicos da comunicación e da linguaxe oral.**
- **Habilidades sociais,** imitación e resposta social, regulación emocional, xogo, imaxinación e flexibilidade e adaptación os cambios.

ESTRATEGÍAS METODOLÓXICAS

Os principios pedagóxicos que se terán en conta na etapa de infantil son, entre outros, organizar os contidos seguindo un enfoque "globalizador", formular preguntas abertas para propiciar os intercambios comunicativos, destacar a importancia dos aspectos lúdicos e crear un clima cálido e de afecto como fío condutor de todo o proceso de ensino aprendizaxe. Na etapa de primaria empregaranse metodoloxías activas, inclusivas, comunicativas, e participativas, onde a acción educativa buscará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes e o goce pola lectura será un factor fundamental no desenvolvemento das competencias clave.

Tomaremos como base un aprendizaxe lúdico e motivador onde o alumno será protagonista do seu aprendizaxe respectando sempre o seu ritmo. Traballarase a estimulación cognitiva, empregaranse estratexias de lectura e potenciaranse a comprensión e aplicación de coñecementos da vida diaria a mediante aprendizaxes significativos. Debido as dificultades para autoevaluarse e autorregularse, ofrecerase feedback sobre a súa execución mediante o reforzo positivo. As actividades serán diversas e curtas para garantir a atención, motivación e interese do alumnado e evitar a fatiga, desenvolvéndose nun clima de confianza e respecto.

RECURSOS

Recursos materiais: empregaremos todos os recursos materiais e persoais dispoñibles no centro. Os materiais poderán ser tanto de elaboración propia como editados e, durante o curso, poderanse adquirir novos recursos en función das necesidades dos alumnos/as atendidos.

Recursos organizativos dicir que fan referencia aos tipos de agrupamentos do alumnado e á organización espazo temporal . Poderá ofrecerse dentro da aula ordinaria ou fora desta con carácter excepcional. Os apoios poderán ser individuais ou en pequeno grupo. A hora de facer os agrupamentos terase en conta o grupo de referencia e as necesidades educativas.

Recursos humanos: recursos internos : titores, DO e coidadoras. Recursos externos: Servizo de Atención Temperá (SAT) para dar resposta ás necesidades temporais e permanentes do alumnado en idades comprendidas entre 0 e 6 anos, especialista da ONCE, COGAMI, Equipo de Orientación Específico e gabinetes.

AVALIACIÓN

O comezo do curso, farase unha avaliación inicial de cada alumno/a para coñecer o seu nivel, tanto de competencia curricular coma da evolución das necesidades recollidas no informe psicopedagóxico, e que servirá como punto de partida para elaborar o plan de intervención individual.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos propostos. Servirá para axustar a axuda pedagóxica e terá un carácter personalizado.

A avaliación será continua, baseada na observación personalizada, nas probas específicas e no traballo persoal do alumno/a.

Trimestralmente na sesión de avaliación informarase dos avances e retrocesos dos alumnos/as e se é preciso faremos os axustes necesarios para palialos.

Ao remate do curso farase unha avaliación final para establecer o nivel de desenvolvemento acadado polos alumnos/as. Isto quedará reflexado nun Informe final, individual para cada alumno/a.

Os criterios da avaliacións partirán dos obxectivos fixados nos programas de intervencións partindo dos contidos dos decretos de cada etapa educativo D.155/2021 para Educación primaria e Decreto 150/2022, do 8 de setembro para educación infantil podendo ser modificados o adaptados para o alumando con ACS seguindo a O.8 se setembro 2021.

No referente a atención a diversidade seguiremos as directrices establecidas na orde de atención a diversidade (8 de setembro 2021) que desenvolve o D229/2011 de atención a diversidade en Galicia.

TEMPORALIZACIÓN:

A distribución do horario da aula de PT e de AL é concretado pola xefa do departamento de orientación e a xefatura de estudos, faise tendo en conta as necesidades de cada neno/a, o número de sesións que precisa cada un, os horarios das aulas ordinarias e os apoios dentro das aula. As sesións quedaran reflexadas nos programas de intervención individuais.

E. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Descrición:

Zona educativa: A Guarda – Santa María

Código: 36003959

Domicilio: Rúa Tui, 15

Teléfono: 886110086 / 87 / 88 / 89

Localidade: A Guarda

Concello: A Guarda

Tipo: Centro Público de Educación Infantil e Primaria

Centro ao que está adscrito: I.E.S. A Sangriña, A Guarda

Número de unidades: tres de infantil e seis de primaria

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/>

Enderezo electrónico: ceip.manuel.sinde@edu.xunta.gal

Matrícula para o curso 2023-2024:

CURSOS	NENAS	NENOS	TOTAL	TOTAL
4º Educación Infantil	8	7	15	35
5º Educación Infantil	3	5	8	
6º Educación Infantil	8	4	12	
1º Educación Primaria	9	15	24	116
2º Educación Primaria	7	14	21	
3º Educación Primaria	10	8	18	

4º Educación Primaria	8	9	17	
5º Educación Primaria	5	16	21	
6º Educación Primaria	5	11	16	
TOTAL	63	87		152

Os datos da matrícula recollidos no momento de aprobación da PXA para este curso 2023/2024 é de 152 alumnos/as, sendo 117 de educación primaria, e 35 de educación infantil. Estamos pendentes de dar de baixa a un alumno e unha alumna de infantil e unha alumna de primaria en canto nos confirmen a matrícula nun centro da Comunidade Valenciana.

Organización pedagóxica:

O catálogo de postos de traballo do noso centro é o seguinte :

	31 EI	32 FI	33 FF	34 EF	35 EM	36 PT	37 AL	38 EP	DO	REL	TOTAIS
CATALOGADOS	4	1	1	1	1	1	-	5	-	-	14
FUNCIONANDO	4	1	1	1	1	2	1	5	1	1	18

A mestra de relixión é compartida co CEIP Nicolás Gutiérrez Campo e ten como base o no noso centro, comparte o horario segundo as necesidades dos centros. Este ano permanecerá no noso centro os luns, mércores e venres.

A Orientadora é compartida co centro Nicolás Gutiérrez Campo "As Solanas", sendo o noso o seu centro base. Atende o noso centro os martes, mércores e os venres en xornada completa. Tamén está no noso centro nas tardes do 1º, 3º e, de ser o caso, 5º martes de cada mes.

A mestra de Audición e Linguaxe este curso está a xornada completa no centro en Comisión de Servizos por atención preferente. Continuará a atender as necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ademais dos outros casos con necesidades de atención de A.L.

Tres mestras de primaria teñen destino definitivo no centro mentres que as titoras de 3º de educación primaria ten destino definitivo como mestra de Francés pero encárgase dunha titoría ao non haber alumnado nesta especialidade. As titoras de 2º e 5º teñen destino provisional ocupando as prazas de dúas mestras xubiladas o 31 de agosto de 2023.

As catro mestras de educación infantil teñen destino definitivo do centro. Tres ocúpanse dunha titoría e a cuarta mestra prestará apoio a todo o segundo ciclo desta etapa educativa dando prioridade ás necesidades educativas. Tamén impartirá a atención educativa.

A mestra de lingua inglesa ten destino definitivo no centro. Imparte esta materia no segundo ciclo de educación infantil e en toda a educación primaria mais unha sección bilingüe de plástica en 1º e 2º de

primaria.

Este curso temos asignado novamente un auxiliar de conversa. Este ano estará no noso centro desde o 1 de outubro ata o 31 de maio os martes e mércores completando en total 8 horas. O resto de horas ata completar as dezaseis estará no CEIP As Solanas no que ten o centro base. O auxiliar de conversa nomeado é Jacob Vahradyan de nacionalidade estadounidense.

Este curso continuamos dispoñendo dunha coidadora a tempo completo como ao remate do curso pasado.

F. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

F.1.CONSELLO ESCOLAR

SECTOR	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	Don Javier Constenla Ribadeo
SECRETARIO	Don Luís Alberto Alonso Vicente
XEFA DE ESTUDOS	Dona Marcolina Núñez Franco
REPRESENTANTES PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS	Don Daniel Alonso Pérez Dona Gemma María Álvarez González Don Luis Eduardo Castro Rodríguez (ANPA) Dona Leticia Martínez Pérez Dona Zaira Rodríguez Vicente
REPRESENTANTES DO PROFESORADO	Dona Belén Bascoy Cao Dona Nerea Costas Pereira Dona María del Carmen González Barbosa Dona Jennifer Otero González Dona Iris Rodríguez Rodríguez
REPRESENTANTE CONCELLO	Don Roberto José Álvarez Carrero
REPRESENTANTE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	Dona María Teresa Pérez Cadilla
COMISIÓN ECONÓMICA	Don Javier Constenla Ribadeo (director) Don Luís Alberto Alonso Vicente (secretario) Dona Nerea Costas Pereira (representante profesorado) Dona Zaira Rodríguez Vicente (representante das

	familias)
COMISIÓN DE BIBLIOTECA	Don Javier Constenla Ribadeo (Director) Dona Beatriz Lomba Portela (coordinadora biblioteca) Dona Leticia Martínez Pérez (representante das familias) Don Roberto José Álvarez Carrero (representante do Concello) Dona Jennifer Otero González (representante do profesorado) Don Luis Eduardo Castro Rodríguez (representante da ANPA)
COMISIÓN DE CONVIVENCIA	Don Javier Constenla Ribadeo (Director) Dona Marcolina Núñez Franco (secretaria e representante do profesorado) Don Luis Eduardo Castro Rodríguez (representante da ANPA e das familias) Dona María Teresa Pérez Cadilla (representante do PAS)

O Consello escolar como órgano representativo de toda a comunidade escolar, a través do cal poden participar na xestión do centro, reunirse sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións que ten atribuídas (Capítulo III, artigo 127 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa). As reunións celebraranse os primeiros martes do mes de 17:00 a 18:00 horas, preferentemente. Se non fose posible axustarse a este horario, celebraríase noutro día e mesmo noutra hora que previamente sería comunicada. Nun principio procurárase respectar o calendario de reunións establecido pola xefatura de estudos.

F.2. CLAUSTRO DE PROFESORES: ADSCRICIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	Titora de 4º Educ. Inf.: Dona María Montserrat Garcés Domínguez Titora de 5º Educ. Inf.: Dona Isabel Martínez Álvarez Titora de 6º Educ. Inf.: Dona María del Carmen González Barbosa Mestra de apoio de Educ. Inf.: Dona Iris Rodríguez Rodríguez
--------------------	---

	COORDINADORA: Dona María Montserrat Garcés Domínguez
EDUCACIÓN PRIMARIA	<p>1º CICLO:</p> <p>Titora de 1º de primaria: María Merino Arévalo</p> <p>Titora de 2º de primaria e coordinadora: Mirian Padín Chaves</p> <p>2º CICLO:</p> <p>Titora de 3º de primaria: Dona Jennifer Otero González</p> <p>Titora de 4º de primaria e coordinadora: Dona Mercedes Sánchez García</p> <p>3º CICLO:</p> <p>Titora de 5º de primaria e coordinadora: Alba Abalo Diéguez</p> <p>Titora de 6º de primaria : Dona Belén Bascoy Cao</p>
	<p>Dona Beatriz Lomba Portela: mestra de relixión en infantil e primaria.</p> <p>Dona Lucía Nóvoa Fragata: mestre de inglés en primaria e educación infantil e plástica na sección bilingüe de 1º e 2º.</p> <p>Don Luís Alberto Alonso Vicente: mestre de educación física en primaria e educación infantil.</p> <p>Dona Marcolina Núñez Franco: mestra de pedagogía terapéutica.</p> <p>Dona Nerea Costas Pereira: mestra de pedagogía terapéutica.</p> <p>Dona Ester Pérez Martínez: mestra de audición e linguaxe.</p> <p>Don Javier Constenla Ribadeo: mestre de educación musical en infantil e primaria.</p> <p>Dona María Begoña Alonso Alonso: xefa do Departamento de Orientación.</p>

Ata o momento producíronse as seguintes substitucións do profesorado.

- Dona M^a Begoña Alonso Alonso, substituída por dona Antía Ramos Louzán.
- Dona Alba Abalo Diéguez, substituída por dona María Juncal Pérez

As reunións de claustro e reunións informativas celebraranse sempre que sexa posible o 1º martes de mes de 17:00 a 18:00 h.

Son competencias do claustro de profesores (Artigo 129, capítulo III da Lei orgánica 2/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)

- a) Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola presente Lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos e candidatas.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe el centro.
- h) Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización y funcionamento.

G. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Director	Don Javier Constenla Ribadeo
Xefa de estudos	Dona Marcolina Núñez Franco
Secretario	Don Luís Alberto Alonso Vicente

Este equipo directivo procurará traballar de forma coordinada no desempeño das súas funcións cara a consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do Consello escolar e do claustro de profesores.

Reuniranse semanalmente os luns na primeira sesión da mañá ou na última sesión dos venres

Procurarase seguir o establecido no proxecto de dirección, sen prexuízo das modificacións que se consideren precisas polo ben do centro ou por consecuencias derivadas das medidas tomadas durante a pandemia.

H. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.

O horario do centro é de xornada continuada en sesión única de mañá. O horario lectivo é de 9:00 a 14:00 horas todos os días.

O Centro abrirá as súas portas ás 8:50 horas e pechará ás 14:15 horas.

Seguindo o establecido na Orde do 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral dos centros (DOG 30-6-2011), o profesorado completará unha xornada semanal de 37 h. 30 m. das cales 30 corresponderán a actividades con presenza no centro, das que 25 horas terán carácter lectivo.

Para o profesorado as 5 horas non lectivas de permanencia no centro, serán 3 horas os martes para todo o profesorado de 16:00 a 19:00, e completaranse con 15 minutos nas horas de entrada pola mañá e 15 minutos nas horas de saída agás martes e venres.

No horario dos martes pola tarde: de 16:00 a 17:00 o profesorado atenderá as familias e o resto do horario dedicarse a reunións, coordinacións e dinamizacións.

Para un mellor aproveitamento das tardes do martes distribúese o tempo de acordo ao seguinte horario:

16:00 – 17:00	ATENCIÓN A PAIS/NAIS – REUNIÓN PROFESORADO 3º
17:00 – 18:00	1º MARTES → CLAUSTRO /REUNIÓN INFORMATIVA / CONSELLO ESCOLAR 2º MARTES → REUNIÓN DO EQUIPO DE ACTVS. COMPL. E EXTRAESC. (FESTIVIDADES) 3º MARTES → REUNIÓN DA C.C.P. / REUNIÓN D.O. 4º MARTES → REUNIÓN DE CICLOS,CURSOS...
18:00 – 19:00	TRABALLO DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN: BIBLIOTECA-TIC-PROGRAMAS INTERNACIONAIS- DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (1º MARTES DO MES: REUNIÓN DAS PERSOAS COORDINADORAS)

Está previsto abrir a biblioteca escolar as tardes dos venres, coincidindo con actividades extraescolares, de 16:00 a 18:00 horas.

Haberá un único horario de recreo para educación infantil e primaria, permanecendo as dúas etapas ao mesmo tempo no patio mais en zonas diferenciadas de xeito que non haberá contacto entre alumnado de diferentes etapas.

O horario estará distribuído en 5 sesións de 50 minutos, tendo 20 minutos despois do recreo dedicados á "hora de ler". Todo o alumnado do centro sairá ao recreo ás 11:30 horas e a entrada será ás 12:00 horas.

1ª SESIÓN	De 09:00 a 09:50 horas
2ª SESIÓN	De 09:50 a 10:40 horas

3ª SESIÓN	De 10:40 a 11:30 horas
RECREO	De 11:30 a 12:00 horas
HORA DE LER	De 12:00 a 12:20 horas
4ª SESIÓN	De 12:20 a 13:10 horas
5ª SESIÓN	De 13:10 a 14:00 horas

A hora de ler será atendida polo profesorado establecido no horario e que non ten por que coincidir con aquel que imparta clase na cuarta sesión.

A proposta do claustro para os días non lectivos de conveniencia pedagóxica que recolle a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 son o 13 de outubro e o 20 de maio. Esta data é común para todos os centro educativos da vila.

Criterios que se tiveron en conta para a elaboración de horarios:

Fíxanse primeiramente os días para impartir relixión (luns, mércores e venres), por tratarse dunha mestra que ten docencia compartida co CEIP As Solanas.

Fixarase a hora de educación física de 5º e 6º de primaria de xeito que cadren coas horas de asistencia á actividade na piscina municipal nos meses de marzo, abril e maio.

Establecéronse as horas de inglés de xeito que o auxiliar de conversa acuda ao maior número de aulas posible.

Tívoise en conta o horario da orientadora por estar esta compartida.

Asignéronse horas de apoio para o traballo de mellora das competencias nos grupos de 1º a 6º de Primaria unha sesión para a competencia lingüística e outra para a competencia STEM.

Tivéronse en conta as necesidades educativas do 1º ciclo.

Procurouse non poñer materias de especialistas nas dúas primeiras sesións de educación infantil e do primeiro ciclo de primaria

O resto do horario ata cumprimentar as 25 horas lectivas dedicaranse a:

- Funcións de dirección
- Actividades de apoio nas aulas e reforzo educativo (alumnado con dificultades e alumnado estranxeiro)
- Funcións de coordinación
- Biblioteca

As mestras de pedagogía terapéutica e a mestra de audición e linguaxe elaboraron o seu horario despois de ter asignadas as materias en todos os cursos, non podendo atender aos alumnos nas materias dos

especialistas.

I. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

Zonas de vixilancia:

- Interiores do colexio: tenis de mesa e cociñas (distribuidor e recibidor do ximansio respectivamente)
- Patios: Patio de infantil, pavillón, zona de xogos, patio exterior, entrada e baño.

Quendas de vixilancia:

O número de alumnado no recreo é de 150, dos que 116 son de educación primaria e 34 de educación infantil. Tendo en conta as ratios para a hora do recreo necesitamos de 2 mestres ou mestras para o alumnado de Educación infantil, outras tres persoas para Educación primaria e 1 máis en tenis de mesa / cociñas 2 días da semana. Os días que chova, o alumnado de Primaria deberá facer o recreo no pavillón ou na biblioteca e o alumnado de infantil na aula de psicomotricidade.

O alumnado pode acudir á biblioteca ao soar o timbre e, se o desexa, baixar posteriormente ao patio. Non se pode subir á biblioteca unha vez se está no patio.

Os xoves, dúas mestras, realizarán actividades dinámicas e inclusivas durante o tempo de recreo.

Inicialmente será para o grupo de 2º de primaria e posteriormente valorarase amplialo a outros grupos.

As quendas de vixilancia para a hora do recreo serán como queda reflectido na seguinte táboa:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
INFANTIL	Isa Monste	Mari Lucía	Montse Alberto	Isa Iris	Mari Begoña
PRIMARIA	Mercedes Mirian Ester	Marcolina Nerea Jenny	María Belén Mercedes	Marcolina Ester Alba	Nerea Belén Alberto
TENIS DE MESA COCIÑAS	Mestra/e de PROA+	--	Javier	--	--
BIBLIOTECA	Alba	María	Iris	Lucía	Bea
PATIOS INCLUSIVOS				Mirian Jenny	

Estableceuse o seguinte reparto de uso de zonas:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES

3º CICLO	PATIOS	PAVILLÓN	PATIOS TENIS DE MESA	PAVILLÓN	PATIOS
2º CICLO	PATIOS TENIS DE MESA E COCIÑAS ¹	PATIOS	PAVILLÓN	PATIOS	PAVILLÓN
1º CICLO	PAVILLÓN	PATIOS	PATIOS COCIÑAS	PATIOS	PATIOS
INFANTIL	PATIO INFANTIL	PATIO INF. PATIO SOL ²	PATIO INFANTIL	PATIO INF. PATIO SOL ²	PATIO INFANTIL

¹ Poderase empregar unha vez que se conte con profesorado para o PROA+

² O patio do sol poderá ser empregado polo alumnado de primaria se non acode a el o alumnado de infantil.

Só se pode xogar ao fútbol no pavillón agás os días de choiva que non se poderá pola aglomeración de xente.

J. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

O equipo directivo conta con 17 horas de dispoñibilidade para o exercicio das súas funcións, a repartir entre todos os membros:

Director: 7 horas; Xefa de estudos: 5 horas; Secretario: 5 horas.

Na elaboración dos horarios tívose en conta:

Coincidencia das tres liberacións un día na semana, co fin de ter unha reunión, esta hora será os luns na primeira sesión.

Procurase ter dispoñibilidade horaria da Dirección nas primeiras sesións de cada día e nalgunhas das últimas para poder atender aquelas situacións que de forma extraordinaria se poidan producir.

a secretaría terá dispoñibilidade horaria preferentemente as primeiras e últimas horas para atender ao público.

EQUIPO DIRECTIVO curso 2023-24					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9: 00 - 9:55	DIRECCIÓN XEFATURA SECRETARÍA	DIRECCIÓN SECRETARÍA	DIRECCIÓN XEFATURA SECRETARÍA	DIRECCIÓN SECRETARÍA	DIRECCIÓN SECRETARÍA
9:55 - 10:50					
10:50 - 11:30		XEFATURA			
12:00 -13:10				XEFATURA	
13:15-14:00	DIRECCIÓN				DIRECCIÓN

					XEFATURA
--	--	--	--	--	----------

K. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

K.1. EQUIPOS DE CICLO:

EDUCACIÓN INFANTIL

Coordinadora:	Dona Isabel Martínez Álvarez
María Montserrat Garcés Domínguez	Dona María del Carmen González Barbosa
	Dona Iris Rodríguez Rodríguez
	Dona María Montserrat Garcés Domínguez

EDUCACIÓN PRIMARIA

	Dona María Merino Arévalo
1º CICLO	Dona Mirian Padín Chaves
	Dona Nerea Costas Pereira
Coordinadora: Dona Mirian Padín Chaves	Dona Ester Pérez Martínez
	Don Javier Constenla Ribadeo
	Dona M ^a Begoña Alonso Alonso
2º CICLO	Dona Mercedes Sánchez García
	Dona Jennifer Otero González
Coordinadora: Dona Mercedes Sánchez García	Dona Beatriz Lomba Portela
	Dona Lucía Nóvoa Fragata
3º CICLO	Dona Alba Abalo Diéguez
	Dona Belén Bascoy Cao
Coordinadora: Dona Alba Abalo Diéguez	Don Luís Alberto Alonso Vicente
	Dona Marcolina Núñez Franco

* O director e a orientadora realizarás apoio ao ciclo no que se considere máis preciso en cada momento.

As reunións dos equipos de profesores faranse o cuarto martes do mes, segundo as necesidades poderán ser as titoras de cada curso ou con todo o profesorado que dá clases nesas cursos. Prevese facer reunións os martes do profesorado de A.L. e P.T. coas titorías que teñen alumnado con necesidades educativas especiais. Cada titora dos cursos de primaria recollerá por escrito os acordos tomados nesas reunións. O ciclo de educación infantil manterá a súa reunión de ciclo por separado ou conxuntamente segundo sexa preciso, levantando acta da reunión.

Datas de avaliación:

K.2. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

OXECTIVOS

OBXECTIVOS RELATIVOS Á ORGANIZACIÓN:

Coordinar. Traballar de xeito coordinado: co profesorado, cos pais e co resto de equipos que existen no centro: Equipo de Dinamización da lingua galega (EDLG), Extraescolares (EE), VOZ NATURA, TICS, ... e titores co fin de levar a cabo unha actuación común en beneficio do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Organizar espazos. Colocar o material de certos espazos nos andeis do novo mobiliario. Reorganizar o espazo creativo, catalogar os fondos, material manipulativo e de investigación e darlle difusión. Colaborar dos titores na organizar das bibliotecas de aula.

Catalogar. Continuar coa catalogación e rexistro dos novos fondos a través do programa Meiga, en base a CDU. Clasificar, catalogar os xogos de mesa para a súa difusión. Seguir empregando os pictogramas na nosa CDU nos espazos e estantes da biblioteca. Ampliar a zona de pais/nais.

OBXECTIVOS RELATIVOS Á DINAMIZACIÓN:

Revitalizar. Facer da biblioteca o centro de recursos que se achega a toda a Comunidade Educativa, implicar as familias en determinadas actividades relacionadas co proxecto. Dinamizar as sección de lectura recreativa e de consulta. Creación de vídeos e gravacións por parte do alumnado.

Facilitar e apoiar na investigación de pequenos proxectos de investigacións e experimentación. Iniciar no manexo de pequenos robots en formación de usuarios e actividades de animación á lectura.

"Bloguear". Manter actualizado o blogue "Bibliosinde". Publicar as novas, actividades, recursos e novidades. Difusión en redes sociais.

Competencias clave. Usar os recursos da biblioteca para contribuír á adquisición de todas as competencias. Seguir ampliando os fondos de consulta en diferentes soportes.

Atender á diversidade. Converter a BE no núcleo organizador de actividades de apoio para alumnos con necesidades especiais e en fonte de recursos para aqueles con menos recursos. Seguir adquirindo máis material e dar a coñecer o material de biblioteca inclusiva.

Deseñar actividades para o fomento da lectura e da escrita en distintos soportes aumentando a produción en formato dixital.

OBXECTIVOS RELATIVOS Á FORMACIÓN:

Formar ao equipo. Facilitar a participación en cursos de formación relacionados coas BE para o profesorado do Equipo de Biblioteca do centro, así como para o resto do claustro. Formar no Meiga aos novos membros do claustro.

Formar usuarios. Ensinar e habitar ao alumnado á desenvolverse na biblioteca e respectar as normas da nosa biblioteca. Así coma o inicio do uso do catálogo na rede..

Formación de axudantes. Establecer as funcións e actividades para desenvolver por parte deste alumnado.

Educar no acceso á información (educación documental). Conseguir que a biblioteca continúe sendo o motor do centro, nunha fonte de información e nun novo espazo de aprendizaxe a través de pequenas

investigacións, o emprego dos QR como fonte de información, facilitar tutoriais e a charlas sobre o uso correcto dos recursos dixitais.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

O equipo da biblioteca está formado por Beatriz Lomba Portela (Coordinadora cunha hora de coordinación e tres de dinamización), parte do equipo cunha hora no seu horario agás un mestre sen horas no seu horario e polo tanto dinamiza co resto do equipo os martes de 18 a 19 horas. O equipo está formado por: M^a Montserrat Garcés, Iris Rodríguez Rodríguez, Alba Abalo Diéguez, Lucía Novoa e Maria Merino . Nesas horas realizaranse actividades de formación do alumnado, actividades de animación á lectura e a escritura, tarefas de educación documental e outras de organización, investigación e difusión do proxecto de investigación do centro, este ano relacionado coa "Historia da escritura". Ademais doutras labores de organización e xestión da biblioteca.

Durante todo o ano levaremos a cabo as actividades concretadas no Plan Anual de Lectura para celebrar as conmemoracións e días sinalados.

Neste curso recuperamos as actividades e horarios libres nos recreos coma antes de pandemia. Poden entrar persoas alleas ao centro para realizar actividades. Polas tardes a biblioteca estará aberta sempre que haxa actividades agás os martes.

En canto á organización das actividades, para traballar de xeito conxunto, os coordinadores das dinamizacións manteremos unha reunión mensual para organizar, consensuar e tomar acordos sobre actividades do curso. Deste xeito, levaremos unha actuación común para non repetirnos e non cargar de traballo aos mestres.

Tentarase promover actividades e propostas para a aumentar a participación das familias.

RECURSOS

Humanos:

Profesorado e alumnado do centro.

Profesorado e alumnado doutros centros da localidade.

Contacontos e outros profesionais de animación á lectura, escritura e da ilustración así coma outros artistas ou profesionais relacionados co ámbito a traballar poden vir á biblioteca e as clases.

Outros membros da comunidade educativa: pais, avós...

Materiais.

Biblioteca do centro e bibliotecas de aula.

Libros de texto e cadernos, contos, libros de consulta e de lectura,...Dicionarios, atlas, enciclopedias, revistas...

Xogos de mesa inclusivos

Material informático e audiovisual, pequenos robots.

Material das aulas específicas.

Zona tic: ordenadores, táboas, libros electrónicos, mp3, cámara de fotos, croma.

Calquera outro recurso aportado polo profesorado adecuado para levar a cabo as actividades.

Recursos externos ao centro

As familias.

Outros centros da localidade.

A biblioteca pública.

As editoriais.

Calquera outra organización, establecementos ou institucións relacionadas co proxecto a traballar ou as actividades realizadas.

K.3. DINAMIZACIÓN DAS TIC.

1. OBXECTIVOS PLAN TIC

1.1. OBXECTIVOS CON RESPECTO AO ALUMNADO

- Favorecer estratexias para a busca, selección e tratamento da información.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Usar a aula virtual do centro como medio de comunicación entre iguais e cos mestres.
- Aumentar o uso da aula virtual do centro como repositorio de recursos e espazo de realización de actividades.

1.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Empregar as TIC como recurso na docencia a alumnado con necesidade educativas especiais.
- Incrementar os recursos e coñecementos tecnolóxicos do profesorado para o seu uso na docencia e no traballo cotián.
- Fomentar o uso das TIC para a adquisición e intercambio de experiencias, recursos, coñecementos, etc.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Achegar e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nos momentos de ensinanza telemática.

1.3. OBXECTIVOS CON RESPECTO Á COMUNIDADE EDUCATIVA

- Fomentar o uso da páxina web do centro e as redes sociais como vía de comunicación coa comunidade escolar.
- Dotar de recursos o apartado de familias da páxina web do centro e fomentar o seu uso por parte da ANPA.
- Potenciar o uso do equipamento TIC da biblioteca no recreo e fóra do horario escolar na procura de rachar a fenda dixital.

2. ACTIVIDADES

2.1. ALFABETIZACIÓN DIXITAL INFANTIL E 1º, 2º, 3º E 4º PRIMARIA

Ao longo do curso, a alumnado debería acadar os ítems que a continuación se recollen:

	INFANTIL	1º	2º	3º	4º
HARDWARE	<ul style="list-style-type: none"> • Acender – apagar PC e monitor. • Inicio ao uso do teclado e o rato. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexo do rato. Botón principal e cursor. • Uso do teclado: maiúsculas e minúsculas. 	Teclado: signos de puntuación.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso do botón secundario do rato: copiar e pegar. • Acentuación 	<ul style="list-style-type: none"> • Uso dos accesos directos do rato: copiar e pegar (CTRL + C/V)
WINDOWS	<ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co escritorio. • Achegamento ao botón inicio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Abrir – cerrar programas e carpetas. • Maximizar e minimizar ventás. 		<ul style="list-style-type: none"> • Creación carpetas. • Modificación do nome de arquivos. • Cambio tamaño de ventás. 	<ul style="list-style-type: none"> • Copia de arquivos dunha a outra ubicación (USB, carpeta, escritorio,...)
LIBRE OFFICE IMPRESS				<ul style="list-style-type: none"> • Realización de diapositivas sinxelas: título e imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de diapositiva: título, imaxe e texto.
LIBRE OFFICE WRITER		<ul style="list-style-type: none"> • Escritura de palabras con maiúscula e/ou minúscula. • Escritura de números. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura de pequenos textos con maiúsculas e minúsculas e signos de puntuación. • Gardar/ guardar como 	<ul style="list-style-type: none"> • Edición: Copiar e pegar. • Cambio de formato de letra: tipo, tamaño, negra, cursiva, suliñado,... • Inserir imaxes e/ou obxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Numeración e viñetas. • Inserción de táboas.
GOOGLE			<ul style="list-style-type: none"> • Busca básica de información. • Busca páxinas web. 	<ul style="list-style-type: none"> • Busca de información por tipo (imaxe, texto, vídeo,...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Descarga de imaxes.
NAVEGADOR WEB (FIREFOX)		<ul style="list-style-type: none"> • Abrir e cerrar. • Barra de busca de google. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura de enderezo na barra de direccións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Navegación pola Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • Funcionamento de hipervínculos. Apertura en nova xanela / lapela.

AULA VIRTUAL E BLOGS		<ul style="list-style-type: none"> • Acceso e realización de actividades. • Apariencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Inscripción en cursos. • Navegación polos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades. • Subida de arquivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación en foros e/ou chats.
SOFTWARE / INTERNET	<ul style="list-style-type: none"> • Programas educativos 	<ul style="list-style-type: none"> • Paint: realización de debuxos. • Programas educativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Paint: inserción de formas xeométricas. • Programas educativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Programas educativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Programas educativos.

2.2. ALFABETIZACIÓN DIXITAL 5º PRIMARIA

- Normas de uso da aula ABALAR.
- Toma de contacto cos netbooks abalar: acender e apagar, pantalla táctil, touchpad. Linux: aparencia, funcionamento, ...
- Realización de traballos de aula utilizando libre office writer e impress (Afondar no seu dominio).
- Internet: búsqueda de recursos e información e procesamento da mesma.
- Realización de actividades de reforzo e ampliación das diferentes materias.
- Uso da aula virtual.
- Creación de contrasinais seguras.

2.3. ALFABETIZACIÓN DIXITAL 6º PRIMARIA

- Afondar no dominio de libre office writer e impress. Realización de traballos de aula.
- Uso da aula virtual.
- Realización de actividades de reforzo e ampliación das diferentes materias.
- Preparación, realización, gravación e edición dunha entrevista.
- Internet: navegación, busca de información e procesamento da mesma. Perigos da rede.
- Introducción a algún programa de debuxo e pintura.

2.4. OUTRAS ACTIVIDADES

A continuación expóñense aspectos a mellorar recollidos na memoria do curso pasado ou propostos a principios deste curso:

- Seguir mellorando no manexo das TICS. Formar ao resto do profesorado.
- Continuar aumentando a cantidade de recursos da aula virtual do centro e o seu uso no desenvolvemento das clases.
- Fomentar o uso da aula virtual por parte do alumnado fóra de horas lectivas.

- Adquirir capacidades no uso pedagóxico de tabletas e/ou teléfonos intelixentes, no manexo de aplicacións educativas e na creación de actividades con estas tecnoloxías.
- Aumento de recursos que potencien a creatividade, a imaxinación e o pensamento crítico.
- Continuar coa renovación dos ordenadores máis obsoletos.
- Ser máis respectuosos e respectuosas coa orde nos equipos compartidos.
- Establecer unhas normas claras en canto á dispoñibilidade das persoas do equipo que só atenderán tarefas informáticas nas horas adicadas ao dito traballo e non durante sesións de docencia.
- Achegamento á robótica escolar, dado as actividades na etapa de infantil e nos primeiros cursos de primarias son positivas.
- Continuar aumentando a cantidade de recursos da aula virtual do centro e o seu uso no desenvolvemento das clases.
- Fomentar o uso da aula virtual por parte do alumnado fóra de horas lectivas.
- Formación na aula virtual para os alumnos e as familias.

3. RECURSOS TIC

3.1. RECURSOS TIC DO CENTRO

3.1.1. Administración e profesorado

- Dirección: 1 pantalla, un portátil e unha impresora.
- Secretaría e xefatura: 2 PC e unha impresora.
- Sala de profesores. 3 PC, unha impresora, dúas fotocopiadoras e un escáner.

3.1.2. Aulas

- Educación Infantil de 3 anos (aula 11): un portátil, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Educación Infantil 4 anos (aula 13): un portátil, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Educación Infantil de 5anos (aula 12): un portátil , un panel dixital, un EDI e un canón.
- Primeiro curso de primaria (aula 21): un portátil, unha tablet, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Segundo curso (aula 23): un sobremesa, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Terceiro curso (aula 20): un portátil, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Cuarto curso (aula 25): un portátil, un panel dixital, un EDI e un canón.
- Quinto curso: dotación aula abalar (aula 22): un EDI, un portátil profesor/a, un canón ,un netbook por alumno/a e un armario de carga.

- Sexto curso: dotación aula abalar (aula 24): un EDI, un portátil profesor/a, un canón, un netbook por alumno/a e un armario de carga.
- Aula de artística: un portátil, un canón, un equipo de son e un E-Beam sobre un encerado branco.
- Aula de AL (aula 27B): un portátil, un IPAD e un canón.
- Aula de PT (aula 26): Dous PC, un IPAD, unha impresora e unha plastificadora.
- Aula radio escolar: un portátil.
- Despacho do mestre de inglés e relixión: un portátil.
- Orientación: un portátil, unha impresora e un teléfono.
- Biblioteca: dous ordenadores e unha impresora para xestión da biblioteca e tres ordenadores para uso dos alumnos con conexión á Internet, catro tabletas, dous libros dixitais e 24 portátiles cun armario de carga.
- Aula de Informática: Un EDI, un canón, un portátil e 12 ordenadores de sobremesa.
- Aula de radio: 1 portátil e equipo de son.

Todos os ordenadores mencionados anteriormente contan con acceso a Internet.

3.1.3. Outros

- 4 cámaras de fotos.
- Gravadora de voz dixital
- Equipo de son e altofalante portátil.
- Varios portátiles e ordenadores obsoletos (almacén)

3.1.4. Cadro resumo

RECURSOS	3 an os	4 an os	5 an os	1º E. P	2º E. P	3º E. P.	4º E. P.	5º E. P.	6º E. P.	TI C	AL	PT	Ori en tac ión	Ra dio	Ar tís tic a	Bib lio tec a	Sal a me str es	Dir ecc ión	Se cre tar ía/ Xef at ura	Sal a ma ter ial/ Au la co nvi ve nci a	Des pac ho ingl és/r eli
PCs sobremesa										12		2				6	3	1	2		
Portátil													1	1		24		1			1
Portátil+ proxector + encerado branco											X										
Portátil/sobremesa + proxector + EDI/E-BEAM	X	X	X	X	X	X	X			X					X						
Aula abalar								X	X												
Impresora													1			1	1		1		
Impresora multifunción												1					2	1			
Escáner																	1				

*Varios aparellos obsoletos.

3.1.5. Outros recursos tic

- Once puntos de acceso wifi nos corredores do colexio.
- Como mínimo un punto de acceso a Internet en cada aula.
- Altosfalantes e cascos para os ordenadores da biblioteca e os de Tics.

3.2. RECURSOS ESPACIAIS

Horario de uso do aula de informática/ordenadores portátiles:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:50					
9:50 – 10:40					
10:40 – 11:30	4º E.P.			1º E.P.	2º E.P.
11:40 – 12:00	PATIO				
12:00 – 12:20	LECTURA				
12:20 – 13:10				3 anos	3º E.P.
13:10 – 14:00		6º E.P.		5 anos	4 anos/ 5º E.P.

Cada aula ten asignada unha hora de uso da aula de informática ou dos portátiles que se encontran nun carro de carga na biblioteca. Porén poderá acudir nas horas non asignadas reservando esa hora no taboleiro da sala de mestres.

As normas de uso da aula de informática e das aulas abalar están recollidas no NOFC.

3.3. RECURSOS HUMANOS

O equipo TIC está formado por tres mestras/es dos cales un/ha será o coordinador/a. Este curso o equipo será o seguinte:

- Coordinadora: Jennifer Otero González
- Javier Constenla Ribadeo.
- Mirian Padín Chaves.

Os martes de 18 a 19 horas están adicados a traballos das distintas dinamizacións. Dentro desta hora realizarase unha reunión mensual de dinamizadores para coordinar os traballos a realizar no centro. Son tarefas do equipo TIC:

- Organizar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos (incluíndo actualizacións e reposicións).
- Elevar propostas para a formación do profesorado: xornadas de autoformación.
- Asesoramento formativo externo e interno; información sobre cursos, congresos e xornadas de formación; grupos de traballo...
- Elaborar titoriais multimedia para uso didáctico de mestres, pais/nais e alumnos/as.

- Asesorar ao profesorado na elaboración de materiais didácticos multimedia.
- Presentar novas ferramentas tecnolóxicas, valorando as posibilidades educativas das mesmas.
- Manter actualizados a páxina web e os blogs do Centro, por constituír as principais canles de comunicación cara ó exterior.
- Buscar e seleccionar recursos educativos on-line.
- Elaborar o Proxecto TIC e os plans anuais.
- Formular propostas de mellora.

As persoas do equipo TIC realizarán estas tarefas na hora de coordinación dos martes, naquelas dispostas no horario con esta finalidade ou voluntariamente en ratos libres. Baixo ningún concepto se realizarán en horas de docencia para evitar interromper o transcórreo das sesións e o conseguinte prexuízo para o alumnado.

K.4. PLAN DIXITAL

Obxectivos, indicadores e acción

Tras estudar o informe DAFO e repasar o informe SELFIE, valorando as categorías onde menos puntuación obtivo o noso centro educativo, centramos as áreas prioritarias que nos permitan determinar os obxectivos que queremos conseguir. Estes obxectivos estarán contextualizados ás áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

En relación a estas áreas delimitamos os seguintes obxectivos de actuación para o vindeiro curso académico:

- Empregar ferramentas dixitais na avaliación
 - AO1.1: Levar a cabo unha formación do equipo TIC en dúas ou tres ferramentas dixitais
 - AO1.2: Levar a cabo unha formación do profesorado no emprego das ferramentas
 - AO1.3: Crear por parte do profesorado actividades dixitais de avaliación.
- Crear recursos en liña.
 - AO2.1: Levar a cabo unha formación do equipo TIC en dúas ou tres ferramentas dixitais
 - AO2.2: Levar a cabo unha formación do profesorado no emprego das ferramentas.
 - AO2.3: Crear por parte do profesorado actividades dixitais.
- Realizar a programación con PROENS.
 - AO3.1: Levar a cabo unha formación no uso da aplicación PROENS.
 - AO3.2: Crear as programacións didácticas.
- Mellorar o funcionamento da aula TIC.

- AO4.1: Coñecer o sistema operativo co profesorado e alumnado
- Dixitalizar a biblioteca como fonte de recursos.
 - AO5.1. Formar ao alumnado na consulta
 - AO5.2. Ofrecer titoriais de busca na rede dos recursos existentes na biblioteca escolar

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestruturas tecnolóxicas: tendo en conta os obxectivos de acción plantexados e o obxectivo principal deste Plan Dixital, faise necesario solicitar as seguintes infraestruturas, xa que para fomentar o uso das aplicacións tecnolóxicas por parte dos docentes cara ao alumnado é primordial que as infraestruturas funcionen:

- Continuar a mellorar a calidade da rede de conexión.
- Implementar os puntos de conexión á rede por cable solicitados á Amtega.

Equipamento

- Aulas dixitalizadas: para facilitar o acceso dos recursos en liña e as avaliacións dixitais é necesario contar con aulas preparadas.
- Incrementar de ser posible o número de ordenadores portátiles de empréstito.
- Mellorar o rendemento dos ordenadores da aula TIC.

Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

K.5. VOZ NATURA

OBXECTIVOS

2.1.-Obxectivos:

- ✓ Sensibilizar ó noso alumnado no coidado e respecto pola natureza.
- ✓ Mellorar o noso entorno: centro escolar e zonas de influencia do centro
- ✓ Descubrir a importancia da agricultura ecolóxica
- ✓ Coñecer a problemática que dana considerablemente o noso medio: deforestación, plantas invasoras, incendios..

- ✓ Crear conciencia da importancia da reciclaxe e da redución do consumo de plástico nos fogares.
- ✓ Concienciar sobre o consumo responsable tanto na escola como no fogar.
- ✓ Detectar problemas/puntos concretos de contaminación na nosa localidade: casco urbano, roteiros e sendas, mar e praias, río...
- ✓ Impulsar o respecto e admiración pola natureza.

2.2.-Obxectivos específicos:

- ✓ Continuar co embelecemento do noso centro.
- ✓ Continuar co reciclado de todo tipo de pilas.
- ✓ Reciclar diferentes tipos de materiais de refugallo para crear cousas útiles
- ✓ Concienciar ao alumnado e as familias da necesidade de reducir o consumo de plástico nos fogares.
- ✓ Repoboar con especies autóctonas algunha zona do monte Trega ou Torroso, degradada ou afectada polos incendios forestais.
- ✓ Plantar un horto escolar de xeito ecolóxico
- ✓ Realizar un xardín de plantas aromáticas para poder coñecer as súas propiedades
- ✓ Continuar consolidando vínculos de cooperación e traballo coas Comunidades de Montes de A Guarda e Camposancos, así como co Concello, Axentes Forestais e demais membros da Comunidade educativa.
- ✓ Colaborar con Organismos tales como: Consellería de Medio Ambiente, Servizos de Ríos e Montes, Deputación Provincial, Concello, Anpa, etc.

Lugar onde se levará a cabo.

No Centro continuamos cos espazos xa creados durante os cursos anteriores.

- ✓ No pequeno xardín que hai entre a rampla e o acceso a escola continuaremos co coidado das plantas que hai e reposición, e crearemos o xardín de plantas aromáticas.
- ✓ Parcela zona sur: Nesta parcela atópase a "HORTA DE ELSA". Cada curso ten a súa parcela, continuaremos cos cultivos de temporada.
- ✓ Actividades ao aire libre e en diferentes espazos segundo a actividade: monte Santa Trega, Castelo de Santa Cruz, praias...
- ✓ Nas aulas: obradoiros de reciclaxe e xabón, sementeiras, cultivo de setas, coidado de plantas...

Na contorna e nos montes próximos faremos as plantacións, as actividades de concienciación veciñal, limpeza de praias, recollidas de pilas, lixo....

3. ACTIVIDADES

Detallamos a continuación algunhas das actividades propostas para o curso 2023-24 dende o equipo de Voz Natura. Segundo vaian xurdindo novas ideas e propostas tanto do profesorado como dende o Concello ou outras entidades da nosa localidade, íranse sumando as que temos plantexadas.

❖ EMBELECEMENTO DO CENTRO

Coma en anos anteriores, seguimos coidando, podando, abonando e regando as plantas de interior e os xardíns exteriores do colexio. Pero tamén colocamos novas plantas e facendo novos xardíns para contribuir ó embelecemento natural do noso colexio.

✓ Coidamos plantas nas aulas:

O vindeiro curso, o equipo de Voz natura mercará plantas decorativas e suculentas para habilitar na entrada do cole un pequeno xardín interior.

❖ NATUREZA NAS AULAS

Sementeiras

Plantación de diferentes plantas a partires de bulbos ou sementes

Cultivo de setas

Arte con

Obradoiros de cosmética natural

Casas para paxaros e comedeiros

❖ CONSUMO RESPONSABLE

O eixo deste curso, versará no consumo responsable, polo que realizaremos actividades para concienciar tanto aos nenos como as familias na importancia de mercar e utilizar só o que precisamos. Levaremos a cabo actividades en diferentes momentos do curso e faremos cartelería para divulgar o traballado.

- ✓ Creación de bolsas reutilizables a partires de camisetas vellas.
- ✓ Campaña para a redución do uso da auga
- ✓ Campaña de Nadal (decoración, xoguetes...)
- ✓ Creación de cartafoles para as fichas a partires de cartóns e carpetas vellas.

❖ COIDADO DA CONTORNA

Día a día nos atopamos que no camiño o cole hai lixo e desperdicios de animais, polo que traballaremos cos alumnos este tema e crearemos actividades de difusión para a veciñanza. Así tamén pediremos ao concello máis papeleiras e control neste aspecto.

• RECICLADO

Continuaremos clasificando a basura xerada nas aulas e depositandoa nos tres tipos de contenedoras distribuídos polas aulas: papel e cartón, plásticos e similares, e restos orgánicos.

Recollida dos restos orgánicos para a compostaxe

Uso de materiais de refugallo e da natureza para crear xoguetes, manualidades... Pondo a disposición de todo o equipo de mestres materiais funxibles para a realización dos mesmos.

Creación de xardíns con elementos de reciclaxe

Recollida de pilas usadas de todo tipo, dentro do programa Pilabot

Recollida de tapóns

- **"O RESIDUOS NOS RECREOS"**

O vindeiro curso, seguiremos participando na proposta de "Teachers for future, Spain" de 0 residuos nos recreos. Levaremos a cabo pesadas de lixo sorpresa e crearemos conciencia no alumnado e nas familias, visionando cortos da problemática do plástico nos océanos. Crearemos un cartaz informativo para os corredoiros e un pequeno resumo de cómo reducir o lixo no día a día, que entregaremos as familias.

- **XARDÍN DE PLANTAS ARÓMATICAS**

Replantaremos o xardín de plantas aromáticas, co que o alumnado coñecerá os beneficios e as cualidades das mesmas, ademais dos seus coidados.

- **A HORTA DE ELSA**

Cada clase encargárase dun bancal da horta, no que realizará unha plantación en inverno e outra en primavera. Dentro das tarefas serán aboar, coidar, clasificar e recolectar.

- **SAÍDAS A NATUREZA**

Durante o curso, realizaránse saídas para facer senderismo e percorridos pola natureza con diferentes cursos. Traballando o respecto polo medio, a biodiversidade, exploración de flora e fauna...

- **LIMPEZA DE PRAIAS**

No mes de setembro e xuño, temos programadas saídas a distintos tramos da costa e as praias, co fin de limpar as nosas costas e concienciar da importancia de manter os océanos limpos; e de xerar hábitos saudables para a natureza.

- **PLANTACIÓNS E ACCIÓNS NOS MONTES**

En colaboración coas Comunidades de Montes veciñas realizaremos plantacións de especies autóctonas nos nosos montes; así como traballos para a eliminación de plantas invasoras

K.6. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA C.C.P.

Presidente	Don Javier Constenla Ribadeo
Xefa de estudos	Dona Marcolina Núñez Franco
Coordinadora 1º ciclo	Dona Mirian Padín Chaves
Coordinadora 2º ciclo	Dona Mercedes Sánchez García
Coordinadora 3º ciclo	Dona Alba Abalo Diéguez
Coordinadora educación infantil	Dna. Mª Montserrat Garcés Domínguez
Coordinadora de dinamización da lingua galega	Dona Belén Bascoy Cao
Especialista audición e linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
Especialistas pedagogía terapéutica	Dona Marcolina Núñez Franco. Dona Nerea Costas Pereira
Dinamizadora da biblioteca	Dona Beatriz Lomba Portela
Orientadora e secretaria	Dona Mª Begoña Alonso Alonso substituída por dona Antía Ramos Louzán

OBXECTIVOS

No presente curso revisaranse e valoraranse os seguintes documentos e actuacións:

- Avaliacións iniciais. (1º trimestre).
- Revisión da concreción curricular de centro e do proxecto educativo para o curso académico 23-24.
- Elaboración e revisión de Adaptacións curriculares. (1º trimestre)
- Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Colaboración na elaboración dun Plan de Mellora de Centros.
- Revisión do Plan lector.
- Revisión de alumnos con necesidades de atención educativa e apoios (trimestralmente).
- Planificación e elaboración das programacións docentes (decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia) dos cursos pares.
- Análise dos resultados das avaliacións. (trimestralmente)
- Planificación das avaliacións de final de primaria e de 3º de educación primaria (de ser o caso)
- Todos aqueles aspectos que se presenten ao longo do curso.

MEDIDAS A DESENVOLVER.

- Manter unha reunión mensual cos membros da CCP.
- Levar ás reunións de ciclo ou curso as propostas da CCP e recoller as achegas oportunas.
- Recoller nas reunión da CCP as propostas de criterios mínimos de todos os cursos de primaria e do ciclo de educación infantil.
- Elaboración de borradores para ser debatidos e aprobados nas reunións de claustro.

RECURSOS

- Recursos humanos: profesorado, orientadora.
- Lexislación vixente.
- Páxinas web e bibliografía.
- Ordenadores.

K.7. CALENDARIO DE REUNIÓN

A hora de reunión do equipo de orientación, equipos de coordinación docente, equipos de dinamización , reunións de claustro e consellos escolares realizaranse os martes pola tarde, fóra do horario lectivo, establécese o seguinte horario, que se tratará de cumprir na medida do posible.

16:00 a 17:00	Atención ás familias
17:00 a 18:00	1º martes de mes: Claustro e Consello escolar
	2º martes de mes: Reunión de equipo de extraescolares
	3º martes de mes: CCP
	4º martes de mes: Equipos / Ciclos
18:00 a 19:00	Dinamizacións: Biblioteca, EDLG, TIC, Voz Natura.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Martes, 10 de outubro de 2023

16:00 horas: 4º Educación infantil

16:15 horas: 5º Educación infantil

16:30 horas: 6º Educación infantil

16:45 horas: 1º de Educación primaria

17:00 horas: 2º de Educación primaria

17:15 horas: 3º de Educación primaria

17:30 horas: 4º de Educación primaria

17:45 horas: 5º de Educación primaria

18:00 horas: 6º de Educación primaria

AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS E FINAL

DECEMBRO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4	5	6 Festivo	7 Festivo	8 Festivo
11 Av. Sinde*	12 (Av. Solanas)	13	14	15
18 Av. Sinde	19 Familias	20	21 Envío notas Abalar	22

* Cambiamos a exclusiva para o luns e non temos que acudir o martes.

Luns 11

- 16:00 horas: 3º de primaria
- 16:45 horas: 4º de primaria
- 17:30 horas: 5º de primaria
- 18:15 horas: 6º de primaria

Luns 18

- 16:00 horas: 5 anos
- 16:30 horas: 1º de primaria
- 17:15 horas: 2º de primaria
- 18:00 horas: 3 anos
- 18:30 horas: 4 anos

Martes 19: atención ás familias

Mércores 20: data límite no xade

Venres 21: notas por Abalar

MARZO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
5	6	7	8	9
12 Av. Sinde*	13 (Av. Solanas)	14	15	16
19 Av. Sinde	20 Familias	21	22	23 Envío notas Abalar

Luns 12

- 16:00 horas: 1º de primaria
- 16:45 horas: 2º de primaria
- 17:30 horas: 3 anos
- 18:00 horas: 4 anos
- 18:30 horas: 5 anos

Luns 19

- 16:00 horas: 4º de primaria
- 16:45 horas: 5º de primaria
- 17:30 horas: 6º de primaria
- 18:15 horas: 3º de primaria

Martes 20: atención ás familias

Mércores 21: data límite no xade

Venres 23: notas por Abalar

XUÑO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10	11 Pre-avaliación	12	13	14
17	18 Familias	19	20	21 Remate das clases
24 Avaliación pola	25 Avaliación pola	26 Envío notas Abalar	27	28 Remata o prazo

tarde	mañá	Abalar		de reclamacións
-------	------	--------	--	-----------------

Luns 24

- 16:00 horas: 2º de primaria
- 16:45 horas: 3 anos
- 17:15 horas: 4 anos
- 17:45 horas: 5 anos
- 18:15 horas: 1º de primaria

Martes 18: atención ás familias

Martes 25: data límite no xade

Mércores 26: entrega de boletíns e envío por Abalar das cualificacións (data nos boletíns)

Martes 25

- 10:00 horas: 5º de primaria
- 10:45 horas: 6º de primaria
- 11:30 horas: 3º de primaria
- 12:15 horas: 4º de primaria

L. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DE FORMACIÓN

O centro seguirá participando no Proxecto Abalar, nas aulas de 5º e 6º de primaria.

A biblioteca escolar do centro continúa dentro do programa PLAMBE ininterrompidamente desde o curso 2014-2015.

Continuamos coa sección bilingüe de plástica en 1º e 2º de primaria. Este curso contamos con auxiliar de conversa 8 horas desde o 1 de outubro ata o 30 de maio. Está compartida co CEIP As Solanas no que ten o seu centro base.

Foi solicitada a participación nos Contratos-Programa do seguinte xeito:

L.1. RECUPÉRA-T

O Programa Refórza-T foi concedido coa previsión de asignación dun ou dunha docente para os cursos de 3º a 6º de primaria todo o curso.

PLANIFICACIÓN

Prevese repartir as horas que a persoa adxudicada para PROA+ se repartan en función das necesidades de cada aula.

MEDIDAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial do alumnado. Tendo en conta a evolución do curso anterior e as probas realizadas ao inicio do curso. A partir de aquí estableceranse as medidas máis oportunas a seguir.	Inicio do curso
Establecemento de medidas que palien ou eliminen situacións desfavorables emocionalmente a raíz da pandemia.	Inicio do curso
Establecemento de técnicas de estudo tales coma esquemas, mapas conceptuais, resumos, organización persoal, axendas,...	Ao longo do curso* (con maior incidencia no inicio do mesmo)
Apoio individualizado e reforzo naqueles contidos que presentan maiores atrancos para o alumnado nas áreas das Ciencias, Linguas e Matemáticas	Todo o curso
Actividades que involucren ao mesmo tempo diversas áreas na procura do desenvolvemento das competencias clave.	Todo o curso
Colaboración coa titoría na avaliación do alumnado participante no programa.	Final de cada trimestre
Coordinación coas persoas titoras para a valoración da evolución e o establecemento de actividades e tarefas.	Todo o curso

Procura de recursos educativos en liña e fornecemento destes a través da Aula virtual do centro.	Inicio de cada trimestre
Participación en actividades complementarias e extraescolares sempre que se consideren beneficiosas no desenvolvemento das Competencias lingüística, matemática e científico-tecnolóxica	Todo o curso
Colaboración no traballo do alumnado no proxecto interdisciplinar proposto pola Biblioteca Escolar	Todo o curso
Realización da documentación propia do programa (informes, memorias, xustificacións,...)	Cando o indique a administración

AVALIACIÓN

1. PROA+

Este programa ten unha duración mínima no noso centro de tres cursos escolares sendo este o terceiro deles. Segue en vixencia o programa elaborado o ano pasado.

En todas as avaliacións que se levan a cabo durante o curso, prestarase especial atención ao desenvolvemento do programa e do alumnado participante. Analizaranse os resultados que nenas e nenos obteñen e faranse propostas de mellora, de ser o caso, na procura da optimización do traballo.

Ao remate do curso, valorarase a mellora nos resultados ou a compensación e resolución dos atrancos presentados.

Valorarase as seguintes cuestións:

- O alumnado participante no PROA+ mellorou as cualificacións do 3º trimestre/final con respecto ás do 1º trimestre.
- O alumnado mellora a súa capacitación á hora de afrontar o traballo individual paulatinamente.
- O alumnado participante superou todas as probas de avaliación nas materias nas que recibe apoio do profesorado PROA+.
- Lógrase diminuír ou eliminar aqueles atrancos relativos á adquisición de competencias.
- Dáse un maior apoio individualizado ao alumnado.
- Redúcese o desnivel entre o alumnado participante e o grupo de referencia.
- Trabállase de xeito coordinado entre o profesorado PROA+ e as persoas titoras.
- Préstase a atención precisa en casos de corentena ou illamento.

Indicadores.

01. Porcentaxe de mellora dos resultados académicos nas áreas ou materias obxecto de reforzo respecto do curso anterior.

02. Porcentaxe de alumnado que recupera áreas ou materias obxecto de reforzo.

L.2. CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE

Está solicitada a participación nestes programas nos apartados Iguála-T, Convíve-T, Inclúe-T e Emociona-T cos seguintes obxectivos:

1. Mellorar, de ser posible, a atención educativa do alumnado NEE e NEAE e incrementar a súa inclusión efectiva.
2. Fomentar a formación do profesorado na atención á diversidade, na inclusión e na educación emocional.
3. Desenvolver actividades coeducativas, de visibilización do colectivo LGTBIQ+ e de fomento da igualdade real entre homes e mulleres así como da prevención da violencia contra as mulleres.
4. Establecer actividades que permitan manter a boa convivencia no centro e, de ser posible, a melloren.
5. Promover a participación das familias en diversas actividades do centro.

PLANIFICACIÓN

IGUÁLA-T

Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:

1. Posta en valor de mulleres relevantes na vida social, cultural ou deportiva da nosa vila.
2. Conmemoración de datas sinaladas con respecto á igualdade e a non violencia de xénero.
3. Charla ou obradoiro relativo ao movemento LGTBIQ+.
4. Adicar no pavillón un novo espazo de homenaxe a unha muller guardesa relevante no deporte.

CONVÍVE-T

Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:

1. Continuar co uso da figura da alumna ou do alumno mediador na aula.
2. Acompañamentos lectores entre alumnado de distintos grupos e obradoiros interclase de infantil.
3. Celebracións de festas e festivais abertos a toda a comunidade educativa e achegamento a costumes ou tradicións tanto das propias coma doutras culturas. (Como o Magosto, o Nadal, o Entroido, o Samaín,... no meu país de orixe)
4. Actividades de mediación na resolución de conflitos e de habilidades sociais.
5. Participación nas actividades que propoña o San Xerome e Avelaíña, centro de educación especial do noso Concello.

INCLÚE-T

Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:

1. Posta en marcha de patios inclusivos e activos e mellora na dotación de recursos do patio.
2. Titorización entre iguais para facilitar a aclimatación do alumnado procedente do estranxeiro e a adquisición do idioma.
3. Achegamento ao Braille
4. Rotulación da entrada e das escaleiras para facilitar o desprazamento polo centro de persoas con diversidade funcional e posta en valor das mesmas.
5. Achegamento e sensibilización do alumnado e as familias ás necesidades especiais de certas persoas.

EMOCIÓN-T

Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:

1. Traballo do 'Reino das emocións'.
2. Exposición do estado de ánimo, dos medos, das preocupacións,... durante asembleas puntuais. Procura de solucións ou de medidas paliativas daquelas negativas.
3. Expresión escrita e plástica das sensacións e emocións que despertan diferentes audicións musicais, obras artísticas, lecturas,...
4. Adquisición de bibliografía e guías para o traballo na aula da educación emocional.

AVALIACIÓN

Realizarase un seguimento periódico do desenvolvemento das actividades planificadas, como mínimo unha vez ao trimestre. Ao remate do mesmo elaborárase unha memoria final na que se incluírán mostras gráficas do traballo e do produto final.

L.3. CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA

Está solicitada a participación nestes programas nos apartados: EDUinnova, EDUexcelencia, EDUsaúde, EDUsostibilidade e EDUcalidade.

Obxectivos do proxecto.

1. Avanzar na adquisición das competencias, principalmente as lingüísticas, as STEM e as dixitais, mediante actividades innovadoras, manipulativas, activas e vivenciadas.
2. Afondar no coñecemento dalgún ámbito de interese para o alumnado de xeito que este sexa parte activa de todo o proceso.
3. Promover o desenvolvemento da competencia dixital e loitar contra a fenda de xénero na mesma.
4. Fomentar valores de respecto medioambiental e de sostibilidade así como de hábitos saudables.
5. Detectar carencias e realizar melloras na xestión do colexio.

PLANIFICACIÓN

EDUINNOVA

Medidas a realizar:

- Variación na metodoloxía en canto ao tipo de tipoloxía (gamificación) ás actividades (predominio das manipulativas, explorativas, vivenciadas e innovadoras) e nas agrupacións para o traballo das competencias lingüísticas e STEM
- Elaboración e/ou análise de textos e escritos do día a día (folletos, publicidade, etiquetas, promocións,...)
- Gravación, edición e difusión de programas de radio (parte técnica e dixital).
- Establecemento de medidas de reforzo para o alumnado con maiores carencias de cara a acadar o nivel de referencia nas capacidades básicas.

EDUEXCELENCIA

Medidas a realizar:

- Investigación sobre distintos aspectos da palabra e a escritura (PDI biblioteca).
- Creación dunha micrometraxe/curtametraxe.
- Elaboración de programas en formato podcast na radio escolar Papaventos entre as cales deben estar entrevistas a persoas relevantes da nosa vila.
- Creación de murais como produto final da investigación do PDI da biblioteca.
- Decoración do muro exterior do centro con palabras galegas
- Obradoiros de reciclaxe e distintas técnicas de escritura

EDUSAÚDE

Medidas a realizar:

- Camiñadas por diferentes sendas da vila.
- Clases de natación na piscina municipal no terceiro trimestre para o 3º ciclo.
- Propostas de actividades físicas no tempo de lecer dentro dos patios dinámicos.
- Elaboración e seguimento de menús de merendas saudables e obradoiros de cociña.
- Posta en valor de deportistas de alto rendemento da nosa comarca e achegamento aos deportes que se poden practicar na nosa vila e comarca.
- Obradoiro de primeiros auxilios para profesorado e alumnado.
- Colocación nas aulas de planos de evacuación actualizados e realización dun simulacro de emerxencia.
- Charla sobre os cambios na adolescencia e/ou os riscos dixitais para o 3º ciclo.
- Conmemoración do Día da saúde e do día da bicicleta.

EDUSOSTIBILIDADE

Medidas a realizar:

- Mantemento das parcelas da Horta de Elsa de xeito ecolóxico e sustentable e uso dos composteiros.
- Residuos 0 no recreo.
- Obradoiro de cociña de aproveitamento.
- Certame de creación de instrumentos con materiais de refugallo e produción de música cos mesmos na medida do posible.
- Obradoiros da "Axencia ambiental Biophilia"
- Celebración de distintas conmemoracións (Día da auga, Día da terra, Día do medio ambiente e Día dos océanos)
- Plantando árbores con pinceis

EDUCALIDADE

Medidas a realizar:

- Elaboración do plan de mellora de centro
- Establecemento de medidas que melloren o control nas entradas e saídas ao recinto escolar.
- Revisión do NOFC para adaptalo a nova normativa e lexislación (avaliación, reclamación de cualificacións, publicidade a distintas cuestións,...) e aos cambios no funcionamento do centro.
- Revisión dos plans que se consideren precisos e elaboración do plan de actividades físicas e alimentación saudable.
- Modificacións dos horarios dos cursos anteriores para igualar a duracións das cinco sesións diarias.

L.4. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este curso non está previsto realizar ningún grupo de traballo nin PFPP no centro. Porén, o profesorado continuará a formarse de xeito persoal do seguinte xeito:

- Beatriz Lomba Portela:
 - A biblioteca escolar como centro creativo das aprendizaxes
 - Introducción aos recursos de E-dixgal
 - Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia. Curso 2023-2024
- María Merino Arévalo
 - Formación para desenvolver a función directiva
 - A aula invertida
- Iris Rodríguez Rodríguez
 - Aprender a pensar e a dialogar desde a infancia
 - Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia. Curso 2023-2024

M. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

Curso e etapa	Área / Materia	Título, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º de educación	Matemáticas	1PRI MATEMÁTICAS Mochila ligera Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7131-2	Cast.
	Lingua Galega	1PRI LECTOESCRITURA Construindo mundos (1-1)	978-84-9185-399-2	Gal.
		1PRI LINGUA Construindo mundos (1-2). Obradoiro. 2022	978-84-9185-532-3	

primaria	Lingua Castelá	1PRI LENGUA Primeros Pasos PAUTA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7160-2	Cast.
	Ciencias da Natureza	1PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-411-1	Gal.
	Ciencias Sociais	1PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-414-2	Gal.
	Lingua Inglesa	Kids Can! 1 Pupil's Book Editorial Macmillan.	9781380051660	Ing.
2º de educación primaria	Matemáticas	2 PRI MATEMÁTICAS Mochila Ligera Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-0763-9	Cast.
	Lingua Galega	2 PRI LINGUA Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-675-7	Gal.
	Lingua Castelá	2PRI LENGUA Mochila ligera Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-0762-2	Cast.
	Ciencias da Natureza	2PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos Obradoiro. 2023	978-84-9185-694-8	Gal.
	Ciencias Sociais	2PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos Obradoiro. 2023	978-84-9185-696-2	Gal.
	Lingua Inglesa	Kids Can! 2 Pupil's Book Editorial Macmillan	9781380051790	Ing.
3º de educación primaria	Matemáticas	3PRI MATE+ Serie PARTICIPA. Santillana. 2022	978-84-680-7670-6	Cast.
	Lingua Galega	3PRI LINGUA Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-409-8	Gal.
	Lingua Castelá	3PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila Ligera. Santillana. 2022	978-84-680-7201-2	Cast.
	Ciencias da natureza	3PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-410-4	Gal.
	Ciencias Sociais	3PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-416-6	Gal.
	Lingua Inglesa	Kids Can! 3 Pupil's Book. Editorial Macmillan	9781380072863	Ing.
		Kids Can! 3 Activity Book. Editorial Macmillan	9781380052872	
Relixión Católica	3PRI RELIGIÓN CATÓLICA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7143-5	Cast.	
4º de educación primaria	Matemáticas	Matemáticas + Serie PARTICIPA. Santillana. 2023	978-84-144-0292-4	Cast.
	Lingua Galega	4 PRI LINGUA Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-705-1	Gal.
	Lingua Castelá	4 PRI LENGUA Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-0738-7	Cast.
	Ciencias da Natureza	4 PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-692-4	Gal.
	Ciencias Sociais	4 PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-698-6	Gal.

	Lingua Inglesa	Kids Can! 4 Pupil's Book. Editorial Macmillan	9781380072870	Ing.
		Kids Can! 4 Activity Book. Editorial Macmillan	9781380053145	
	Relixión Católica	4 PRI RELIGIÓN CATÓLICA Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-4845-8	Cast.
5º de educación primaria	Matemáticas	5PRI MATE+ Serie PARTICIPA. Santillana. 2022	978-84-680-8510-4	Cast.
	Lingua Galega	5PRI LINGUA Construindo mundos. Obradoiro. 2022	978-84-9185-412-8	Gal.
	Lingua Castelá	5PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila Ligera. Santillana. 2022	978-84-680-7200-5	Cast.
	Ciencias da Natureza	5PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-407-4	Gal.
	Ciencias Sociais	5PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-415-9	Gal.
	Inglés	Kids Can! 5 Pb e Pk. Editorial Macmillan	9781380072887	Ing.
		Kids Can! 5 Ab&ExtraFun e Pk. Editorial Macmillan	9781380053411	
Relixión Católica	5 PRI RELIGIÓN CATÓLICA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7145-9	Cast.	
6º de educación primaria	Matemáticas	6 PRI MATE+ Serie PARTICIPA. Santillana 2023	978-84-144-0815-5	Cast.
	Lingua Galega	6 PRI LINGUA Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-727-3	Gal.
	Lingua Castelá	6 PRI LENGUA Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-0747-9	Cast.
	Ciencias da Natureza	6 PRI CC DA NATUREZA Construindo mundos. Obradoiro.2023	978-84-9185-669-6	Gal.
	Ciencias Sociais	6 PRI CC SOCIAIS Construindo mundos. Obradoiro. 2023	978-84-9185-693-1	Gal.
	Inglés	Kids Can! 6 Foundations Pupil's Book. Editorial Macmillan	9781035131808	Ing.
		Kids Can! 6 Foundations Activity Book. Editorial Macmillan	9781035127412	
	Relixión	6 PRI RELIGIÓN CATÓLICA Construyendo mundos. Santillana. 2023	978-84-144-0276-4	Cast
Educación en Valores Cívicos e Éticos	6 PRI VALORES CÍVICOS Y ÉTICOS. Santillana. 2022	978-84-680-8093-2	Cast.	

N. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Coordinadora: Isabel Martínez Álvarez

Compoñentes: Todo o claustro.

Neste curso 2023/2024 a maioría das visitas e saídas faranse en grupos, xa sexan a nivel centro ou ciclo. Ao mesmo tempo, realizaranse actividades polos festexos dos diferentes días conmemorativos que nos propón o calendario escolar, segundo decidan os Equipos de

dinamización do centro: Samaín, Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller, Día da constitución, Nadal , Día da paz, Muller traballadora, Entroido, Día do libro, Letras galegas, etc. Como este ano imos traballar a nivel centro o proxecto "Historia da escritura", prevense que as saídas escolares estean relacionadas con este tema como a saída ...

Outras saídas e actividades:

- Dende o equipo de Educación infantil, as saídas propostas son: montiño, praia, visita ao Porto, centro cultural, correos, cafetería Barros, Alameda, Castelo de Santa Cruz, saídas ao súper, parque de Pías e excursión de fin de curso a un parque de bolas.
- Dende o primeiro ciclo de primaria teñen previstas saídas na contorna, á praia a recoller residuos, xornadas de convivencia en espazos ao aire libre como o castelo de Santa Cruz ou o piñeiral e outras que poidan xurdir en relación cos proxectos. A saída fin de curso aínda queda pendiente de concretar pero baráxase a posibilidade de ir ao parque multiaventuras Marikiná.
- O segundo ciclo de primaria ten previstas saídas dentro do Concello, entre elas ao piñeiral do puntal. Ao inicio de curso farase unha visita a bodega Terras Gauda e para final de curso teñen como opción ir as Illas Ons.
- 5º e 6º teñen previsto as seguintes: visita ao piñeiral de Camposancos, obradoiros de escritura que propoña a biblioteca, visita ao Parlamento en Santiago, museos da Coruña, outras saídas dentro do Concello e fin de curso, aínda por determinar.
- Xunqueira, Santa Trega, muíño no Rosal, diferentes saídas pola localidade, Manzaneda.
- O equipo de Voz Natura propón as saídas aos montes da contorna, limpeza de praias e outras rutas de senderismo.
- Actividades de natación na piscina municipal: levaremos a cabo actividades de natación na Piscina Municipal cos/as alumnos/as de 5º e 6º de primaria ó longo dos meses que se acorden co Concello e responsables da piscina. Prevese , en principio, unha sesión semanal por curso durante tres meses (marzo, abril, maio). As condicións para participar e que figurarán na solicitude serán as seguintes: autobús gratis para desprazamento, monitor-socorrista responsable da realización da actividade e material necesario a disposición da actividade.
- Os grupos de 4º, 5º e 6º de educación primaria teñen previsto acudir a Baiona para participar nunha carreira de cros organizada por Xogade, organismo dependente da Xunta de Galicia.

Ñ. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN, MODIFICACIÓNS E OBSERVACIÓN DE QUE SEGUE VIXENTE.

O Plan de Autoprotección segue vixente, realizándose as modificacións oportunas despois das avaliacións anuais da realización dos simulacros. O curso pasado (22-23) fíxose unha profunda revisión do mesmo e colocáronse sinais homologados para a evacuación e os planos de evacuación en cada estancia.

Este curso prevese realizar un simulacro de incendio no primeiro trimestre.

A xunta de autoprotección queda constituída para este curso do seguinte xeito:

XUNTA DE AUTOPROTECCION	NOME E APELIDOS
DIRECTOR DO CENTRO	Don Javier Constenla Ribadeo
REPRESENTANTE DOCENTES	Don Luís Alberto Alonso Vicente
REPRESENTANTE DO PERSOAL NO DOCENTE	Dona Amalia Fernández González
REPRESENTANTE DO ANPA	Don Luis Eduardo Castro Rodríguez
XEFE DE EMERXENCIA	Don Javier Constenla Ribadeo ou cargo directivo presente no centro
XEFE DE INTERVENCIÓN	Dona Marcolina Núñez Franco SUPLENTE Don Luís Alberto Alonso Vicente
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN	TODO O CENTRO: Don Javier Constenla Ribadeo. PLANTA ALTA: Dona Marcolina Núñez Franco e profesor de garda. PLANTA BAIXA: Profesor/a de Apoio en educación infantil e profesor/a que estea de garda. SOTO: Don Luís Alberto Alonso Vicente.

O. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

Contamos no centro con persoal de limpeza que desempeña o seu traballo todos os días de 12:30 h ás 20:00 h.

Compartimos cos outros centros públicos da zona unha persoa de mantemento que soluciona todos aqueles problemas que poidan xurdir en canto ás instalacións do centro. Nestes últimos anos esta persoa é insuficiente xa que non sempre está a disposición dos centros e hai traballos de mantemento nos que unha persoa é insuficiente: poda e corta de árbores, mantemento dos xardíns. Seguimos demandando ao concello máis horas e máis persoal para o mantemento do centro.

Para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais contamos cunha coidadora que permanecerá no centro durante o horario lectivo de 8:45 a 14:15 h. e de quedarse o alumno ou alumna a comer no comedor escolar a coidadora desenvolvería a súa labor mentres a nena ou neno permaneza no mesmo.

P. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de secretaría de atención a pais/nais é o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9: 00 – 9:50 horas	9: 00 – 9:50 horas	9:00– 9:50 horas	9:00– 9:50 horas	9:00– 9:50 horas

Q. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

Como se recolle nas normas de organización e funcionamento, o profesorado titor reuniuse antes do comezo do curso ou ao inicio deste coas familias para proporcionarlles a información que necesaria e conveniente para o óptimo aproveitamento dos recursos que este Centro ofrece. Antes da entrega de boletíns de cada avaliación, dedicarase unha ou dúas tardes á información ás familias en horario de 16 a 19 horas.

Realización de reunións do equipo de profesorado de grupo cos pais/nais de alumnos cando as circunstancias o demanden, como mínimo unha vez por trimestre.

Solicitaranse charlas coas familias daqueles temas que xurdan durante o curso e que sexan interesantes.

Daráselles cumprida información de todos os aspectos que incidan na educación dos deus fillos/as.

A páxina web do centro, o taboleiro de anuncios, circulares, notas informativas e a aplicación Abalar serán as canles de información coa comunidade educativa. Tamén se trasladarán certos avisos a través da conta de Facebook e empregárase a Instagram para dar publicidade a determinadas actividades e creacións realizadas no centro.

Tentarase manter unha relación fluída coa ANPA do centro, facilitándolle a participación nas actividades do centro.

Q. REGULAMENTO E ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O Comedor Escolar é un servizo dependente da ANPA (asociación de pais e nais de alumnos/as).

A ANPA oferta, organiza e xestiona na súa totalidade o servizo, contratando unha empresa externa para a elaboración dos menús e o subministro dos mesmos, así como de todo o material necesario para levar a cabo dito servizo. Tamén a contratación da coidadora.

O Comedor Escolar contribuirá ao proceso de formación integral de todos/as os/as alumnos/as creando hábitos sans de alimentación, hixiene e boas relacións entre compañeiros/as, respectando os materiais e os espazos e cumprindo as normas e suxestións da coidadora.

1.OBXECTIVOS

PARA O COMEDOR

- Desenvolver hábitos de alimentación saudables: comer de todo, mastigar correctamente, non estragar a comida.

PARA O TEMPO LIBRE

- Desenvolver hábitos de convivencia.
- Aprender a utilizar o tempo libre participando nas actividades
- Observar a todos/as os/as nenos/as , sobre todo aqueles que presenten algún problema físico, psíquico ou de conduta para dinamizar a súa participación.
- Utilizar correctamente os materiais e o espazo.

EN XERAL

- Inculcar hábitos de hixiene persoal: lavado de mans antes e despois de comer, hixiene bucodental diaria.
- Inculcar hábitos de boas maneiras na mesa: posturas, uso correcto das culleres, orde e limpeza na mesa.
- Fomentar a colaboración e boas relacións .
- Axudar a conciliación nas familias da vida laboral

2.PROCEDEMENTO

O Comedor escolar comezará no mes de setembro e rematará en xuño, coincidindo co último día de curso, sempre e cando haxa demanda do mesmo, e terá o seguinte horario:

DENDE AS 14:00 ATA AS 16:00

Para un bo funcionamento do servizo deberán cumprirse as normas estritamente, para iso diferenciarase entre diferentes tipos de usuarios, os fixos ou fixos descontínuos e os esporádicos. No caso de que a demanda de comensais sexa maior que a ratio dispoñible, tomarase como referencia a orde de reserva.

En calquera dos casos, as familias deberán avisar a persoa encargada para tal fin cun día de antelación de calquera cambio que se produza na asistencia ao comedor, para iso facilitarase o teléfono da coidadora a todos os pais do centro.

Para poder quedar no comedor será preciso facer chegar a persoa responsable a autorización debidamente cumprimentada.

Ao comezo do curso se porá a disposición das familias un formulario para que se poidan inscribir no servizo, no que se deberán cumprimentar todos os datos relativos o/a alumno/a, especificando as posibles alerxias e características que sexan de interese para poder prestar un bo servizo.

3. PREZO DO SERVIZO E FORMA DE PAGO

O prezo do servizo establececese ao inicio do curso, coas revisións pertinentes ao longo do mesmo e se informará en Asemblea Xeral aos pais.

O prezo dependerá da empresa de Catering e de subvencións concedidas pola Administración.

Todo o alumnado e o persoal docente e non docente do centro poderán facer uso do servizo de comedor, o persoal docente poderá saír do centro ao rematar. As normas de hixiene e a forma de pago serán as mesmas que as do alumnado.

Comensais fixos ou fixos descontinuos: Ao inicio de cada mes de servizo enviaráselle á familia un Whatsapp especificando o número de comidas e o prezo para facer efectivo o pago. Unha vez cumprido o prazo sen ter aboado o importe se lle comunicará mediante aviso de non pagamento outro prazo de 7 días para facelo efectivo, do contrario darase de baixa a/o alumno/a. O pago nese prazo farase mediante ingreso ou transferencia á conta bancaria da ANPA.

Comensais esporádicos: Deberán comunicar a súa asistencia un día antes de facer uso do servizo e o método de pago será o mesmo.

4. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- a) A ANPA, xunto co Equipo Directivo deste Centro, considera este servizo como unha parte máis do proceso formativo dos/as alumnos/as polo que vemos necesario establecer unhas normas básicas que faciliten o correcto funcionamento do servizo e complementen o seu proceso educativo.
- b) O alumnado, usuario de comedor, ten as mesmas obrigas durante os períodos anterior e posterior a comida que no período lectivo, comportándose de forma disciplinada e atendendo en todo momento as normas que lle aconselle a monitora de comedor.
- c) Se algún alumno/a non respecta estas directrices se adoptarán as medidas correctoras pertinentes, adecuadas á falta cometida, sendo motivo de comunicación á familia e de persistir na mesma actitude se sancionará coa privación temporal ou definitiva do uso do Comedor Escolar.
- d) O alumnado de Educación Infantil serán recollidos nas aulas pola coidadora, ou entregados polo mestre correspondente no comedor.
- e) O alumnado de Educación Primaria agruparase no corredor onde esperarán formando unha fila ordenada.
- f) A chegada ó comedor deberán deixar as súas pertenzas (mochilas e abrigos) no lugar destinado ao efecto o e procederán de xeito ordenado a lavar as mans para logo sentarse na mesa, atendendo sempre ás instrucións da coidadora.
- g) Unha vez se atopen sentados, procederase a empratar e servir a comida, para isto, a coidadora poderá nomear responsables de mesa, que serán os únicos ós que se lles permitirá levantarse. Os demais deberán levantar a man para solicitar calquera cousa ou acudir ó aseo en caso de necesitalo.
- h) O primeiro prato, segundo e sobremesa deberán servirse na mesma quenda, fomentando así a paciencia entre os comensais.
- i) Se algún alumno/a padece intolerancia ou alerxia a algún alimento será requisito indispensable a presentación do correspondente certificado médico para ter un menú especial.
- k) QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO O CONSUMO DE CALQUERA OUTRO ALIMENTO QUE NON SEXA PROPORCIONADO POLA EMPRESA DE CATERING
- l) A coidadora encargada do coidado no comedor NON É PERSOAL CUALIFICADO PARA A ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS.
- m) Ó remate da comida os/as alumnos/as deberán permanecer sentados, charlando tranquilamente á espera de que a voluntaria lles invite a realizar a hixiene bucodental para o remate facer algunha actividade.

5.NORMAS DE HIXIENE ,CORTESÍA E COIDADADO DO MATERIAL

Cada usuario:

- a) Deberá empregar unha linguaxe correcta e respectuosa tanto cos seus compañeiros e compañeiras como coa coidadora.
- b) Deberán respectar os espazos asignados (patio cuberto de infantil, aula de psicomotricidade, e o propio comedor) no tempo no que se presta o servizo, non permanecendo en lugares non autorizados.
- c) Circularán polos corredores calmadamente e de forma ordenada sen carreiras que puideran ocasionar accidentes.
- d) Respetarán o material dos/as compañeiros/as, así como o mobiliario e menaxe de comedor.
- e) Non deberán desperdiciar nin facer mal uso da comida que se lles sirva.

6.RECOLLIDA DOS ALUMNOS

- a) O horario de recollida será a partires da finalización do servizo de comida e ata as 16:00 h., as portas do centro permanecerán abertas durante o horario de comedor; así os pais poderán acudir a recoller os seus fillos a partires de acabar o servizo de comida para que e a saída sexa máis escalonada.
- b) A recollida do alumnado farase de xeito ordenado. Os pais esperaran sen interferir na marcha do comedor e esperando ó remate se a familia quixera facer algunha consulta á coidadora. No caso de que o neno vaia ser recollido por un adulto non habitual deberá ser comunicado previamente á coidadora.
- c) No caso de que o alumnado se atopase no comedor, os pais deben tocar o timbre habilitado para o comedor, ademais é recomendable avisar a coidadora se prevén recoller ao alumnado antes da hora habitual de saída.
- d) Durante o horario de comedor o alumnado non poderá saír do centro.
- e) No caso de separación legal dos proxenitores, deberá ser comunicado a coidadora do comedor cal é a persoa que ten dereito a recoller o menor. Dita comunicación farase a través da Dirección do Centro.
- f) Será motivo de baixa do servizo o incumprimento das normas establecidas, así como o incumprimento reiterado do horario de recollida.

7.PAPEL DA COIDADORA

A coidadora será seleccionada, formada e contratada para tal tarefa pola empresa de Catering, será a empresa de Catering a responsable do bo facer de dita coidadora.

O papel da coidadora é fundamental no control e supervisión da inxestión, así como nos aspectos relacionados cos correctos hábitos alimentarios, hixiénicos e de comportamento na mesa.

Para a ANPA é importante que os/as alumnos/as que acudan ó noso comedor se sintan atendidos de maneira cálida e afectuosa, transformando ese momento nunha experiencia de aprendizaxe e

convivencia solidaria.

Terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Apoio e control na inxestión.
 - b) Colaborar naquilo que sexa necesario para facilitarlle a alimentación en función da idade ou circunstancias persoais (pelar froita, cortar carne, eliminar espiñas do peixe) sen que por iso perda de vista a necesidade de potenciar a autonomía do/a neno/a na súa alimentación. Para asistir ao comedor suponse unha mínima autonomía por parte do alumno/a.
 - c) Ensinar a desenvolverse con corrección na mesa
 - d) Manexar debidamente ás culleres, servilleta, postura adecuada...
 - e) Facer fincapé na necesidade de comer todo aquilo que se lle serve, xa que así terá unha alimentación san e equilibrada.
- f) Organizarse ben, para que a comida non demore en chegar á mesa unha vez que están todos/as listos/as para xantar.
- g) Prestar especial atención os nenos que:
- Sistemáticamente non comen.
 - Troncen e mesturan a comida polo prato sen apenas probalo.
 - Intercambian a súa comida con outros.
 - Rexeitan sempre o mesmo tipo de alimento.
 - Se illan para comer.
 - Engolen os alimentos e sempre acaban primeiros.
 - Sempre acaban últimos.
 - Presentan algún tipo de patoloxía declarada previamente ó responsable do comedor e precisan de dieta especial.
- h) Concienciar da necesidade hixiénica de:
- Lavar as mans antes e despois da comida.
 - Non xogar cos alimentos nas mans para evitar contaminacións.
 - Mastigar correctamente os alimentos
 - Levar a cabo unha boa hixiene bucodental o rematar o xantar.
- i) Concienciar en aspectos sociais:
- A coidadora deberá proporcionar ao escolar un trato afable e cordial, fomentando en todo momento unha actitude de respecto mutuo.
 - Todos/as os/as nenos/as deberán ser tratados por igual, sen distinción de raza, sexo, relixión ou condición social.

R. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

1. UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS

SALA DE PSICOMOTRICIDADE

Utilizarase para impartir a clase de psicomotricidade de educación infantil.

AULA DE INFORMÁTICA (audiovisuais)

En principio será usada unha sesión semanal polo alumnado de educación infantil e o 1º ciclo de primaria posto que o resto empregarán os ordenadores portátiles dispoñibles na biblioteca.

Tamén se empregará para determinadas sesións de Relixión.

Porén será de uso libre segundo as necesidades de cada grupo, sempre respectando o horario establecido pola xefatura de estudos para a utilización da aula.

BIBLIOTECA

No horario da biblioteca cada titor sinalará unha sesión para uso da biblioteca polo seu grupo. Será de uso exclusivo para actividades de biblioteca e excepcionalmente por necesidades de espazo impartirase a valores cívicos e sociais/ proxecto competencial.

A biblioteca retomarará o seu funcionamento nos recreos en outubro e ata o mes de maio e nas tardes que haxa actividades da ANPA.

AULA DE ARTÍSTICA

Será utilizada para dar a materia de Música e Relixión e tamén para o desdobre de Lingua castelá de 2º.

Pódese empregar para outras actividades, sendo responsabilidade do mestre ou mestra que a use deixala limpa e recollida.

AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Será utilizada pola mestra de AL.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Será compartida por ambas as mestras desta especialidade evitando a coincidencia horaria das mesmas.

2. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR OUTROS GRUPOS ALLEOS Á ACTIVIDADE DOCENTE.

a. A ANPA. Citanía: A Asociación de Nais e Pais do C.E.I.P. Manuel Rodríguez Sinde utilizará as instalacións do centro para labores de xestión propias. Utilizará as instalacións do comedor escolar (aula 10) para a hora do xantar de 14:00 a 16:00 h. Tamén se empregarán as seguintes aulas para as actividades extraescolares que a seguir se recollen:

- Mércores de 16:00 a 17:30: Manualidades no comedor
- Xoves de 16:00 a 17:30: Cociña no comedor.
- Venres de 16:00 a 17:30: Inglés na aula TIC.

b. Solicitudes de uso do pavillón:

- O Concello solicitou autorización para levar a cabo atletismo os venres de 16:00 a 18:00 e o mesmo día patinaxe artística de 18:30 a 20:30 horas desde outubro de 2023 ata maio de 2024. Finalmente só se realizará atletismo.
- O C. T. O Codesal solicitou o pavillón para clases de tenis en caso de mal tempo os luns, martes, mércores, xoves e venres de 16:00 a 21:00 horas desde outubro de 2023 ata maio de 2024.
- O Glasgow de fútbol solicita o pavillón os luns, martes e mércores de 21:00 a 23:00 horas e os sábados desde as 11:00 ata as 14:00 horas para todo o ano 2024.
- O Club Atlético Guardés de balonmán fixo a solicitude do pavillón os xoves de 16:00 a 17:00.
- A Asociación Recreativa Ciclismo Oiense solicitou o pavillón para os sábados de 16:30 a 18:30 horas e os domingos entre as 11:00 e as 13:00 horas.

Portas de acceso ao edificio

Para entrar no edificio escolar os alumnos/as utilizarán os seguintes accesos:

- 6º de educación infantil porta traseira dereita da planta baixa (porta 4).
- 4º e 5º de educación infantil porta traseira esquerda da planta baixa (porta 3).
- 1º, 2º, e 4º de educación primaria porta traseira esquerda do 1º andar (porta 1).
- 3º, 5º e 6º de educación primaria porta traseira dereita da planta alta (porta 2).

As saídas e entradas do recreo faranse ás 11:30 e 12:00 horas respectivamente polos mesmos lugares.

Nas entradas, cada mestre/a encargarse do alumnado ao que lle vai a impartir clase durante a sesión inmediatamente seguinte.

As entradas e saídas das aulas e do centro deben facerse en orde e en silencio, subindo e baixando as escaleiras sen correr e ordenadamente.

Nas saídas, o profesorado que imparta a última sesión será o encargado de acompañar aos alumnos e alumnas ata a saída ao patio de infantil e entregalos ás súas familias, só poderán abandonar o centro sen unha persoa adulta aquelas rapazas e rapaces de 5º e 6º de Primaria que teñan autorización da familia.

S. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

A ANPA Citania propuxo todas as actividades que a continuación se recollen:

INFANTIL					
LUNS	16:00/17:00	Inglés	1hora	17€ socios	20€ non socios
MERCORES	16:00/17:00	Música e movemento	1hora	17€ socios	20€ non socios
XOVES	16:00/17:00	Cociña sen fogo	1hora	17€ socios	20€ non socios
VENRES	16:00/17:00	Debuxo e contacontos	1hora	17€ socios	20€ non socios

PRIMARIA					
LUNS	16:00/17:00	Cociña	1hora	17€ socios	20€ non socios
MERCORES	16:00/17:00	Debuxo e pintura	1hora	17€ socios	20€ non socios
	17:00/18:00	Manualidades con refugallo	1hora	17€ socios	20€ non socios
XOVES	16:00/17:00	Teatro (3º, 4º, 5º e 6º)	1hora	17€ socios	20€ non socios
	17:00/18:00	Técnicas de estudo	1hora	17€ socios	20€ non socios
VENRES	16:00/17:00	Inglés	1hora	17€ socios	20€ non socios
	17:00/18:00	Expresión e debate (5º e 6º)	1 hora	22€ socios	25€ non socios
	18:00/19:00	Patinaxe *	1 hora	17€ socios	20€ non socios

ACTIVIDADES FORA DO CENTRO ESCOLAR

ACTIVIDADES DEPUTACIÓN: Segundo a Deputación de Pontevedra a partir do mércores 14 saen os listados das actividades dispoñibles e as ligazóns para poder inscribirse.

(www.depo.gal/deporte-escolas)

🕒 AULA MADRUGA: Un ano máis intentamos sacar adiante o plan madruga, para axudar a conciliación das familias, ofrecendo acompañamento (con xogos e actividades) e coidado unha hora antes da entrada as clases. Esta actividade tamén precisa dun mínimo de nenos para que saia adiante e en caso de saír o prezo sería de 40€/mes por neno. Cobrarase anticipadamente e o pago será mediante transferencia bancaria, o número de conta da ANPA (ES74 2100 4046112200056718 LA CAIXA).

🕒 COMEDOR: informamos que o comezo de comedor foi o día 08/09/2021. Os prezos polo momento mantéñense igual que o ano pasado (5 ou 4 días 6 €/día; 3, 2 ou 1 día 6,50 €/día e eventuais 7 €/día; non socios 8€/día). Cobrarase anticipadamente e o pago será mediante transferencia bancaria, o número de conta da ANPA (ES74 2100 4046112200056718 LA CAIXA). Se o neno faltase algún día ao comedor debe avisar con tempo suficiente, en caso de facelo ese importe se lle descontaría no seguinte mes.

As familias interesadas en dar de alta ós nenos no comedor poden cubrir a ficha de inscrición, chamar ao teléfono 645.374.542 ou no correo electrónico info@anpacitania.es indicando os días que está interesado en acudir ao comedor e se ten algunha alerxia ou intolerancia alimentaria.

T. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do Centro consistirá en comprobar en que medida se acadaron os obxectivos propostos nesta Programación Xeral Anual, unha vez postos en funcionamento os recursos cos que se contan e as actuacións necesarias para facelo.

Recolleranse nunha enquisa dixital a final de curso as dificultades atopadas e as propostas de mellora por parte de todo o profesorado nos aspectos de organización e funcionamento do centro. Estas propostas de mellora deben ser tidas en conta no curso seguinte.

Será na memoria de final de curso onde se recolla a información que permita apreciar os acertos e os aspectos a mellorar.

U. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA

1. FUNDAMENTACIÓN.

1.1. Directrices do PLC.

O Plan Lector Anual é o programa de accións que se levarán a cabo de xeito periódico ou puntual no noso centro para o desenvolvemento do Proxecto Lector e encamiñado a mellorar as competencias básicas de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo.

O Proxecto Lector do centro marca como directrices os seguintes aspectos:

conseguir que os alumnos/as sexan lectores competentes, entendendo por tal que sexan capaces de ler con precisión e rapidez, que desenvolvan habilidades de comprensión e que se motiven cara a lectura como fonte de pracer ou como ferramenta indispensable para a súa aprendizaxe.

garantir as estratexias lectoras fundamentais dos alumnos/as, poñer os medios e propiciar as condicións axeitadas para desenvolver o hábito lector.

comprometer a todo o profesorado no desenvolvemento da competencia lectora dos alumnos/as e require unha planificación compartida a través deste Plan anual de lectura.

ten que implicar tamén a familia procurando unha continuidade fóra do centro e buscando a responsabilidade compartida de fomentar o gusto pola lectura.

1.2. Contexto do curso correspondente.

Dende que a biblioteca está no Plambe, os datos recompilados respecto as habilidades lectoras e escritoras do alumnado van mellorando. Temos que dicir que son aulas con alumnos que precisan reforzo e incluso adaptacións curriculares. Para paliar estas dificultades cóntase con profesorado de apoio na aula e un gran número deste alumnado asiste ás clases de reforzo.

As medidas plantexadas pola CCP para seguir traballando esta competencia e intentar melloralas son:

- Traballar a expresión oral e escrita a través de redaccións, resumes, esquemas, gravacións, ...

- Continuar coa hora de ler con actividades programadas polos titores levando un rexistro dos progresos dos alumnos/as en relación a adquisición de vocabulario, a capacidade de síntese, a capacidade de comprender e sacar información dun texto escrito.
- Por a disposición do profesorado un banco de recursos de libros e fichas para conseguir os obxectivos expostos.
- Traballar a comprensión lectora a través de textos de tipo inferencial, e tamén a través da búsqueda de información en textos reais e significativos para os nenos/as.
- O departamento de orientación pasaran se probas ao comezo e a o final de curso para avaliar a comprensión lectora.
- Outras actividades tipo: adiviñas, definir, encadear e relacionar palabras, verdades e mentiras, veo-veo, ordena frases,...

1.2.1. Resultados da AV. Diagnóstico. (sen resultados)

1.2.2. Os resultados das probas de competencia lectora de 4º de Primaria son mellorables, hai alumnado con bo nivel lector e outro con dificultades na lectura e na comprensión polo que son precisos seguir traballando para mellorar.

1.2.3. Programas nos que está inmerso o centro.

Continuamos co Plambe en biblioteca e seguimos participando no proxecto de Voz Natura no que a biblioteca facilitará material e fondos para actividades que fomenten a lectura, as exposicións, a busca de información e produción en diferentes soportes e formatos,... Foi aprobado de xeito provisional o Contrato-Programa Recupéra-T no apartado PROA+.

Neste curso foron solicitados os Contratos-Programa nas modalidades:

Eduinclúe: Convive-T, eduingualaT, Inclúe-T, Empocióna-T, Eduinnova: Eduexcelcncia, Edusaúde, Edusostibilidade e Educabilidade, Proxecta+. Prevese continuar co programa Radio na escola.

OBXECTIVOS

A finalidade da biblioteca escolar é constituírse como centro neurálxico do colexio no que se dean as condicións favorables para a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Revitalizar a biblioteca converténdoa nun espazo atractivo a toda á Comunidade Educativa
2. Converter a biblioteca como núcleo organizador de actividades e recursos para toda a Comunidade Educativa. Implicando, especialmente, a todo o profesorado nas actividades, proxectos e experiencias para potenciar o hábito lector.
3. Manter actualizado o Blogue para fomentar o interese pola lectura e a escritura, e investigación.
4. Levar a cabo as actividades propostas co fin de mellorar as competencias lectoras dos alumnos.
5. Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes e descubrir outros mundos tanto en sentido físico como de pensamento.
6. Facer partícipe ás familias para reforzar as tarefas lectoras que se fan no centro.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

Organización de espazos:

- Espazos da biblioteca: a biblioteca está constituída polas seguintes zonas:
 - Zona de xestión (empregaranos os mestres e alumnado axudante)
 - Zona TIC (so para traballo de xeito individual)
 - Zona de traballo común.
 - Zona de traballo individual.
 - Zona de lectura recreativa
 - Zona de novidades
 - Zona de xogos de mesa
 - Zona de país e nais polas tardes.
 - Zona do PDI.
 - Zona da sección temática.
 - Zona creativa de aprendizaxe
- Bibliotecas de aula: cada aula estará equipada cunha colección de libros de consulta e lectura organizada polo mestre/a-titor/a coa colaboración do equipo
- Outros espazos:
 - Banco de recursos na sala de Mestres/as.
 - Banco de recursos no Departamento de Orientación (no despacho de Orientación, na aula de A.L. e na de P.T)
 - Espazos de lectura fóra polo centro: corredores, patio, zonas común,...

Organización de tempos:

- A biblioteca estará aberta durante o horario lectivo de 9:00 a 14:00 e polas tardes nas que haxa actividades extraescolares de 16:00 a 18:00 agás os martes
- Hora de ler: Un tempo diario de 12:00 a 12:20 para a lectura de lecer no que participan o alumnado e o profesorado.

Horario do equipo de biblioteca e de aulas:

HORARIO DA BIBLIOTECA					
DÍA SESIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN 9:00 – 9:50			4º Primaria	6º Infantil	3º Primaria
2ª SESIÓN 9:50 – 10:40	TRABALLO EQ Bea		TRABALLO EQ Bea		TRABALLO EQ. Bea (Coord)
3ª SESIÓN 10:40 – 11:30	TRABALLO EQ Alba	1º Primaria	Matemáticas 2º		6º Primaria
RECREO 11:30 – 12:00	RECREO Alba	RECREO María	RECREO Iris	RECREO Lucía	RECREO Bea
HORA DE LER 12:00- 12:20					

4ª SESIÓN 12:15 – 13:15	5º primaria		4º Infantil	TRABALLO EQ María	5º Infantil
5ª SESIÓN 13:15 – 14:00		TRABALLO EQ. Iris	TRABALLO EQ Montse	2º Primaria	TRABALLO EQ. Bea

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

- Inauguración da biblioteca participa todo o alumando de Primaria e o alumnado de 5º e 6º de Ed. Infantil (principios de outubro)
- Presentación do PDI “A historia da escritura” proxecto no que descubrirá a evolución da escritura ata o día de hoxe así como os diferentes tipos de textos.
- Formar usuarios e axudantes. Ensinar e habituar ao alumnado á desenvolverse nas bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente, a través de pautas aos titores, xogos (coa mascota Superlector), trípticos, programas informáticos, reparto de tarefas entre os rapaces, asignación de responsabilidades,... e de forma coordinada coa biblioteca municipal. (durante todo o curso).Compromisos asinados do bo uso por clase.
- Educar no acceso á información (educación documental). Conseguir que a biblioteca se converta no motor do centro, nunha fonte de información e nun novo espazo de aprendizaxe, que mestres e alumnos a empreguen para documentarse, a investigar, a intercambiar pareceres... para adquirir estratexias e as capacidades necesarias para o manexo dunha grande diversidade de recursos e servizos.
- Levar a cabo actividades dende a biblioteca que contribúan a espertar nos nenos/as o gusto pola lectura, a escritura, a investigación, o manexo da información e que os inviten a usar os recursos biblioteca do centro.
- Coordinar. Partindo da idea de procurar unha biblioteca como centro neuráxico do colexio, traballarase de xeito coordinado: co profesorado, nas actividades de investigación de aula; cos pais, tratando de involucralos en actividades de contacontos, obradoiros, coloquios; e co resto de equipos que existen no centro: Equipo de Normalización da lingua galega (ENLG), Extraescolares (EE), Voz Natura, TIC, Convivencia... co fin de levar a cabo unha actuación común en beneficio do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

5. RUTINAS DE LECTURA:

5.1. Actividades sistemáticas:

- Actividades na hora de biblioteca: neste curso escolar, de xeito coordinado con todos os equipo de dinamización do centro traballaremos un proxecto “A historia da escritura”. Cada titor acudirán á biblioteca na hora marcada no horario para realizar as actividades deseñadas para o proxecto.

Ademais, o resto das horas de biblioteca serán para impartir materias por falta de espazos.

Actividades hora de ler.

No período 2023-2024 modificouse o horario do centro para igualar as sesións de clases e a hora de ler pasa a ter 20 minutos. Dende o equipo de biblioteca e co consenso da CCP establecéronse as seguintes modalidades para a hora de lectura:

- Lectura silenciosa e individual.
- Lectura en voz alta aos alumnos/as por parte do mestre/a.
- Lecturas entre aulas en diferentes formatos.
- Lecturas seleccionadas por temas (animais, medo, humor...).
- Presentar as lecturas:
 - Crear un clima na aula antes de empezar a lectura, por exemplo, sentados no chan gardando a distancia de seguridade, escoitando unha música suave...
 - Comentar as expectativas que ten o título, as ilustracións...
 - Relacionar o conto que imos ler con outro que xa coñezan os nenos/as polo tema, autor, ilustrador, época...
- Na lectura por capítulos, comentar o lido con anterioridade e relacionalo coas expectativas futuras da historia.
- Falar do autor e do ilustrador, comentando anécdotas da súa vida e obra.
- Ler con ritmo e entoación. Versións: ler como si estiveras triste, con entoacións, con susurros, con humor, baixiño...
- Reler.
- Un grupo de alumnos dunha clase superior le a un grupo de nenos/as máis pequenos/as adecuando as lecturas ás idades.
- O lector invitado. O mestre/a e os alumnos/as deciden invitar a alguén a ler na súa clase e xuntos escriben a invitación. Pode ser unha nai/pai, un avó outro mestre, alguén da biblioteca... quen elixirá o texto que lles queira ler. O invitado explica aos alumnos a súa relación co texto e porqué o elixiu. Despois de ler o invitado pode falar cos nenos/as e escoitar as súas opinións.
- Lectura colectiva. Pódese fotocopiar, ampliando a letra, un conto e colocalo nun atril fronte a clase de tal xeito que os nenos vaian pasando a lelo en voz alta para o resto da clase. Os outros nenos/as non deben ter copia do texto para manter o interese pola historia. Non é unha lectura para corrixir erros de mecánica lectora, senón que se trata de transmitir unha historia aos seus compañeiros/as.
- Contos para escoitar. Audiolibros. Poden ser Cd dunha editorial, de contos clásicos ou do propio mestre que grava as lecturas. A idea é que os nenos/as poidan levalos a casa e escoitar de novo os contos que máis lle gustaron.
- Ler para comprender: introducir en todas as áreas o traballo con textos de todo tipo (narrativos, expositivos, gráficos...) e procedencia (manuais, xornais, revistas, atlas...) en distintos soportes (papel, multimedia...).
- Gravacións de lecturas ou recreacións de textos.
- Recomendacións lectoras.

5.2. Actividades de lectura compartida: apadriñamentos e amadriñamentos lectores, lectura en parella...

- Realizaremos dúas xornadas de apadriñamentos en datas significativas nas que os nenos/as padriños/madriñas leranlle a os afillados.
- Actividades de animación á lectura con outros centros.

6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

Equipo de biblioteca. Funcións:

- Analizar as necesidades de equipamento, infraestruturas e asesoramento e atención ao profesorado.
- Realizar propostas de melloras necesarias para presentar á Comisión.
- Realizar propostas de adquisición de fondos e equipamentos.
- Manter actualizado o Blogue.
- Planificar todas aquelas actividades que axuden a consecución dos obxectivos propostos ao longo deste proxecto.
- Facer xestións que axuden á Biblioteca na consecución dos obxectivos deste Proxecto.
- Claustro de profesores como colaboradores das actividades propostas polo Eq. da biblioteca.
- As familias: participando en obradoiros e actividades, en sesións de contacontos, mochilas viaxeiras, aportando material,...
- Biblioteca municipal: organizando visitas á Biblioteca Municipal para complementar a formación de usuarios e difundir as actividades levadas alí.
- Mestres e alumnos de outros centros participando nas actividades conxuntas propostas.

ITINERARIOS LECTORES.

Cada titor, nas súas bibliotecas de aula deseñará diferentes itinerarios lectores para o seu alumnado levando un control de lectura a través dun cadro de dobre entrada onde se irán marcando os exemplares lidos. Tamén cada titor terá unha ficha para cada libro onde se recollen diferentes aspectos da lectura.

ITINERARIO 4º ED. INFANTIL
-Violín. Antonio Rubio
-Zapato. Antonio Rubio
-Crocodilo. Antonio Rubio
-Cinco. Antonio Rubio
_Teresa la princesa. Margarita del Mazo
-Me duermo en un zapato. Mar Benegas
-Le pondremos un bigote. Mar Benegas
-Jugamos a las manitas. Mar Benegas
-Diez ardillas. Mar Benegas

_Carracol e vermiño. Armando Quintero
-Caracol e formiga. Armando Quintero
-Que susto. Armando Quintero
-El paseo de Nina. Isabelle Carrier
-¡Socorro Bomberos! Émile Jadoul
-Mi casa. Émile Jadoul
-NO , DAVID! David Shanon

ITINERARIO 5º ED. INFANTIL

-Sopa verde. Ángela Madeira
-A horta de Simón. Rocío Alejandro
- Que che gustaría ser? Arianna Papini
-Cuándo papá era pequeno había dinosaurios. Vincent Malone
-Topito Terremoto. Anna LLenas
-Te quiero (casi siempre). Anna LLenas
-Vivan las uñas de colores. Luís Amavisca
-Pequeña jungla. Marta Altés.
-Corre corre cabaciña. Eva Mejuto
-Renato.
-A que sabe a lúa? Michael Grejniec
-Una gran ayuda. Daniel Fehr
-Aprende el abecedario con el ratoncito sabio. Ramón Besora
-NO , DAVID! David Shanon

ITINERARIO 6º ED. INFANTIL

-Nadarín. Leo Lionni
-El niño que no quería ser azul...Patricia Fitti.
-Maruxa. Eva Mejuto.
-La rabieta de Lara. Carmen Gil.
-Luis no tiene miedo. Carmen Gil.
-Uxía ten un irmanciño. Liesbet Slegers
-Socorro Bomberos. Emile Jadoul.
-Quero peixe. Aslaug Jónsdómir
-Oito Patas. Ana Meilán.
-¿Jugamos? Hervé Tullet
-Un libro con sonidos. Hervé Tullet
-Nin un biquiño á forza.
-Cierra los ojos. Victoria Pérez
-Que che gustaría ser?
-Marcelina en la Cocina. Gracia Iglesias
-La máquina de fabricar besos. Agnes De Lestrade.
-Chocolata. Marisa Núñez
-Palabras con corazón. Kate Jane.
-Guapa. Cañizares.

-Todos menos uno. Éric Battut.

-Teño dúas casa. Cristina Justo.

-NO , DAVID! David Shanon

ITINERARIO 1º ED. PRIMARIA

-Un conto cheo de lobos. Roberto Aliaga.

-Moncho e a mancha. Kiko Dasilva.

-Por cuatro esquinitas de nada. Jerome Ruillier.

-El canguro Arturo. Almudena Taboada.

-El pulpo mascota. Martín Mckenna.

-El grillo Benito. Almudena Taboada.

-¡Si no comí nada! Mar Benegas.

-El bolso de mamá. Pilar Serrano.

-Negros e brancos. David Mckee.

-Os oficios de Xan. Antonio Rubio y Rebeca Luciani.

-Paco. Paula Carballeira y Blanca Barrio.

-Colección paseniño.

-Colección el gato Roc.

- El dragón de las letras. Begoña Oro

-FOOD, FOOD, FOOD. MACMILLAN

ITINERARIO 2º ED. PRIMARIA

-Capitán Calabrote.

-Kofu: O neno de chocolate.

-Medianoche en la luna.

-La despensa mágica.

-Los tres cerditos aviadores.

-Vacas guapas.

-Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis.

-El grillo Benito.

-El primer Baile de Agarico Pasaflo.

-Los tres osos.

-Cuentos de la abuela Coneja.

-Los fantásticos libros voladores del Sr. Morris Lessmore.

-Os bolechas ven unha moura.

-La escalera.

-La gacela Julieta nos pone a dieta

-Me llamo Pecas.

-Avós.

-As fabas Máxicas.

-Mi princesito.

-A princesa Sabela.

-LUNCH AT THE ZOO. MACMILLAN

ITINERARIO 3º ED. PRIMARIA

-Kika superbruxa revoluciona c clase. Knister
-Junie B. Jones y el pastel peligroso.
-Bat Pat. Un robo de cine.
-El extraño caso del volcán apestoso.
-Un veciño cheo de sorpresas. Víctor Raga
- Las aventuras del capitán Calzoncillos. Dav Pilkey
-Agus y los monstruos. Jaume Copons.
-ENDANGERED ANIMALS. MACMILLAN

ITINERARIO 4º ED. PRIMARIA

-Cadavercita Roja.
-¡Que asco de bichos! Roald Dahl.
-A maravillosa medicina de George. Roald Dahl
-A vida dos Nuit.
-Rimbandini
-O club da ciencia
Gerónimo/ Tea Stilton
-Animalia.
-Dinosaurios en acción.
-El tesoro del barco vikingo.
-Agus y los monstruos. Jaume Copons.
-Bat Pat. Roberto Pavanello
-Unha chea de familias. Xosé A. Neira Cruz
-FOOTBALL CRAZY: WHAT A GOAL! MACMILLAN
-DOGS: THE BIG SHOW. MACMILLAN

ITINERARIO 5º ED. PRIMARIA

-Charlie e o grande ascensor de cristal. Roald Dahl
-A filla do ladrón de bicicletas. Teresa González Costa.
-Colección: Mortiña. Bárbara Cantini
-Pippi Mediaslongas. Astrid Lindgren
-The crazy Haacks y la cámara imposible. Mateo, Hugo y Daniela Haack
-Cuentos de Buenas noches para niñas rebeldes. Elena Favilli
- Prohibido morder. Franziska Gehm
-Títulos de Harry Potter.
-Yo Elvis Riboldi. Bono Bidari
-Súper Lopez. Jan
-La odisea de Astérix. Scinny A. Uderzo
-Todo Mortadelo y Filemón. Franciso Ibáñez
-Gerónimo Stilton. Tras los pasos de Marco Polo. Gerónimo Stilton
-La espía que flipaba con la comida del cole. Pamela Butchart
-El club de los especiales. Jordi Sierra
-Mafalda. Quino.
-Hermanas. Raina Telgemeier.

-AROUND THE WORLD IN 80 DAYS. OXFORD DOMINOES STARTER
-LONDON: A DAY IN THE CITY. MACMILLAN
ITINERARIO 6º ED. PRIMARIA
-Matemáticas malditas. Alicia en el país de los números. Carlo Frabetti.
-Un hueso en el Rosbif. Ancey Françoise
-Esmeraldina, a pequena defunta. Leticia Costas.
-Xenaro e o misterio da mochila verde. Mar Guerra
-A filla do ladrón de bicicletas. Teresa González Costas.
-Leonardo e os fontaneiros. Victoria Moreno
-AROUND THE WORLD IN 80 DAYS. OXFORD DOMINOES STARTER
-LIFE IN THE DESERT. MACMILLAN

Ademais realizaranse clubs de lectura en galego (nos niveis superiores) con exemplares do centro ou de empréstito con outros centros.

CLUBE DE LECTURA 4º ED. PRIMARIA
-Bruxa e familia. Paula Carballeira
CLUBE DE LECTURA 5º ED. PRIMARIA
-Harry Potter y la piedra filosofal. J. K. Rowling(Lingua Castelá)
-Escarlatina. Leticia Costas (Lingua Galega)
CLUBE DE LECTURA 6º ED. PRIMARIA
-La lección de August. Raquel Palacio(Lingua Castelá)
-Escarlatina. Leticia Costas (Lingua Galega)

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS:

8.1. Proxectos documentais integrados, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.

8.1.1. Formación de usuarios:

- Formación dos axudantes da biblioteca por parte de Equipo de biblio.
- Elaborar guía de usuarios da biblio e actividades de formación. POWERPOINT
- Difusión do titorial e actividades para que o alumnado se familiarice co sistema de sinaturas da BE.
- Titorial e formación para a consulta da catalogo na rede da nosa biblioteca.
- Formación no programa Meiga de todo o profesorado.
- Saída á biblioteca municipal para formación usuarios, busca da información e fomento da lectura.
- Materiais elaborados e virtuais de formación de usuarios no Blogue (Clic/recursos en liña) e xogos (busca do tesouro) para familiarizarse cos espazos, normas e usos da BE.
- Organizar actividades de busca de información.
- Creación de vídeos titoriais por parte dos axudantes sobre os xogos de mesa.

8.1.2. Proxectos documentais integrados e educación para o acceso á información. Este punto desenvólvese en función da organización e programación do proxecto que prepare cada curso.

8.1.3. Actividades anuais fomento da lectura (ver Anexo).

8.2. Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da BE, Día do libro, Día da paz, Semana da prensa, Día das letras galegas, ...). Ver anexo.

9. RECURSOS E MATERIAIS.

Humanos

- Profesorado e alumnado do centro.
- Profesorado e alumnado doutros centros da localidade e arredores.
- Contacontos e outros profesionais de animación á lectura e escritura.
- Outros artistas, profesionais ou institucións relacionados co ámbito a traballar
- Outros membros da comunidade educativa: pais, avós...

Materiais

- Biblioteca.
- Bibliotecas municipal e doutros centros con empréstitos entre bibliotecas.
- Libros de texto e cadernos, contos, libros de consulta,...
- Dicionarios, atlas, enciclopedias, revistas...
- Material informático e audiovisual.
- Libros con recursos dixitais.
- Robots.
- Mesa de luz.
- Material das aulas específicas.
- Zona tic: ordenadores, táboas, libros electrónicos.
- Mochilas viaxeiras
- Material manipulativo que complementa ao de consulta.
- O blogue.
- Calquera outro recurso aportado polo profesorado adecuado para levar a cabo as actividades.

10. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

O fogar, a biblioteca e a escola son os escenarios nos que a lectura se desenvolve. A lectura comeza pola casa e é a familia a primeira chamada a fortalecer o gusto por ler. Este pracer será esencial para afrontar con éxito ás aprendizaxes da lectura e da escritura e por iso, dende a biblioteca, tratamos de realizar actividades conxuntas tales como:

Contacontos.

- Decálogo para pais/nais con dez principios imprescindibles para crear bos lectores.
- Dar suxestións ás familias: ler contos aos seus fillos/as; compartir lecturas: contos, noticias, carteis...; ser socios e visitar xuntos a biblioteca pública; regalarlle libros...
- Facilitar o acceso ao catalogo virtual da biblioteca do centro e o correo para a peticións de libros en empréstito.
- Elaborar recomendacións lectores en momentos puntuais do curso.
- Colaboracións de pais e nais e aportando material.

- Crear un punto de intercambio de libros na entrada do alumnado.
- Colaboración en actividades e traballos solicitados polos titores/as e polo centro.

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

O encargado da avaliación será o Equipo da biblioteca coas aportacións do departamento de orientación, do claustro e do resto da Comunidade educativa. A avaliación do proxecto será permanente ao longo de todo o proceso, introducíndose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades.

Partimos dunha avaliación inicial e das propostas de mellora do curso anterior. Ao rematar o curso realizamos unha avaliación a través de diferentes enquisas en relación ao alumnado, profesorado e a propia biblioteca coa finalidade de recompilar os logros e as propostas de mellora. Para a avaliación do funcionamento da BE teremos en conta os seguintes criterios:

- Espazo: adecuación, funcionalidade, necesidades.
- Material: catalogación, adecuación, valoración das novas adquisicións, prioridades de elección para préstamos, necesidades cara o vindeiro curso.
- Uso funcional por parte do alumnado, profesorado e familias: cumprimento das normas, conservación do material, interese, incremento da lectura....
- O emprego do Blogue como ferramenta de difusión.
- Actividades de dinamización: de formación de usuarios, de educación documental, animación á lectura, adquisición das CCBB.
- Cumprimento dos obxectivos propostos no PLC e actividades desenvolvidas dentro do PAL.
- Grao de implicación do centro e da CE.
- As actividades de formación recibidas.
- Producións de materiais.
- O traballo en equipo.

Algúns dos indicadores que teremos en conta:

- _ número de empréstanos realizados pola biblioteca ao alumnado,
- _ número de empréstanos realizados polo profesorado (bibliotecas de aula)
- _ calidade dos traballos realizados como froito das tarefas de investigación,
- _ número de profesorado implicado nas distintas actividades da biblioteca,
- _ número de persoas que acoden pola tarde.

En canto aos procedementos, utilizaremos como instrumento principal a observación directa do funcionamento xeral da biblioteca. De todos os xeitos, para que esta avaliación sexa máis obxectiva e sistemática, empregaremos os seguintes instrumentos:

- Entrevistas co Equipo da biblioteca para xuntar información sobre a visión que temos da biblioteca, as nosas expectativas, dúbidas,..
- Cuestionarios para recoller datos concretos e precisos entre toda a comunidade educativa.
- Rexistros sobre o número de préstamos realizados.
- Caderno de rexistro de visitas por titorías, onde se especifique a data e a finalidade da visita.

- Fichas e cuestionarios para determinar o aumento da eficacia lectora do alumnado (DO).
- O diario da biblioteca, nel anotaremos aqueles aspectos que nos resulten máis relevantes, anécdotas e reflexións.
- O caixón de suxestións de mellora ou adquisición de material novo.
- O final de curso a Comisión de Biblioteca no Consello Escolar emitirá un informe cos aspectos máis salientables, tanto positivos como negativos, en relación á organización e funcionamento da mesma.

ANEXO

ACTIVIDADES CURSO 2023-2024

SETEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

-11: Comezas as clases e a hora de ler. Actividade benvida "o meu verán", mural na cova da prehistoria. ENL

-20: data límite entrega de itinerarios lectores.

-Pesada de lixo residuos patio. VOZ

*Formación prof. en MEIGA e axudantes de biblioteca (datas)

OUTUBRO						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	SAMAÍN				

-2 : apertura biblioteca, benvida novos usuarios e comezan empréstitos. Presentación PDI??

BIBLIO

*Formación usuarios (semana do 3 ao 6 out??)

-Saída ao piñeiral e facer debuxos celtas en troncos de madeira. VOZ

-24: Día das bibliotecas escolares. Saen as mochilas viaxeiras. BIBLIO

-30 e 31: Samaín. Certame de cabazas e nome en alfabeto rúnico. ENL, inglés e TIC vídeo.

-Sección temática. BIBLIO

-Saída para comparar a paisaxe en diferentes estacións. VOZ

NOVEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

-10: Magosto.

-20: Día da Infancia. TIC (Aula virtual)

-25: Día contra a violencia de xén. 1 paraugas/ aula con palabras e exposición dos mesmos. ENL

-Do 30 de nov. ao 5 de dec.: Día da Constitución e o Estatuto de Galicia. TIC (Aula virtual)

DECEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24

NADAL

-3: Día das persoas con discapacidade. Material Braille da ONCE e actividade "Te doy mi voz".

CONV

-10: Día dos Dereitos Humanos. TIC (Aula virtual)

-Sección temática Nadal e inverno. BIBLIO

XANEIRO						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

-30: Día da Paz. (Pendente) CONV

-Sección temática Paz. BIBLIO

*Pendente:

-Camiños escolares: saída, inauguración, palabras no muro.

- Inauguración cartel Estela Doiro – pavillón.

FEBREIRO						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
ENTROIDO						
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

-11: Día da muller e a ciencia. Obradoiro tinta invisible. BIBLIO

-12 ao 16: entroido. Meco, desfile e degustación de merenda. Personaxes da historia da escritura.

ENL

-13: Día da radio. Programa en directo.

-14: Día da amizade. 1º Apadriñamento lector ?? BIBLIO

- 24: Día de Rosalía. Actividade relacionada coa poesía e os pensamentos; plantación con versos.

VOZ

MARZO

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31
SEMANA SANTA						

-8.: Día da muller. Visita escritora / Muller deportista pavillón.

-4 ao 8: Semana da prensa. Traballo co xornal (aula).

-15: Día do consumidor. Cociña de aproveitamento. VOZ

-17: Día do cómic. Sección temática e obradoiro. BIBLIO

-21: Día da poesía. Arrollos e nanas - Familias. BIBLIO

-22: Día da auga. Obradoiro. VOZ

-31: Día TRANS. Obradoiro sensibilización.

-Concurso relato curto??

ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

-2: Día do Autismo. Sensibilización con lecturas adaptadas. CONV e BIBLIO

-7: Día da Saúde. Védeos e sección temática. VOZ

-22: Día da Terra. Mural colectivo. VOZ

-23: Día do Libro. (Semana do 22 ao 26) Tendal literario/ E.I. visita á biblio municipal. BIBLIO

-Concurso mellor periodista??

MAIO						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

-2: Día contra o Acoso Escolar. Apadriñamento lector. BIBLIO

-17: Día das Letras Galegas (Semana do 13 ao 16). ENLG

-21: Día da Diversidade Cultural. CONV

-31: Peche Bibliosinde. Revista escolar

XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

-3: Día da Bicicleta. VOZ

-5: Día do Medio Ambiente e 8: Día dos Océanos. Saída todo o cole á praia para recollida de lixo e merenda. VOZ

-Excursión fin de curso.

V. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO PARA ESTE CENTRO

O Proxecto Lingüístico realizouse en base a Lei de Normalización Lingüística de 1983 e ao Decreto 79/2010, polo que se regula o uso e a promoción do Galego no sistema educativo e que establece que en primaria se den as dúas linguas cooficiais nun 50 por cento.

LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Os pais e nais manifestaron que a lingua materna predominante é o castelán e o galego.

Por unha banda, un total de 8 pais e nais comunícanse cos seus fillos/as empregando a lingua castelá e galega, mentres que por outra, dous pais comunícanse co seu fillo empregando o marroquí e o urdu e iniciándose na aprendizaxe do español. Por último, dicir que soamente unha familia emprega a lingua galega como medio de comunicación.

Conseguentemente na aula empregárase a lingua castelá e a lingua galega.

POSIBLES CAMBIOS NOS IDIOMAS NOS QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

Este curso 2023-24 para lograr unha equidade entre as dúas linguas e sen que ningunha delas sexa prexudicada en primeiro e segundo, impartiranse en galego, as materias obrigatorias, educación física e música; en terceiro, cuarto e quinto, as materias obrigatorias, música e educación plástica e visual e por último, en sexto de primaria, as materias obrigatorias, educación física e música.

CONCLUSIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES PLANIFICADAS POLO E.D.L.G. O CURSO PASADO:

O curso pasado leváronse a cabo as distintas actividades programadas con normalidade .

ACTIVIDADES PLANIFICADAS POLO E.D.L.G. PARA O PRESENTE CURSO:

Este curso as actividades están consensuadas co Equipo de Dinamización da Biblioteca, Voz Natura e co Equipo das T.I.C. Deste xeito tentamos que as actividades dos distintos equipos estean relacionados e sexan complementarias, ademais as actividades estarán integradas dentro do Proxecto Anual do Centro.

Ao longo do primeiro trimestre, decoraremos os corredores con distintos traballos realizados polo alumnado, sairemos ao piñeiral do Puntal, onde escoitaremos a explicación do autor que fixo os debuxos Celtas, para que finalmente cada aula poida decorar un tronco, cun debuxo Celta que simbolice a súa aula. Ambas actividades, están relacionados coa historia da escritura, xa que este ano o proxecto que vamos a traballar a nivel centro é "A historia da escritura",

Levaranse a cabo en distintas aulas actividades de clube de lectura.

No Samaín, levaremos a cabo unha exposición de cabazas e escribiremos os diferentes nomes no alfabeto rúnico.

Co motivo do día contra a violencia de xénero, levaremos a cabo unha actividade que consistirá en decorar un paraugas por aula con diferentes palabras. Finalmente, faremos unha exposición.

No segundo trimestre, faremos un cineforum para quinto e sexto de distintas películas.

Celebraremos tamén o “Día de Rosalía” con diferentes actividades e o Entroido, tendo en conta personaxes da historia da escritura.

No terceiro trimestre, centrarémonos no “Día das Letras Galegas” onde levaremos a cabo a realización de diversas actividades cos diferentes centros públicos da Guarda e elaboraremos a revista “Fala o Sinde”.

En definitiva, o E.D.L.G. participará e colaborará nas distintas actividades e celebracións que se realicen ao longo do curso, coa finalidade de promocionar o uso do galego no noso centro.

W. CONCRECIÓN ANUAL DOS PLANS DE IGUALDADE, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DE CONVIVENCIA

W.1. PLAN DE IGUALDADE

INTRODUCCIÓN

No curso 2019-2020 aprobouse no centro o Plan de igualdade o cal, tras unha análise da realidade do centro, estableceu unha serie de medidas e actuacións coa pretensión de reducir as desigualdades por razóns de sexos, orientación ou identidade sexual na procura dunha igualdade real. Algunhas destas actuacións teñen carácter permanente e deben ser seguidas ano tras ano, outras teñen carácter puntual.

ACTUACIÓNS

As seguintes cuestións deben terse en conta no desenvolvemento diario do centro:

Organización do centro

- Establecemento de medidas que favorezan o uso dos espazos educativos e de lecer do centro ao marxe do sexo de cada persoa.
- Reparto igualitario de cargos sempre que sexa posible.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva en toda a documentación que produza o centro así como nas páxinas web que o mesmo xestiona.
- Fomento da colaboración coa ANPA e coas familias na transmisión de valores igualitarios, de respecto, tolerancia e feminismo.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Emprego de imaxes que favorezan a posta en valor da muller, sobre todo naqueles campos nos que historicamente tivo menos presenza ou esta foi silenciada.
- Revisión do material didáctico eliminando aquel que presente elementos contrarios á igualdade.
- Adquisición de máis bibliografía para a Biblioteca escolar sobre mulleres de relevancia no desenvolvemento da sociedade e sobre a igualdade e a educación afectivo-sexual.

- Posta de manifesto aquelas actitudes, comentarios ou accións que poidan resultar un micromachismo para que o alumnado tome consciencia das mesmas e procure a súa eliminación.
- Colaboración con persoas ou asociacións que promovan a igualdade ou a defensa do colectivo LGTBI.
- Charlas ou entrevistas a mulleres de distintos ámbitos profesionais, principalmente naqueles nos que se dá menor presenza da muller, na procura do incremento das expectativas laborais das nenas.
- Promoción da axuda nas tarefas do fogar e/ou no comedor escolar tanto por parte das nenas como dos nenos.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Promoción de xogos nos que o alumnado participe independentemente do seu sexo ou orientación sexual.
- Emprego de imaxes igualitarias que non conteñan connotacións machistas.
- Proxección de curtametraxes, películas, vídeos,... que fomenten a igualdade e a non discriminación e/ou que sensibilicen sobre a problemática da violencia de xénero.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Fomento da formación do profesorado en actividades relacionadas coa igualdade e a convivencia.
- Realización de actividades que promovan o coñecemento da diversidade sexual e afectiva procurando paliar prexuizos e falsas crenzas.
- Desenvolvemento de actividades colaborativas ou cooperativas en grupos heteroxéneos en todos os sentidos.
- Detección de posibles conflitos e actuación inmediata de ser o caso.
- Nomeamento de unha persoa de cada xénero como responsable de cada grupo (por día ou por un espazo de tempo).

A seguir recóllense as actividades propostas desde diferentes grupos ao inicio do curso:

- Posta en valor de mulleres relevantes na vida social, cultural ou deportiva da nosa vila.
- Conmemoración de datas sinaladas con respecto á igualdade, a visibilización do colectivo LGTBIQ+ e da eliminación da violencia contra as mulleres.
- Charla ou obradoiro relativo ao movemento LGTBIQ+.
- Adicar no pavillón un novo espazo a unha deportista guardesa de elite e inaugurar este espazo xa que quedou pendente do curso pasado.
- Celebración das seguintes datas (actividades a concretar)
 - "Día internacional da eliminación da violencia contra a muller": Mural colaborativo e cancións.
 - "Día da muller traballadora": Entrevistas e charlas a mulleres relevantes na nosa comarca.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A finais do mes de maio ou principios do de xuño pasarase unha enquisa a través de medios electrónicos para valorar a realidade do centro neste aspecto e recoller propostas de mellora de cara a vindeiros anos.

W.2. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

1. INTRODUCCIÓN

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG, 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das súas accións:

- Os ámbitos de actuación establecidos na función do Departamento e que se explicitan na referida normativa.
- As instrucións da Administración Educativa que se concretan na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As liñas xerais do Plan de Orientación Académica e Profesional e do plan de Acción Titorial, elaboradas conxuntamente polos departamentos do IES ou CPI cos colexios de educación infantil e primaria e de educación primaria que lle sexan adscritos,...
- O Plan de Orientación do noso centro co correspondente Plan Anual de actividades do Departamento de Orientación.

A elaboración do PAADO ven recollida na Orde do 24 de Xullo de 1998, que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do Departamento de Orientación "responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso".

Neste PAADO establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización. Non figuran os obxectivos porque xa están establecidos no plan de orientación.

En relación á reunión de carácter ordinario, foille asignado na planificación do centro a este departamento un martes ao mes de 17 a 18 h.

2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Proposta de organización dos apoios do profesorado de PT/AL	Orientadora e Profesorado de PT/AL	Titores/as do alumnado con NEAE	Setembro

2	Clasificación e ordenación do arquivo do DO	Orientadora	Orientador/a	Ao longo do curso
3	Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio	Orientadora	Xefatura de estudos	Setembro-outubro
4	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	setembro
5	Concreción Anual da PXAD	Orientadora	Xefatura de estudos	setembro
6	Revisión do PO	DO	Claustro-Consello escolar	Curso escolar
7	Revisión do PXAD	DO	Claustro-Consello escolar	Curso escolar
8	Revisión do PAT	DO	Claustro-Consello escolar	Curso escolar
9	Revisión do PAcollida	DO	Claustro-Consello escolar	Curso escolar
10	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	Ao longo do curso
11	Avaliación preventiva, aplicación BADYG E1 alumnado de 2º de Primaria.	Orientadora	Alumnado de 2º	2º trimestre
12	Avaliación preventiva, aplicación BADYG E2 alumnado de 4º de Primaria.	Orientadora	Alumnado de 4º	2º trimestre
13	Avaliación preventiva, aplicación BADYG E3 alumnado de 6º de Primaria.	Orientadora	Alumnado de 6º	2º trimestre
14	Sociograma para 6º de Primaria	Orientadora	Alumnado de 6	1º trimestre
15	Emisión de informes	Orientadora	Familia e alumnado	Todo o curso.

	específicos para distintos organismos.			
16	Seguimento e coordinación cos apoios externos	DO		Todo o curso
17	Seguimento e coordinación con distintos organismos	DO		Todo o curso
18	Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO	DO		Todo o curso
19	Avaliación do PO	DO		3º trimestre
20	Elaboración dos informes do alumnado que remata EP.	Orientadora		3º trimestre
21	Redacción da memoria do DO	Orientadora		Final de curso
22	Participación nas sesións de avaliación	Orientadora		Todo o curso
23	Reunións mensuais do Departamento	DO		Todo o curso
24	Reunións semanais coas especialistas de PT/AL	DO		Todo o curso
25	Asesoramento á comunidade educativa	DO		Todo o curso
26	Proposta e adquisición de material do Departamento	DO		1º trimestre
27	Asesoramento na realización e seguimento das AC e conformación dos expedientes.	Orientadora		Todo o curso
28	Asesoramento xeral na acción titorial	Orientadora		Todo o curso
29	Actuacións promotoras Convivencia	DO		Todo o curso
30	Elaboración dos datos estatísticos referidos á orientación na aplicación informática	Orientadora	Xefatura Territorial	1º trimestre

	DRDADI.			
31	Elaboración dos datos estatísticos na aplicación DRORIENTA.	Orientadora	Xefatura Territorial	3º trimestre
32	Reunión para as familias de nova incorporación ao centro no 4º curso de EI.	Orientadora	Familias de 4º de EI	3º trimestre
33	Organización da Xornada de Acollida para o alumnado de 6º de EP en colaboración co IES ao que estamos adscritos	Orientadora	Alumnado de 6º de EP	Terceiro trimestre

3. HORARIO DA XEFA DE DEPARTAMENTO:

Como consideración previa, cumpre sinalar que ao tratarse dunha orientación compartida, a orientadora realiza o seu traballo en dous centros co correspondente reparto do seu horario. Para o noso centro, fixéronse os MARTES, MÉRCORES e VENRES.

	MARTES	MÉRCORES	VENRES
9.00-9.50	DO	DO	DO
9.50-10.40	DO	DO	DO
10.40-11.30	DO	GARDA	DO
11.30-12.00	RECREO		Recreo Infantil
12.00-12.20	HL 6º EP	DO	DO
12.20-13.10	Coordinación DO	DO	DO
13.10-14.00	DO	DO	DO

Polo que respecta aos martes pola tarde, a este centro fóronlle asignados os PRIMEIROS e TERCEIROS martes de cada mes co horario habitual de 16.00 a 19.00 horas, e o QUINTO, se o houbera.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

De conformidade co artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o Plan xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións

e medidas de atención á diversidade que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

O Plan xeral de atención á diversidade representa o deseño e a organización dun centro docente, dentro da súa autonomía e segundo as súas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado.

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, así como a Orde de 8 de setembro que a desenvolve, sinalan no seu artigo 11 a obrigatoriedade de elaborar ó inicio de cada curso, dentro os departamentos de Orientación dos centros a proposta de Concreción Anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que deberá formar parte da Programación Xeral Anual do centro.

Como resposta a este requirimento, desenvólvese o presente documento, que contempla aquelas medidas e actuacións concretas que o centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa á diversidade da totalidade do seu alumnado, categorizadas en ordinarias e extraordinarias, os profesores responsables de cada actuación, os alumnos ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan. A descrición das mesmas e a normativa que as desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

A atención á diversidade, defínese no artigo 3 da Orde de 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, como o conxunto de medidas e accións que teñen por finalidade, adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Tendo en conta que cada alumno ten capacidades, intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, experiencias educativas diferentes, o seu proceso de aprendizaxe é único. Por tanto, resulta necesario ordenar e actualizar a posta en marcha dun amplo abano de medidas que dean resposta a estas diferenzas.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN (segundo a ORDE DE 8 DE SETEMBRO DE 2021):

Segundo o artigo 4 do Decreto 229/2011, os principios xerais de actuación son:

1. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou

entidades sen ánimo de lucro.

5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

7. As familias do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Deste xeito, para contribuír en facer realidade estes principios xerais, o artigo 4 da Orde de 8 de setembro de 2021, establece os seguintes:

POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO DOCENTE:

a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

b) A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.

c) A información precisa a toda a comunidade educativa dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.

d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.

e) A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que correspondan.

POR PARTE DO PROFESORADO TITOR:

a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.

b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.

c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.

d) A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración

especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

POR PARTE DO PROFESORADO DE ÁREA OU MATERIA:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

POR PARTE DOS SERVICIOS DE ORIENTACIÓN:

- a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.
- b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
- c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.
- d) A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

ADEMAIS,

1. Os centros docentes prestarán especial atención á calidade dos procesos. Para tal fin, incluírán indicadores que fagan posible o seguimento, a avaliación e, de ser o caso, a mellora dos servizos educativos que prestan, e utilizarán os recursos tecnolóxicos nas súas actuacións.
2. Para dar cumprimento ao establecido no punto anterior, as direccións dos centros docentes, a través das xefaturas de estudos, promoverán o deseño e o uso de protocolos ou estratexias que aseguren a coordinación e a continuidade dos diferentes procesos.

OBXECTIVOS:

- Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade.
- Colaborar co profesorado na detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades educativas especiais, realizando unha avaliación psicopedagóxica cando fora precisa.

- Manter a recollida de información sobre aspectos básicos do desenvolvemento.
- Definir pautas de intervención do profesorado de apoio.
- Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos do centro.
- Procurar procesos de avaliación do alumnado con NEAE, nas que colabore todo o profesorado implicado no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Favorecer a implicación da familias na educación dos seus fillos/ as .
- Manter unha boa coordinación con institucións como os servizos sociais, pediatras, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, etc.

- Constitución do DO

O Departamento de orientación está constituído, tal e como sinala o artigo 4 do Decreto 120/98, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia por:

- Xefa do departamento: Antía Ramos Louzán
 - Mestra de pedagogía terapéutica: Marcolina Núñez Franco
 - Mestra de pedagogía terapéutica: Nerea Costas Pereira
 - Mestra de audición y linguaxe: Ester Pérez Martínez
 - Profesorado Programa PROA+:
 - Coordinación EI: María Monserrat Garcés Domínguez.
 - Coordinadora do 1º ciclo de EP: Mirian Padín Chaves
 - Coordinadora do 2º ciclo de EP: Mercedes Sánchez García
 - Coordinadora do 3º ciclo de EP: Alba Abalo Diéguez
- Análise da situación de partida e valoración das necesidades con relación ao tipo de alumnado e á oferta educativa do centro.

No que respecta á oferta educativa do centro, é un centro de liña 1 que conta con 3 unidades de EI e 6 unidades de EP. En canto ós recursos humanos o claustro de profesores componse de 18 mestras: 4 profesoras titoras de EI, unha delas actuando de mestra de apoio, 6 profesoras titoras de EP, unha delas actuando como mestra de apoio, 1 especialista en música, 1 especialistas en inglés, 1 especialista en Educación Física, 1 especialista en Relixión (compartida), 2 mestras de apoio especialista en PT (unha delas de Escolarización Preferente), 1 mestra de apoio especialista en AL (de escolarización preferente) e 1 orientadora como Xefa do Departamento de Orientación (compartida co CEIP As Solanas).

Conta con Departamento de Orientación compartido, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Convivencia, Equipo de Biblioteca, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo TICs. Ademais, o centro conta cun Equipo de Voz Natura. A Comisión de Coordinación Pedagóxica coordina o funcionamento de todos os equipos docentes.

Para a valoración das necesidades tense en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a avaliación inicial do profesorado docente, as valoracións das profesoras especialistas de PT e AL, así como das entrevistas coas familias.

Detéctanse diferentes necesidades de atención, de mellora do comportamento e da conduta, de autonomía e autoconhecimento, de reforzo educativo nas áreas instrumentais, da fala e da linguaxe, de apoio ós mestres na aula, de potenciación da lingua galega, de atención personalizada, de maior número de recursos humanos para a atención ó alumnado, habilidades sociais e resolución de conflitos, entre outras.

- Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recursos existentes no centro

TIPO	MEDIDAS (ORDE DE 8 DE SETEMBRO DE 2021)	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN
ORD.	Art.43. Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado. a) A elaboración dos horarios do alumnado. b) A asignación de titorías. c) O agrupamento do alumnado. d) A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos	Equipo Directivo	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD.	Art 44. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno	Equipo Docente	Todo o Alumnado	Todo o curso
ORD.	Art.45. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	Equipo Docente	Alumnado NEAE	Todo o curso
ORD.	Art. 46. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación	Equipo Docente	Alumnado NEAE	O tempo necesario
ORD.	Art.47. Aulas de atención educativa e convivencia	Equipo Docente e profesorado de garda	Alumnado con conduta inadecuada	A sesión lectiva en que se produza a conduta inadecuada
ORD.	Art.48. Reforzo educativo	Equipo Docente	Alumnado NEAE	Todo o curso
ORD.	Art.48. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	Equipo Docente	Alumnado NEAE	Todo o curso
ORD.	Art.49. Programas de enriquecemento curricular	Equipo Docente co asesoramento do DO e EOE	Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais	Todo o curso
ORD.	Art.50. Plan específico de reforzo para o	Equipo Docente e	Alumnado que	Todo o curso

	alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso	Profesorado titor	permaneza un ano máis no mesmo curso	
ORD.	Artigo 53. Programas de habilidades e competencias sociais	Departamento de Orientación e Equipo Docente	Todo o alumnado	O que se estime necesario
EXT.	Art.55. Adaptacións Curriculares	Equipo Docente e DO	Alumnado NEE	1 ciclo ou curso
EXT.	Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe	Profesorado de PE e AL	Alumnado NEE	O tempo que sexa necesario
EXT.	Artigo 58. Flexibilización da duración do período de escolarización	XEFATURA TERRITORIAL	Alumnado con AACC ou NEE	1 CURSO

- Concreción do cronograma de actuación e calendario de reunións mensuais de seguimento de alumnado

Faranse reunións mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación onde os coordinadores dos ciclos comentarán as medidas tomadas e avaliaranse os resultados, adaptando as medidas ós cambios que se consideren oportunos. Estas reunións informativas realizaranse nas tardes dos 2º martes do mes.

O equipo de Orientación (PT, AL e Xefa do DO) manterán reunións cando sexa preciso e, como mínimo, unha vez á semana.

Manteranse diversas reunións co IES A SANGRIÑA para intercambiar información, materiais, ideas e tamén para colaborar no programa de acollida ó alumnado que vai para a ESO, informar sobre ese alumnado e, en resumo, facilitar na medida do posible, ó alumnado e ás familias, o cambio de etapa.

Coas familias, ademais de todas as reunións puntuais que sexan precisas ou que eles soliciten, manterase sempre unha reunión para solicitar autorización e/ou recibir información.

- Profesorado responsable do alumnado con NEAE e Horas de coordinación entre o profesorado titor e PT / AL

A Xefa do Departamento de Orientación é Antía Ramos Louzán, que, tendo como centro base o CEIP Manuel Rodríguez Sinde, comparte horario co CEIP As Solanas-Nicolás Gutiérrez Campo, acudindo martes, mércores e venres ó centro base (Sinde) e luns e xoves ó centro de Solanas.

Os mestres especialistas de apoio son:

- Mestra de pedagogía terapéutica: Marcolina Núñez Franco.
- Mestra de pedagogía terapéutica: Nerea Costas Pereira, especialista de Atención Preferente.
- Mestra de audición e linguaxe: Ester Pérez Martínez, especialista de Atención Preferente.

O profesorado responsable do alumnado con NEAE contarán con 1 sesión de coordinación en horario lectivo, que será o martes a 4ª sesión (de 12.30h. a 13.15h.) así como aquelas que sexan necesarias fóra de horario lectivo, en función das necesidades que se atopen.

W.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O obxectivo central do noso Colexio debe ser o de manter un ambiente de convivencia que facilite o desenvolvemento de actitudes positivas. O Plan de Convivencia que está vixente foi aprobado polo C.E. en xuño do ano 2016. O seguimento da convivencia no centro é seguido pola Comisión de Convivencia constituída no seo do C.E. e que cuxos compoñentes son os seguintes:

Presidente: Javier Constenla Ribadeo

Vicepresidenta: Marcolina Núñez Franco

Orientadora: M^a Begoña Alonso Alonso

Representantes dos pais/nais: pendente de establecer.

Encargado de iniciativas e programas de coeducación: Luis Eduardo Castro Rodríguez

Representantes do profesorado:

Representante de administración e servizos: M^a Teresa Pérez Cadilla

Medidas que se adoptan para favorecer a convivencia e a consecución dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia:

- Realización dunha reunión informativa para o alumnado e familias de nova incorporación ao Centro en Educación Infantil de 3 anos.
- Desenvolvemento de explicacións acerca do funcionamento do Centro durante o proceso de admisión, durante a matriculación e nas transicións de etapa.
- Realización de entrevistas individuais ás familias ao inicio da súa escolarización e revisión do expediente persoal de cada alumno/a, para un previo coñecemento da súa realidade.
- Información, ao alumnado a ás familias, ao comezo do curso sobre a vida no Centro, especialmente dos principais aspectos que figuran no NOFC e na Programación Xeral Anual.
- Establecemento dun horario semanal de atención individual ás familias.
- Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos cursos a través dos acordos alcanzados nas xuntanzas de Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro, comisión para a Convivencia e Consello Escolar.
- Control da puntualidade e das faltas de asistencia, informando puntualmente á Xefatura de estudos, á Dirección e á familia.
- Información ao Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e Dirección sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
- Colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel, especialmente nas medidas de atención á diversidade.
- Actividades que xa eran habituais no centro para o fomento da socialización do alumnado a través da realización de actividades conxuntas: festas populares como o Magosto ou o Entroido, festivais como o de Nadal, ou o das Letras Galegas, saídas, visitas ...
- Actividades de convivencia conxunta (alumnado, profesorado e familias) co obxectivo de achegar as familias á vida escolar dos seus fillos/as: elaboración de cabazas polo Samaín, colaboración para a realización de determinadas actividades escolares como a exposición de fotografía, asistencia das familias (pais/nais, avós...) aos festivais e festas tradicionais...

-Traballo sobre os eixes transversais dende a organización de actividades específicas para abordar a educación para a paz, a coeducación...

-Asesoramento ás familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e fillas. Propiciar dende o Centro a celebración de charlas, conferencias, etc. sobre a infancia, a adolescencia, a educación... mesmamente colaborando con outras institucións.

-Incorporación da convivencia aos aspectos que se contemplan nas sesións de avaliación dos distintos grupos de clase. Recollida dun informe que será levado á comisión de convivencia trimestralmente.

-Incorporación de partes nas aulas onde se recollerán as incidencias ocorridas no centro e que dificulten a convivencia.

Participación en Convíve-T:

1. Continuar co uso da figura da alumna ou do alumno mediador na aula.
2. Irmandade con outro ou outros centros pertencentes a concellos españois co mesmo (ou similar) nome ca o noso e coñecemento da súa tradición e costumes.
3. Acompañamentos lectores entre alumnado de distintos grupos e obradoiros interclase de infantil.
4. Celebracións de festas e festivais abertos a toda a comunidade educativa e celebración da diversidade cultural con degustación de produtos culinarios doutras culturas.
5. Participación nas actividades que propoña o San Xerome, Centro de Educación Especial do noso Concello

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Despois de ser proposta como unha medida de mellora en cursos anteriores manteremos a aula de convivencia inclusiva. O regulamento desta aula foi aprobado polo Consello escolar en outubro do 2017, e queda recollida no Plan de Convivencia existente no centro.

Neste novo curso académico 2023-2024 creouse dentro dos equipos de coordinación pedagóxica o Equipo de benestar e convivencia segundo a Orde do 23 de agosto do 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Este equipo estará en constante coordinación coa Comisión de Convivencia e velará polo cumprimento das actividades, anteriormente mencionadas, así como participará na organización das mesmas. As súas compoñentes son as seguintes:

- Ester Pérez Martínez (coordinadora).
- Marcolina Nuñez Franco.
- Nerea Costas Pereira

Por último concretar que este equipo de convivencia e benestar favorecerá a creación dun clima de convivencia positiva, tolerancia, respecto e empatía en toda a comunidade educativa. Para iso levarase en primeira instancia unha valoración xeral inicial da convivencia no noso centro para partir das necesidades detectadas e intervir sobre elas.

X. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Establecéronse plans de reforzo e recuperación para o alumnado que non promocionou de curso ou que non logrou acadar os mínimos dalgunha materia.

Y. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓN EXTERNAS.

Estamos á espera de que se concrete o desenvolvemento das avaliacións de diagnóstico recollidas na LOMLOE.

Esta Programación Xeral para o curso académico 2023/2024 foi aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Manuel Rodríguez Sinde de A Guarda.

A Guarda, a 3 de outubro de 2023

O director

Javier Constenla Ribadeo